		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.		X		Comprende algúns aspectos xerais de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. The Garden Party (unit 5) The Curious Case of Benjamin Button (unit 5)	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Proba obxectiva.
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción	**B 4.1** **B 4.2** **B 4.3** **B 4.4** **B 4.5** **B 4.6** **B 4.7** **B 4.8**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC	▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	X	X	X	Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares de maneira sinxela. Cal é a tua actividade de lecer preferida (starter unit) Describir o teu mellor amigo (unit 1) Describir a última vez que fuches de compras (unit 2) Escribir sobre unha costume tradicional (unit 3) Informe guiado sobre a música en directo (unit 6) Pronóstico (unit 7) Informe sobre un animal (unit8)	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Proba obxectiva. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Proba obxectiva. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.		X		Escribe notas, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora). Comentario sobre un deportista que admiro (unit 4) Anuncio para un club (unit 5)	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Proba obxectiva. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou	X	X	X	Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos sinxelos; narra de forma lineal e sinxela feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante) Email a un amigo sobre un feito que foi importante na tua vida (unit 1)	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Proba obxectiva. Rúbrica para a expresión escrita.

			unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.				Foro de como os anuncios inflúen no que compras (unit 2) Blog sobre o que podes facer para ter mais enerxía (unit 3) Blog sobre o lecer (unit 4) Crítica dunh restaurante (unit 8)	
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CD	▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).		X	X	Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación). Completar e engadir duas preguntas a un cuestionario sobre comportamento (unit 5) Cuestionario sobre hábitos musicais (unit 6)	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.			X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC	▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula.
		▪ CCL ▪ CAA	▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Rúbrica para a expresión escrita.
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural	**B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Rúbrica para a expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades de aula. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais	X		X	Desenvólvese de unha forma sinxela en situacións que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, saúde e lecer).	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Proba específica. INSTRUMENTOS: Role plays. Proba aberta. Cotexo. Escala de

			(transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.				Díalogo compras (starter unit) Alugar unha casa (unit 2) Solicitar información sobre o lecer en Milton (unit 7) Restaurantes (unit 8)	estimación de actividades da aula. Rúbrica para a expresión oral. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X		X	Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta. Parques naturais nos EEUU (unit 1) As vivendas no Reino Unido (unit 2) Bailes tradicionais en países africanos de fala inglesa (unit 3) Cricket (unit 7)	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades da aula.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.	X	X	X	Comprende frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. Sporting moments (starter unit) Aprobación (unit 1) Decepción (unit 2) Interese (unit 3)) Estar de acordo ou non (unit 4) Suxerir (unit 5) Puntos de vista (unit 6) Contrastar (unit 7) Frases feitas con have e take (unit 8)	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Cotexo. Escala de estimación de actividades da aula. Rúbrica para a expresión oral. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.	X	X	X	Comprende e utiliza un léxico variado Axudar aos demais (unit 1) Os cartos (unit 2) A enerxía (unit 3 Dores (unit 4) Tecnoloxía e a cortesía (unit 5) Diversión (unit 6) Viaxar e o tempo (unit 7) Adxetivos (unit8)	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Cotexo. Escala de estimación de actividades da aula. Rúbrica para a expresión oral. Rúbrica para a expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	TODO	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cotexo. Escala de estimación de actividades da aula.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Cada unidade didáctica permitirá distribuír proporcionalmente os tempos da clase nas catro destrezas, ler, escribir, escoitar e falar. Por iso incluirán dous bloques de vocabulario relacionado co tema central. A presentación das estruturas serán nun contexto escrito ou gravado. As táboas e os exemplos vanlles permitir a reflexión e a análise e así desenvolver a aprendizaxe autónoma, metodoloxía indutiva. Os textos para a comprensión escrita e oral estarán coidadosamente graduados e reforzados con actividades. Os *listening comprehension* van permitir ademais mellorar a pronunciación. A partir deles faranse os intercambios orais.

- A utilización dos diversos espazos dentro e fóra da aula, realizarase en función da natureza das actividades que se acometan: dramatizacións, traballos en pequeno grupo, audicións, etc. Así pois na clase, disporase o espazo en forma diversa segundo a actividade e empregaranse as novas tecnoloxías xa que as aulas dispoñen de pizarras dixitais. Ademais, os grupos de primeiro se integrarán no programa E-Dixgal, de maneira que tódolos alumnos disporán dun ordenador que conterá os libros/material dixital de cada materia. Fóra da aula utilizaranse o salón de actos. Todo isto sempre e cando a situación sanitaria o permita.

En caso de confinamento, as clases continuarán vía telemática. Para as clases online, usaremos Google Classroom, Google Meet, e Microsoft Teams, pois está asociada á plataforma educativa que usamos habitualmente, Educamos.

Xa que hai alumnos que aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes a materia está programada para ser utilizada con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron.

Os sistemas de agrupamento que se levarán a cabo serán flexibles e axeitados ao tipo de actividade e destreza que se pretende desenvolver incluíndo o grupo, o traballo individual e o pequeno grupo. Na formación deles se seguirán os seguintes criterios:

- Facilitadores da aprendizaxe.
- Heteroxéneos.
- Favorecedores de principios tales como a igualdade e a convivencia.
- Favorecedores da aprendizaxe cooperativa.
- Fomento da negociación e o consenso.

O alumnado demanda exercer a súa capacidade de actuar. É necesario proporcionarlle unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O/A alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención da profesora. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o/a alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Tense en conta ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Polas características propias da materia e a súa base metodolóxica farase necesaria a utilización de recursos como:

- Libro dixital (student's E-book) e caderno de actividades en papel e dixital (workbook) da editorial Macmillan Education: Influence Today. (en 2º)
- Libro do alumno e caderno de actividades en papel e dixital (Student's book and Workbook) da editorial Oxford: Mosaic. (en 4º)
- Libro dixital do profesor e ordenadores de E-Dixgal dos alumnos
- Pizarra dixital interactiva.
- Material complementario do mestre fotocopiable (Teacher's Resource Book).
- Fichas de recuperación para alumnos coa materia pendente.
- Aplicación Macmillan Education Everywhere e Student app.
- Acceso dos alumnos a Oxford Online Learning Zone, sitio web con actividades relacionadas coa vida dos rapaces e a cultura británica no que se reforza o traballado no libro de texto. (4º ESO)
- Libros de lectura adaptados.
- Cancións e vídeos actuais para reforzar o traballado.
- Emprego das novas tecnoloxías e apps (por exemplo Google Classroom, Kahoot, Flipgrid, Write & Improve...).

Ademais do profesor asignado para impartir a materia contarase cun auxiliar de conversa.
A súa función será reforzar as destrezas orais do alumnado tanto na comprensión oral como na expresión. Isto verase completado coa ensinanza dos aspectos da cultura do país de procedencia do auxiliar.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1.- Criterios de cualificación trimestral

Ao longo do curso faranse varias probas escritas e tamén orais para poder valorar o grao de consecución dos competencias clave nas catro destrezas.

No segundo trimestre terán unha lectura de carácter obrigatorio avaliable por medio dunha proba escrita.

Ademais teñen á súa disposición unha seleción de libros adaptados ao seu nivel que poderán ler de forma voluntaria, coa conseguinte obtención dun positivo (+ 0'5 na nota final do trimestre) sempre e cando entreguen o traballo correspondente.

2º ESO

CONTEXTOS	**CCL**	**CSC**	**CAA**	**CCEC**	**CD**
Listening (comprensión oral)	15%		25%	25%	10%
Speaking (expresión oral)	20%	40%	25%	25%	50%
Reading, Use of English & Writing (comprensión escrita, gramática e léxico, expresión escrita)	50%	20%	25%	25%	
Classwork (tarefas de clase e participación)	15%	40%	25%	25%	40%

Peso de cada competencia	**75%**	**5%**	**10%**	**5%**	**5%**

4º ESO

CONTEXTOS	**CCL**	**CSC**	**CAA**	**CCEC**	**CD**
Listening (comprensión oral)	20%		20%	20%	10%
Speaking (expresión oral)	20%	35%	20%	20%	20%
Reading and Use of English (comprensión escrita, gramática e léxico)	20%	10%	20%	20%	10%
Writing (expresión escrita)	20%	20%	20%	20%	10%
Classwork (tarefas de clase e participación)	20%	35%	20%	20%	50%

Peso de cada competencia	**75%**	**5%**	**10%**	**5%**	**5%**

AVALIACIÓN PARCIAL

O cálculo das notas trimestrais require a avaliación das competencias clave con diferentes instrumentos. Obtidas as cualificacións, calcúlase a súa media ponderada segundo os perfís competencias trimestrais da materia dos diferentes cursos da ESO.

AVALIACIÓN FINAL

Sendo a avaliación continua, os alumnos que acaden unha puntuación superior ou igual a 5 na terceira avaliación parcial terán a mesma cualificación final.

En caso de que algún alumno ou alumna queira mellorar a cualificación parcial poderá realizar actividades ou probas referidas ao contexto de aplicación. Neste caso a cualificación final realizarase coa media ponderada da terceira avaliación parcial tendo en conta o novo resultado sempre que sexa superior ao obtido no curso.

Os alumnos que non acaden unha nota superior ou igual a 5 na terceira avaliación parcial deberán realizar actividades ou probas específicas que avalíen os contextos de aplicación non superados e serán avaliados igualmente segundo as porcentaxes dos contextos e competencias de arriba. Para acadar o aprobado, o alumno ou alumna deberá obter unha nota mínima de 5 sobre 10. A cualificación final realizarase coa media ponderada da terceira avaliación parcial tendo en conta o novo resultado.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto no Artigo 8 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.

Na seguinte táboa detállanse os contextos nos que son avaliadas as diferentes competencias.

	CONTEXTOS DE APLICACIÓN
Listening (comprensión oral)	Proba escrita, preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas
Speaking (expresión oral)	Exposición oral, conversación, descrición dunha imaxe, diálogos, expresar criterios e opinións
Reading and Use of English (comprensión escrita, gramática e léxico)	Proba escrita, preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas, de ordenar.
Writing (expresión escrita)	Proba escrita, búsqueda de información, tratamento e desarrollo, autoavaliación, coavaliación
Classwork (tarefas de clase e participación)	Debates, coloquios, tarefas específicas de CCBB, usar diferentes aplicacións de forma individual ou en grupo

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A posible PROMOCIÓN ou TITULACIÓN de alumnado con tres materias suspensas (sendo unha delas INGLÉS) será acordada en sesión de avaliación. En relación a esta materia o voto será positivo sempre e cando non exista abandono da materia.

7.2.- Procedementos de avaliación

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno en clase.

- Intercambios orais: preguntas en clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Realización de exercicios específicos que respondan aos diversos obxectivos programados na unidade didáctica.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados.
- Observación da actitude dos alumnos respecto á materia.
- Proba específica de avaliación da unidade didáctica.
- Autoavaliación. Expresar criterios e opinións sobre as dificultades atopadas, sobre o que lles gusta ou non, incluíndo o seu xuízo sobre os resultados.
- Coavaliación, enfocada cara á constante retroalimentación.
- Seguimento individualizado. Terase en conta o esforzo, interese e evolución de cada alumno atendendo ás capacidades propias de cada un.

CONTEXTOS	**PROCEDEMENTOS**	**INSTRUMENTOS**
Listening (comprensión oral)	Proba escrita	Proba obxectiva (preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas)
Speaking (expresión oral)	Exposición oral Conversación Descrición dunha imaxe	Rúbrica de expresión oral
Reading and Use of English (comprensión escrita, gramática e léxico)	Proba escrita	Proba obxectiva (preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas, de ordenar)
Writing (expresión escrita)	Proba escrita	Rúbrica de expresión escrita
Classwork (tarefas de clase e participación)	Análise de produción Observación	Escala de estimación de actividades de aula, lista de cotexo

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e

comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos				

derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumpran os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de abril nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- As probas recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interese a competencia dixital dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2021/2022, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tódalas unidades didácticas proporcionan unha variedade de actividades de reforzo ademais das que a mestra poida ofrecer, e non só de repaso senón tamén de ampliación para aqueles/as alumnos/as que rematen antes o seu traballo.

As medidas que se levan a cabo son:

- Ordinarias:
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.
  - Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar os obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.
  - Emprego das TIC.
  - Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexibilidade de pensamento.
  - Titoría entre iguais.
  - Aprendizaxe por proxectos.
  - Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

- Extraordinarias:
  - Adaptacións curriculares significativas.
  - Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desvantaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Como materia de lingua traballaranse principalmente a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita**, presentes en todos os EA, pero tamén:

- **Comunicación audiovisual e as TIC**, a través das lousas dixitais, actividades interactivas, os recursos na web, os vídeos interactivos e as actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia.

- **O emprendemento**. Nas actividades de expresión oral ao expresar opinións, compartir e organizar o traballo en grupo, o alumno toma a iniciativa, gaña confianza en sí mesmo e desenvolve aptitudes como a creatividade, a autonomía e o sentido crítico.

- **Educación cívica e constitucional**. A materia trabállase sempre sobre un tema nun contexto social e histórico, fomentando o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario e favorecendo a

convivencia, tolerancia, autocontrol, o diálogo e a empatía.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto ao home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Fomentarase a prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.

Potenciarase a educación e a seguridade viaria.

Os EA vinculados directamente con estes elementos transversais son os seguintes:

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- O departamento organizará a asistencia dos alumnos a obras teatrais representadas na lingua inglesa.
- O Equipo de Linguas Estranxeiras proporá unha viaxe a Londres como excursión de fin de curso para 4º ESO.
- Participación no concurso en liña **The Big Challenge**.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2020/2021 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				

10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe da lingua estranxeira se agrupan segundo as catro destrezas comunicativas, comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita, estes son traballados en todas as unidades didácticas.

2º ESO

- Starter Unit
- 1 Stories
- 2 Then and now
- 3 Goals
- 4 Spend
- 5 A better place
- 6 Experience
- 7 My stuff
- 8 Responsibility

4º ESO

- Starter unit
- 1 Making a difference
- 2 Making money
- 3 Power to the people
- 4 Live well
- 5 Community spirit
- 6 Good times
- 7 In the news
- 8 The senses

2ª LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

CURSOS: 2º e 4º DE ESO

MESTRA: MARÍA REYES ROSALES ALDAO

ÍNDICE

1.- Introdución e contextualización 2

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....3

3.- Obxectivos por curso……8

4.- Concreción dos estándares de aprendizaxe 10

5.- Concrecións metodolóxicas.....22

6.- Materiais e recursos didácticos.....23

7.- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción.....23

8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente 25

9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 26

10.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados 27

11.- Medidas de atención á diversidade.....27

12.- Concreción dos elementos transversais.....28

13.- Actividades complementarias e extraescolares 28

14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora 28

15.- Relación de unidades didácticas……..30

1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2º ESO A

Atopámonos nunha aula de 24 alumnos, dos cales dezasete son mulleres e sete son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelán.
En canto á análise dos resultados do curso anterior hai tres rapazas e catro rapaces que non acadaron os obxectivos suficientemente, dos cales un alumno é repetidor, un rapaz e dúas rapazas promocionaron por imperativo legal, un alumno promocionou cunha suspensa e un alumno e unha alumna con dúas suspensas.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: Narciso Valle Campos, José M. Rivadulla Pereira e José Blanco Barros.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Mar Castro-Rial, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz Cid.

Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado seis precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH predominio inatento), dúas rapazas con dificultades de aprendizaxe debido a problemas de razoamento lóxico-matemático e comprensión. Unha alumna con descoñecemento do idioma que se incorporou o curso 20-21 procedente de Ghana. Hai un rapaz con dificultades de aprendizaxe por lagoas de coñecemento.
Hai tres rapaces e tres rapazas exentos da segunda lingua estranxeira francés.

2º ESO B

Atopámonos nunha aula de 24 alumnos, dos cales trece son mulleres e once son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelán.
En canto á análise dos resultados do curso anterior hai catro rapazas e dous rapaces que non acadaron os obxectivos suficientemente, dos cales unha alumna e un alumno son repetidores, unha rapaza promocionou por imperativo legal con catro suspensas, un alumno promocionou cunha suspensa e o resto con dúas suspensas.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira, Mª Mar López e José Blanco Barros.
Dpto. de linguas: Mª del Carmen Fernández Villar, Begoña Diz Magariños, Ana I. González Entenza, e Mª Reyes Rosales Aldao
Dpto. artística: Mar Castro-Rial, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz Cid.

Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado seis precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: unha rapaza con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH predominio inatento), unha rapaza e un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha alumna con descoñecemento do idioma que se incorporou o curso pasado procedente de Ghana. Hai tres rapaces con trastorno do espectro autista TEA, asperger.
Hai catro rapazas exentas da segunda lingua estranxeira francés.

O grupo de **4º ESO** consta de 17 alumnos, 13 mulleres e 4 homes. Presentan certa madurez xa como alumnos de francés, o cal pode facilitar de maneira considerable o desenvolvemento das clases. En canto á análise dos resultados do curso anterior, hai dous rapaces e dúas rapazas que teñen dúas materias ou unha pendente do curso anterior.
Un alumno precisa reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención hiperactividade (TDAH), predominio inatento.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira, neste caso o francés, incide de maneira directa na adquisición das seguintes competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. Agora ben, a achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Por outra parte, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

No caso das linguas estranxeiras cómpre realizar unha avaliación continua das 4 habilidades discursivas da lingua meta. Non é necesario amosar unha vez máis os estándares que se relacionan directamente con esta competencia pois son todos.

Así para comprobar se o alumno acadou a **destreza en comunicación e comprensión oral** fixarémonos en que o alumno sexa quen de comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais axeitados ao seu nivel utilizando estratexias que favorezan a comprensión de mensaxes emitidas cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiás cando se lle fala amodo e con claridade .

Por cursos os tipos de textos son os seguintes:

- ✓ 2º de ESO: Exposicións breves e conversacións sobre temas familiares.
- ✓ 4º de ESO: textos sobre necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións.

A **destreza en comunicación e expresión oral** permitiranos saber se o alumno participa en conversacións orais de diferente grao de dificultade segundo o nivel no que se atope e se é quen de simular situacións de comunicación reais sobre temas coñecidos e xa traballados, empregando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e adecuado á intención comunicativa.

Por cursos os tipos de textos que o alumno terá que ser capaz de producir son:

- ✓ 2º de ESO: Conversas en situacións interactivas que supoñan integración da comprensión e expresión. Conversas de clase: pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo e situacións creadas polo docente: xogos, simulacións, xogos de rol, comunicación a través das TICs.

- ✓ 4º de ESO: Conversas nas que se establezan relacións, facer exposicións, narrar, argumentar describir e dar instrucións.

RÚBRICA PARA A EXPRESIÓN ORAL				
CRITERIOS	**INSUFICIENTE 1-4**	**SUFICIENTE 5-6** Grao mínimo	**NOTABLE 7-8**	**SOBRESALIENTE 9-10**
PRONUNCIACIÓN, ENTOACIÓN, FLUIDEZ E LINGUAXE NON VERBAL	Comete erros de pronunciación ou entoación que imposibilitan a comprensión. O ritmo non é axeitado e non utiliza a linguaxe non verbal.	Ainda que con algún erro de pronuncia, ritmo e/ou entoación, se comprende o que di pero non usa a linguaxe non verbal.	A súa pronunciación ritmo e entoación son os adecuados para unha boa comprensión. Utiliza a linguaxe non verbal.	A súa pronunciación, ritmo e entoación son excelentes e apoia o seu discurso cunha linguaxe non verbal acertada.
CONTIDO	A exposición ou interacción carece de contido concreto.	Expón o contido ainda que lle faltan alguns datos.	Expón o contido ainda que en ocasions sálese do tema.	Expón o contido dunha maneira completa e sen sairse do tema.
GRAMÁTICA E VOCABULARIO	Non utiliza a gramática de maneira apropiada e iso impide que se produza a comunicación. O uso do vocabulario é pobre e/ou non acorde ao tema.	O uso da gramática non é sempre o adecuado pero non impide a boa comunicación. O vocabulario é o básico.	Utiliza a gramática ainda que comete pequenos erros. O vocabulario é o apropiado para o tema.	Utiliza a gramática dunha maneira correcta sen erros e o vocabulario ten a riqueza propia do nivel.
COHERENCIA COHESIÓN	A exposición ou a interacción carece de orden e repítense ideas continuamente.	O seu discurso é coherente ainda que hai erros na orde lóxica das ideas.	O discurso é coherente con pequenos fallos na orde das ideas.	Segue a orde lóxica durante a exposición e as súas ideas están ben cohesionadas.

A **destreza en comunicación e comprensión de textos escritos** permitiranos saber se o alumno comprende a idea xeral e/ou específica, datos, opinión, argumentos, intención do autor (segundo o pida a tarefa) de textos escritos auténticos ou adaptados de extensión

variada en diferentes soportes axeitados á súa idade e nivel de competencia comunicativa con apoio, se é o caso, de elementos non textuais.

Por cursos os tipos de textos que o alumno terá que ser capaz de comprender son:

- ✓ 2º de ESO: Correspondencia, anuncios, folletos diversos, narracións, artículos de revistas xuvenís, páxinas web, letras de cancións .
- ✓ 4º de ESO: Textos literarios de divulgación "auténticos" de temas relacionados coa cultura e a sociedade e tamén textos relacionados con outras materias do currículo.

A **destreza en comunicación e expresión de textos escritos** permitiranos saber se o alumno é quen de redactar textos breves de forma guiada en diferentes soportes usando léxico e función adecuadas así como elementos básicos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas a partir de modelos e respectando regras de ortografía, puntuación e de presentación.

Por cursos os tipos de textos que o alumno terá que ser capaz de producir son:

- ✓ 2º de ESO: Descricións sobre acontecementos e actividades cotiás e familiares, narracións sobre experiencias persoais, cartas, postais, formularios e correos electrónicos de forma guiada.
- ✓ 4º de ESO: Produción de textos libres en papel ou soporte dixital como avisos, correspondencia, instrucións, descricións, relatos de experiencias ou noticias, cunha estrutura adecuada froito dunha planificación coidada na que se faga un borrados, textualización, revisión e versión final.

RÚBRICA PARA A EXPRESIÓN ESCRITA				
CRITERIOS	**INSUFICIENTE 1-4**	**SUFICIENTE 5-6** Grao mínimo	**NOTABLE 7-8**	**SOBRESALIENTE 9-10**
Planificación e presentación e contido (respecto da consigna)	Non se respetan os márxenes, limpeza nin a presentación é a adecuada o que dificulta a lectura do documento. As ideas teñen pouca ou ninguna relación directa co tema, non son claras e moitas ideas repítense.	Ás veces a limpeza noné a esixida pero a presentación cumpre os mínimos esixidos (marxen, titulo, letra lexible) para una boa lectura do documento. Ainda que as ideas repítense, ou non están moi claras, estas teñen relación directa co tema.	O documento está cuidado é limpo, con fallos pero non impide a lectura.Case todas as ideas teñen unha relación directa co tema, algunhas ideas repítense.	O documento cumpre con todo o esixido a nivel de presentación, non hai borróns, hai márxenes. As ideas teñen relación directa co tema.

CORRECCIÓN (Léxico gramática, ortografía orden de la frase, morfosintaxe)	Ten erros gramaticais, e/ou ortográficos, e o vocabulario non é o adecuado ou o confunde. Non segue as pautas para a construcción de frases o que fai que non se comprenda ben o que escribe.	Ten algún erro ortográfico ou de conxugación verbal e concordancias, pero a frase sigue un orden e enténdese o que quere dicir.	Ten poucos erros na morfosintaxe, os seus erros son máis ben ortográficos causados por homofonía . Pode ter algún erro de diferente índole pero o texto enténdese perfectamente.	O texto é correcto a nivel gramatical tanto no tocante ao léxico, que é o apropiado,como a orde da frase, conxugación verbal e concordancia entre elementos da frase
CONSTRUCCIÓN e ORGANIZACIÓN do texto (cohesión e coherencia)	As ideas non se presentan nunha orde lóxica. Non ten coherencia e a transición entre parágrafos é pobre. Os parágrafos non seguen unha orde que reforce o contido. Son frecuentes os fragmentos ou frases incompletas. Ten moitos erros de puntuación, non usa elementos de cohesión e non sempre o vocabulario é o apropiado, o que fai que o texto sexa incoherente.	As ideas presentan unha orde lóxica, teñen coherencia pero a transición das ideas entre os parágrafos non é a correcta. Pode ter algún erro na estructura das oracións, na puntuación ou no uso dos conectores, pero iso non dificulta a boa comprensión das ideas que vehicula o texto.	As ideas teñen unha orde lóxica , teñen coherencia e a transición das ideas é fluida. A orde dos parágrafos reforza o contido. A sintaxe é bastante correcta ainda que pode ter algún erro no tipo de conector ou de puntuación.	As ideas presentan unha orde lóxica, teñen coherencia e a transición das ideas é fluida.Os parágrafos están ben secuenciados. Utiliza os elementos de cohesión como os conectores o que fai que a sintaxe sexa a correcta.
CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE	O texto é anodino sen ningún interese e sen aportar ningunha idea orixinal.	O texto é correcto pero nin rechamante nin orixinal, ainda que ás veces teña algunha idea rechamante.	O texto é rechamante e orixinal ainda que ás veces demasiado sinxelo e fai que se perda interese.	O texto é rechamante e desprende creatividade, é moi orixinal nas ideas que expón.

2. Tratamento da información e competencia dixital

As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con mozos doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e o seu uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

3. Competencia social e cidadá

Francés como segunda lingua é un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e a través destas interaccións apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

4. Competencia cultural e artística

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Igualmente, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, transmitir en lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

5. Competencia para aprender a aprender

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe pois de xeito esencial ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar como aprende mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe que xa se iniciou en Educación Primaria pero que debe adquirir nesta etapa un grao maior de sistematización. O desenvolvemento de estratexias diversas para aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

6. Autonomía e iniciativa persoal

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

3.- OBXECTIVOS POR CURSO

SEGUNDO CURSO

1. Captar o sentido global da información de mensaxes orais breves en lingua francesa, en situacións próximas á realidade do alumno, mediante o uso de diversas estratexias de comunicación, transferindo a información adquirida a diversas actividades de aula.
2. Expresarse oralmente, de forma sinxela e adecuada, en intercambios comunicativos na aula respetando os turnos de palabra e tomando a iniciativa para propoñer temas.
3. Ler de forma comprensiva textos breves e sinxelos en lingua francesa, seleccionando os aspectos relevantes á tarea encomendada.
4. Expresar por escrito mensaxes sinxelas de carácter funcional.
5. Reproducir, oralmente e por escrito, os modelos propostos aprendendo a utilizar estratexias de recoñecemento e identificación.
6. Percibir e reproducir de maneira progresivamente autónoma os elementos de pronuncia, entoación y ritmo da lingua.
7. Identificar e utilizar de manera autónoma recursos didácticos materiales (diccionarios, libros de consulta, multimedia) apropiados para resolver diferentes situaciones comunicativas e de aprendizaxe.
8. Determinar a información relevante en diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) e os mecanismos lingüísticos básicos que os posibilitan.
9. Participar en tarefas de grupo respectando as opinións e producións dos demais compañeros.
10. Descubrir na contorna diferentes fontes de información da cultura francesa (prensa, radio, TV, cine, institucións, etc.).
11. Determinar semellanzas e diferenzas entre a cultura francesa e a propia e valoralas.
12. Identificar os contidos máis significativos estudados (habilidades, coñecementos, actitudes) utilizándoos nas novas producción.

CUARTO CURSO

1. Comprender correctamente a información esencial e ideas secundarias de mensaxes orais e escritas na lingua francesa, en situacións da contorna do alumno ou alleas a este.
2. Identificar a estrutura formal de expresión en textos orais e escritos diversos: textos narrativos, descriptivos, argumentativos, divulgativos, publicitarios, etc.
3. Expresarse oralmente de manera sinxela e axeitada reutilizando informacións adquiridas de diversas fontes e usando estratexias comunicativas que faciliten unha interacción fluida.
4. Ler comprensivamente textos sinxelos na lingua francesa captando os elementos esenciais de contido e algúns elementos secundarios relevantes á tarefa.
5. Expresar por escrito mensaxes sinxelos, seguindo pautas formais e compositivas similares ás dos documentos auténticos, que faciliten a adquisición de regras e que se axeiten á intención comunicativa e ao destinatario.
6. Reproducir oralmente e por escrito os modelos propostos utilizando autónomamente elementos lingüísticos adquiridos mediante diferentes destrezas.
7. Identificar semellanzas e diferenzas entre a cultura francesa e outras coñecidas polo alumno respecto á comunicación interpersoal e á percepción e organización do mundo.

8. Utilizar os coñecementos e destrezas adquiridos na lingua propia e na primeira lingua estranxeira como recursos para desenvover a autonomía e facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
9. Extraer información de recursos didácticos materiais (diccionarios, libros de consulta, revistas, páxinas webs, materiais multimedia) axeitados para resolver diferentes necesidades comunicativas.
10. Evaluar os erros, propios ou alleos, no uso da lingua, como estratexia para avanzar na autonomía, enriquecer e facilitar a aprendizaxe da lingua francesa.
11. Valorar e integrar a vida e cultura do mundo francófono e asimilar as súas formas de expresión e comportamiento.
12. Utilizar a lectura como ferramenta no proceso de autoformación crítica, adquirindo modelos expresivos que aumenten a capacidade xeral de comunicación.
13. Adquirir hábitos de acercamento á lingua francesa no tempo de ocio (cine, TV, revistas, cómics, cancións, etc.).

4.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalizacion			Grao mínimo de Consecución do estándar	Instrumentos de avaliación
				T1	T2	T3		
Bloque 1. **Comprensión de textos orais** ▪ **B 1.1** ▪ **B 1.2** ▪ **B 1.3** ▪ **B 1.4**	▪ **B 1.1** ▪ **B 1.2** ▪ **B 1.3** ▪ **B 1.4**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	X	X	X	Comprende preguntas moi básicas formuladas lentamente.	- Observación na aula. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	X	X	X	Comprende expresións habituais sobre temas coñecidos.	- Observación na aula. (10%) - Proba de comprensión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	X	X	X	Capta a información esencial de textos orais propios do nivel sobre temas coñecidos. -Comprende a maior parte dun relato corto, identificando ás personaxes, o principio e o final. -Comprende a maior parte dunha conversa na que outros xóvenes falan do traballo que lles gustaría desempeñar no futuro.	- Observación na aula. (10%) - Proba de comprensión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	X	X	X	Comprende o contido esencial de conversas moi sinxelas sobre temas coñecidos.	- Observación na aula. (20%) - Proba de expresión oral. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
Bloque 2. **Produción de textos orais** ▪ **B 2.1** ▪ **B 2.2**	▪ **B 2.1** ▪ **B 2.2** ▪ **B 2.3** ▪ **B 2.4**	▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda	X	X	X	Esfórzase por usar a lingua estranxeira nas actividades de aula.	- Observación na aula. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo.

▪ **B 2.3**			que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.					
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	Usa as formas de cortesía máis habituais e responde a preguntas sinxelas sobre si mesmo e actividades cotiás.	- Observación na aula. (10%) - Proba de expresión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	Comunícase adecuadamente en situacións moi habituais nas que intercambia información básica.	- Observación na aula. (10%) - Proba de expresión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos/das alumnos/as. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo. Rúbrica expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	X	X	X	Participa en conversas breves e moi básicas sobre preferencias no uso das tecnoloxías da comunicación (internet, teléfono móvil…) e expresa a súa opinión. -Falar do pasado. -Comparar o pasado co presente. -A súa opinión sobre o final dunha historia. -Posibles finais para un cómic. -A profesión á que se quere adicar no futuro.	- Proba de expresión oral. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	X	X	X	-Relata experiencias vitais. -Evoca recordos do pasado. -Posiciónase a favor ou en contra de algo. -Fai predicción de futuro. -Propón iniciativas para facer a vida cotiá máis fácil.	- Proba de expresión oral. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

Bloque 3. **Comprensión de textos escritos** ▪ **B 3.1** ▪ **B 3.2**	▪ **B 3.1** ▪ **B 3.2** ▪ **B 3.3** ▪ **B 3.4**	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE	▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	X	X	X	-As tecnoloxías da comunicación. -A vida dun heroe anónimo e dunha rapeira. -Recordos do pasado. -Pequenas biografías de personaxes históricas. -Relatos de suspense con distintos finais. -A agricultura urbana: granxas verticais. -Vivir noutro planeta.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas.(80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	X	X	X	Comprende instrucións básicas.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	X	X	X	Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve: -Foros sobre as preferencias no uso das tecnoloxías da comunicación. -Comprensión dunha postal antiga.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas.(80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	X	X	X	Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como: -Os perigos de internet. -Mensaxes publicitarias en varios formatos. -Foro sobre unha vida imaxinaria dentro de 20 anos. -Artigo de revista: cidades intelixentes.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas.(80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
Bloque 4. **Produción de textos escritos** ▪ **B 4.1**	▪ **B 4.1** ▪ **B 4.2** ▪ **B 4.3** ▪ **B 4.4**	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	X	X	X	Escribe textos moi sinxelos a partir dun modelo sobre experiencias vitais propias e alleas. Escribe sobre recordos do pasado, comparando o que se facía antes co que se fai agora. Escribe o principio dunha historia de misterio. Escribe sobre o seu futuro traballo.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. Análise das producións dos/das alumnos/as. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	X	X	X	Expresa preferencias e da opinións. Responde a un test sobre a influencia da publicidade nun mesmo. Responde a un test sobre a vida no século XXII.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	X	X	X	Escribe mensaxes moi sinxelas: Participa en foros de internet expresando as súas preferencias e dando a súa opinión. Escribe unha felicitación de aniversario a un compañeiro. Imaxina un final distinto para un cómic.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. Análise das producións dos/das alumnos/as. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	X		X	Escribe cartas moi sinxelas a partir dun modelo: Propón solucións nun foro.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. Análise das producións dos/das alumnos/as. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica de expresión escrita.
Bloque 5: **Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe** ▪ **B 5.1** ▪ **B 5.2** ▪ **B 5.3** ▪ **B 5.4** ▪ **B 5.5**	▪ **B 5.1** ▪ **B 5.2** ▪ **B 5.3** ▪ **B 5.4** ▪ **B 5.5** ▪ **B 5.6**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	-Os sons [i] e [e/Ɛ] -As nasais (1) [ã] e [õ] -Pronunciar (ou non) as consoantes finais. -As nasais (2): [ã] e [œ̃/Ɛ̃]	- Observación na aula. ((20%) - Probas orais. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	X	X	X	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito: -O uso de « vous » -O agradecemento -As excusas -As fórmulas rituais: aniversarios, felicitacións…	- Observación na aula. (50%) - Probas escritas e orais. (50%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbricas de expresión oral e escrita.
		▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	Válese das linguas que coñece para intentar comprender mellor a lingua estranxeira.	- Observación na aula. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo.
		▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB5.4. . Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.			X		▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

		▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	X	X	X	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. -A alternativa: *ou* -Os principais pronomes interrogativos (revisión) -*Avec* e *sans* -Os pronomes indefinidos: *tout(e)s, certain(e)s, quelques, aucun(e)* -*Même* e *sauf* -Presente de indicativo e futuro próximo (revisión) -*Savoir* e *connaître* -Dar a opinión -A preferencia -O *passé composé* -*Commencer à, continuer à, décider de, arrêter de* -Os adverbios de tempo: *déjà, encore, toujours, jamais* -*Non ? Si* -*Tout, quelque chose, rien* -O imperfecto -Os comparativos -*Ne… pas encore / ne… plus* -*Croire que* e *croire à* -Os demostrativos (1): *ce, cet, cette* -A pertenencia: *de, à* -Os demostrativos (2): *celui-ci, celui-là*, etc. -*Aussi* y *en plus* -Os pronomes de CD -*Partout* y *nulle part* -*Ça* + verbo conxugado -*Avoir* + nome -O superlativo -*Pour* e *contre* -*Être obligé/Être libre de* -*Trop, assez, pas assez* -Ganas e necesidade, obligación e liberdade. -O uso do imperfecto e do *passé composé* -*Venir de* / *Être en train de* + infinitivo -A organización do relato: *d'abord, ensuite, pendant ce temps, enfin* -Os pronomes de CI -*Se passer/arriver* -o lugar dos pronomes complemento -O sufixo *re-* -O futuro simple -*Plein (de), peut-être, je ne sais pas, aucune idée* -A conxunción *ni* -Os pronomes posesivos: *le mien, la mienne*, etc. -*Être capable de* -*Si* + presente + futuro	- Observación na aula. (10%) - Probas escritas e orais. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

							-Tout le monde, personne *-Ici, là, là-bas*	

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 4º DE ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de Consecución do estándar	Instrumentos de avaliación
				T1	T2	T3		
Bloque 1. **Comprensión de textos orais** ▪ **B 1.1** ▪ **B 1.2** ▪ **B 1.3**	▪ **B 1.1** ▪ **B 1.2** ▪ **B 1.3** ▪ **B 1.4** ▪ **B 1.5**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	X	X	X	Esfórzase por comprender o que escoita.	- Observación na aula. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	X	X	X	Comprende a información relevante do que escoita.	- Observación na aula. (10%) - Proba de comprensión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	X	X	X	Comprende cando se lle pregunta sobre datos persoais, horarios, prezos, intereses e gustos.	- Observación na aula. (10%) - Proba de comprensión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	X	X	X	Comprende o esencial en xestións cotiás.	- Observación na aula. (20%) - Proba de comprensión oral. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando	X	X	X	Comprende o que se lle di nunha conversa informal sobre temas coñecidos.	- Observación na aula. (20%) - Proba de expresión oral. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

			se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.					
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	X	X	X	Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade. -Unha entrevista a unha moza que conta a historia da súa familia. -Unha conversa entre profesores sobre a linguaxe SMS. -Unha entrevista na rúa sobre o uso do francés coloquial ou familiar. -Programa de radio sobre os xóvenes e a súa familia. -Unha conversa entre amigos sobre recordos da época escolar. -Distintas opinións sobre os chats en internet. -Entrevista sobre os “talent shows”. -Testimonio radiofónico dunha experiencia de voluntariado.	- Observación na aula. (20%) - Proba de comprensión oral. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
Bloque 2. **Produción de textos orais** ▪ **B 2.1** ▪ **B 2.2** ▪ **B 2.3**	▪ **B 2.1** ▪ **B 2.2** ▪ **B 2.3** ▪ **B 2.4** ▪ **B 2.5**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.		X		Confección dun CV imaxinario e posterior presentación oral.	- Proba de expresión oral. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	X	X	X	Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, sobre: -Expresión da opinión a propósito dunha discriminación laboral. -Explicación sobre o uso da lingua oral no propio país. -Expresión de recordos da escola. -Expresión da propia visión do futuro persoal e da familia. -O que estou disposto a facer polos amigos. -As relación de amizade entre rapaces e rapazas. -Os grandes problemas mundiais.	- Observación na aula. (10%) - Proba de expresión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.

		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	X	X	X	Interactúa adecuadamente en xestións cotiás, repetindo cando non se lle entende á primeira.	- Observación na aula. (10%) - Proba de expresión oral. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	X	X	X	Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos: -Debate sobre a discriminación positiva. -Debate sobre a maioría de idade.	- Proba de expresión oral. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral.
Bloque 3. **Comprensión de textos escritos** ▪ **B 3.1** ▪ **B 3.2**	▪ **B 3.1** ▪ **B 3.2** ▪ **B 3.3** ▪ **B 3.4**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe	X	X	X	Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos. -Un extracto da historia dunha rapaza con doble cultura.. -A biografía dun rapeiro. -As condicións do traballo. -O sistema educativo francés. -A identidade dixital. -Ser famoso. -Os grandes problemas mundiais.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas.(80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	X	X	X	Comprende instrucións básicas.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	X	X	X	Comprende cartas persoais sinxelas sobre temas coñecidos.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas.(80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).		X	X	Unha carta aberta sobre a telebasura.	▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	X	X	X	Entende información específica esencial en páxinas web sobre temas relativos a asuntos do seu interese. -Foro sobre a discriminación no traballo. -Texto sobre o uso do teléfono móvil entre os adolescentes. -Distintas formas de atopar o amor. -Profesións insólitas. -A importancia da amizade na vida dos xóvenes. -Foro sobre testimonios sobre o amor. -Primeiros amores. -Proxectos solidarios.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
Bloque 4. **Produción de textos escritos** ▪ **B 4.1**	▪ **B 4.1** ▪ **B 4.2** ▪ **B 4.3** ▪ **B 4.4** ▪ **B 4.5**	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	X	X	X	Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social, na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións. -Redacción de consellos para un amigo que vai vivir ao estranxeiro. -Reproduce unha historia que lle contaron. -Carta a unha revista opinando sobre unha ONG. -Resposta a unha carta aberta sobre a telebasura.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).		X	X	-Cuestionario sobre os conflictos interxeneracionais.	▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	X	X	X	-Redacta un resumo dos argumentos dun debate. -Reescribe un texto transformando o rexistro familiar en estándar. -Opinar e aconsellar nun foro sobre relacións familiares.	- Observación na aula. (20%) - Probas escritas. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión escrita.

		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.			X	Escribe cartas formais breves respectando as convencións sociais.	▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión escrita.
Bloque 5: **Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe** ▪ **B 5.1** ▪ **B 5.2** ▪ **B 5.3** ▪ **B 5.4** ▪ **B 5.5** ▪ **B 5.6** ▪ **B 5.7**	▪ **B 5.1** ▪ **B 5.2** ▪ **B 5.3** ▪ **B 5.4** ▪ **B 5.5** ▪ **B 5.6**	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	Esfórzase por pronunciar correctamente os sons propios da lingua estranxeira.	- Observación na aula. ((20%) - Probas orais. (80%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	X	X	X	Usa as convencións orais básicas amosando respecto polas diferenzas.	- Observación na aula. (50%) - Probas escritas e orais. (50%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta. Rúbrica expresión oral/escrita.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas	X	X	X	Válese das linguas que coñece para intentar comprender mellor a lingua estranxeira.	- Observación na aula. (100%) ▪ PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. ▪ INSTRUMENTOS: Escala de observación. Lista de control/cotexo.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.			X	Prepara unha exposición oral en grupo.	▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.
		▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	X	X	X	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. -Os tempos do relato: o *passé composé*, o imperfecto, o pluscuamperfecto -O condicional presente (1) -O subxuntivo presente	- Observación na aula. (10%) - Probas escritas e orais. (90%) ▪ PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos/das alumnos/as. Observación sistemática e probas específicas. ▪ INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.

							-Os articuladores do discurso (1): *par exemple*, *pour ma part*, *en effet*, *on sait que*…, *donc*, *mais*, *de toute façon*… -Os adverbios de énfasis: *très*, *trop*, *pur*, *grave*… -As elisións -A gramática da lingua oral -Os pronomes *et* e *y* -Os diferentes tipos de pregunta: abertas, pechadas… -O condicional presente (2) -O condicional pasado -As fórmulas para preguntar -A concordancia dos tempos no discurso reproducido en pasado -Os pronomes relativos complexos: *ce qui*/*que*/*dont.* Preposición + *lequel*/*laquelle* -A expresión do futuro: o futuro simple, o futuro anterior, o futuro inmediato -Os pronomes personais complementos directos e indirectos: *le*, *le*, *les*, *lui*, *leur*… -As palabras para expresar a condición -Os sistemas de hipótese: *sans*, *à condition de*/*que*, *au cas où* -Os verbos semi-auxiliares: *aller*/*venir de*/*devoir*/*falloir*… + infinitivo -Os articuladores do discurso (2): *d'abord*, *de plus*, *par contre*… -*Avant de* + infinitivo presente -*Après* + infinitivo pasado -*Avant que* + subjuntivo -*Après que* + indicativo -O uso do subxuntivo: a dúbida, o arrepentimento, a vontade, o desexo -As relacións lóxicas de causa e de finalidade: *pour*, *parce que*, *à cause de*, *afin de* -Os diferentes medios para invitar á acción: o imperativo, o condicional, *si* + imperfecto -A expresión da obriga.	

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Dende o punto de vista metodolóxico o curso baséase nun enfoque comunicativo do ensino da lingua estranxeira. É dicir, a lingua obxecto de aprendizaxe, neste caso o francés, considérase, ante todo, un instrumento de comunicación que permite a comprensión mutua entre aqueles que a utilizan. Trátase, polo tanto, de conducir os alumnos cara á adquisición da competencia comunicativa en francés, tendo moi en conta os procesos de aprendizaxe e as idades dos adolescentes.

1. No proceso de aprendizase da lingua estranxeira, a lingua castelá ou o galego só se utilizarán como apoio, priorizaranse a comprensión e a expresión oral.
2. Actividades de introdución e adaptación á nova lingua.
3. Actividades de desenvolvemento de coñecementos gramaticais.
4. Actividades de consolidación, recuperación e ampliación.
5. O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe. O profesor actuará de guía e mediador nese proceso.
6. As actividades serán individuais e de grupo.
7. Aprendizaxe basado nunha gran variedade de soportes (imaxe, texto, audiovisuais, son…) e actividades de todo tipo (gramaticais, artísticos, xogos…)
8. Traballo dos distintos contidos a través de documentos visuais, sonoros e escritos.
9. Audición e lectura colectiva, en gran grupo, da lectura inicial e da lenda co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
10. Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, esquemas; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.
11. Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
12. Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc. Os grupos de 2º están integrados no programa E-Dixgal, de maneira que todos os alumnos disporán dun ordenador persoal con acceso a material/libros dixitais.
13. Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
14. Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.

- Cada unidade didáctica permitirá distribuir proporcionalmente os tempos da clase nas catro destrezas, ler, escribir, escoitar e falar. A presentación das estruturas serán nun contexto escrito ou gravado. As táboas e os exemplos vanlles permitir a reflexión e a análise e así desenvolver a aprendizaxe autónoma, metodoloxía indutiva. Os textos para a comprensión escrita e oral estarán coidadosamente graduados e reforzados con actividades. As comprensións orais van permitir ademais mellorar a pronunciación. A partir deles faranse os intercambios orais.

Traballarase a comprensión insistindo no vocabulario, as estruturas gramaticais, o contexto… de tal maneira que o alumno poida despois aplicar o aprendido na elaboración de textos propios e na interacción oral en lingua francesa. Na medida do posible, trátase de proporcionar contextos lingüísticos diferentes a partir dos cales os alumnos poidan reflexionar sobre o funcionamento da lingua francesa e formular regras gramaticais apropiadas. O léxico preséntase sempre en contexto e en relación cos centros de interese dos alumnos. En canto á fonética, nesta etapa da aprendizaxe a produción de sons doutra lingua pode supoñer para os adolescentes certa sensación de ridículo ou de temor a non

facelo ben diante do grupo de compañeiros, por iso dende o primeiro curso axudamos aos alumnos a imitar de forma sinxela os sons propios do sistema fonolóxico francés, introducindo tanto as regras de pronunciación, como a dicotomía son/grafía mediante actividades de ortografía.

En caso de confinamento, as clases continuarán vía telemática. Para as clases online, usaremos Google Classroom, Google Meet, e/ou Microsoft Teams, pois está asociada á plataforma educativa que usamos habitualmente, Educamos.

6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Polas características propias da materia e a súa base metodolóxica farase necesaria a utilización de recursos como:

- Libro do alumno dixital e caderno de actividades **Les Reporters** da editorial Macmillan - Éditions Maison des Langues. (en 2º)
- Libro do alumno e caderno de actividades **À Plus** da editorial Macmillan - Éditions Maison des Langues. (en 4º)
- Libro dixital do profesor e ordenadores de E-Dixgal dos alumnos.
- Pizarra dixital interactiva.
- Fichas de recuperación para alumnos coa materia pendente.
- Libros de lectura adaptados.
- Emprego das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Material de consulta para o profesorado do Departamento.

7.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

7.1.- Criterios de cualificación

Ao longo do curso faranse varias probas escritas e tamén orais para poder valorar o grao de consecución das competencias clave nas catro destrezas.

En cada avaliación faranse unha ou dúas probas escritas e dúas probas orais (comprensión e expresión). A avaliación por competencias basearase nos seguintes contextos e porcentaxes:

CONTEXTOS	**CCL**	**CSC**	**CAA**	**CCEC**	**CD**
Comprensión oral	15%		25%	25%	10%
Expresión oral	20%	40%	25%	25%	50%
Comprensión escrita, gramática e léxico, expresión escrita	50%	20%	25%	25%	
Tarefas de clase e participación	15%	40%	25%	25%	40%

Peso de cada competencia	**75%**	**5%**	**10%**	**5%**	**5%**

Sendo a avaliación continua, os alumnos que superen cunha puntuación mínima de 5 a terceira avaliación terán a mesma nota na avaliación final de xuño. De todas formas, durante o período de recuperación/ampliación terán a posibilidade de mellorar a sua cualificación repetindo as probas dos contextos de aplicación nos que obtivesen unha puntuación menor que 5. Se lles proporcionarán tamén actividades de ampliación.

Os alumnos que non superen a terceira avaliación terán que repetir os procedementos con cualificación negativa, e serán avaliados igualmente segundo as porcentaxes dos contextos e competencias de arriba. Se lles proporcionarán actividades de reforzo e retroalimentación para correxir errores.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto no Artigo 8 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.

7.2.- Procedementos de avaliación

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno en clase.
- Intercambios orais: preguntas en clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Realización de exercicios específicos que respondan aos diversos obxectivos programados na unidade didáctica.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados.
- Observación da actitude dos alumnos respecto á materia.
- Probas específicas de avaliación da unidade didáctica.
- Seguimento individualizado. Terase en conta o esforzo, interese e evolución de cada alumno atendendo ás capacidades propias de cada un.

CONTEXTOS	**PROCEDEMENTOS**	**INSTRUMENTOS**
Comprensión oral	Proba escrita	Proba obxectiva (preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas)
Expresión oral	Exposición oral Conversación Descrición dunha imaxe	Rúbrica de expresión oral
Comprensión escrita, gramática e léxico	Proba escrita	Proba obxectiva (preguntas tipo test, de completar, de respostas curtas, de ordenar)
Expresión escrita	Proba escrita	Rúbrica de expresión escrita
Tarefas de clase e participación	Análise de produción Observación	Escala de estimación de actividades de aula, lista de cotexo

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				

3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Respecto a aqueles alumnos avaliados negativamente no curso anterior, farase un plan específico de actuacións e medidas no ámbito curricular pendente:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- A proba escrita de maio recollerá os contidos do curso anterior e será similar ás do curso ordinario sendo cualificada seguindo os mesmos criterios.
- A maiores, os alumnos que xa non cursen francés no ano seguinte, terán a opción de facer a proba de recuperación tamén en novembro.
- No caso dos alumnos que leven un curso completo sen cursar francés, se lles dará a posibilidade de completar un caderniño de exercicios.

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2021/2022, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades dos alumnos. Os alumnos son diferentes e hai que tomar en conta esa heteroxeneidade para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades. Non todos os alumnos aprenden do mesmo xeito, os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son distintos. De aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas. A diversidade debe ser tratada como unha fonte de enriquecemento dentro da aula, sensibilizando os alumnos cara á solidariedade e á cooperación dentro do grupo.
No noso centro a segunda lingua estranxeira é obrigatoria en primeiro e segundo de ESO, e pasa a ser optativa no segundo ciclo. Ademais, aos alumnos que presentan dificultades nas linguas na educación primaria, o departamento de orientación lles solicita a exención de francés no primeiro ciclo, de maneira que nas horas de francés se lles proporciona apoio para as outras linguas. Como consecuencia disto, no noso departamento non temos que facer adaptacións curriculares significativas.
Así mesmo, a diversidade de exercicios e actividades incorporadas no material adáptase aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe, e aos alumnos que o necesiten, se lles proporcionarán actividades de reforzo, tanto de repaso como de ampliación.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desvantaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

12.-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Como materia de lingua traballaranse principalmente a **comprensión oral e escrita, e a expresión oral e escrita**, pero tamén:

- **Comunicación audiovisual e as TIC**, a través das lousas dixitais, actividades interactivas, os recursos na web, os vídeos interactivos e as actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia.

- **O emprendemento**. Nas actividades de expresión oral ao expresar opinións, compartir e organizar o traballo en grupo, o alumno toma a iniciativa, gaña confianza en sí mesmo e desenvolve aptitudes como a creatividade, a autonomía e o sentido crítico.

- **Educación cívica e constitucional**. A materia trabállase sempre sobre un tema nun contexto social e histórico, fomentando o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario e favorecendo a convivencia, tolerancia, autocontrol, o diálogo e a empatía. Promoverase a colaboración en actividades grupais, xogos, o respecto do turno de palabra.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Retomaranse os contactos para realizar unha actividade de intercambio de alumnos e profesores de 2º e 3º ESO cun centro en Lyon, Francia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2020/2021 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

Tendo en conta que os estándares de aprendizaxe da lingua estranxeira se agrupan segundo as catro destrezas comunicativas, comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita, estes son traballados en todas as unidades didácticas.

2º ESO

- 1 Mon quartier
- 2 Je me sens bien
- 3 Bon appétit !
- 4 Mes intérêts
- 5 Sur la route
- 6 Recyclons !

4º ESO

- 1 D'ici et d'ailleurs
- 2 Langue vivante !
- 3 En famille
- 4 Demain est à nous
- 5 Culture jeune
- 6 Tous engagés !

MATEMÁTICAS
CURSOS: 2º e 4º DE ESO

Colegio Plurilingüe
La Inmaculada
Marín
Hijas de la Caridad
Educación Vicenciana

PROFESORES:

JOSE BLANCO BARROS
LUCÍA GUEDE FREIRE
Mª DEL MAR LÓPEZ FARIÑA
JOSE MANUEL RIVADULLA PEREIRA

ÍNDICE

1.- Introdución e Contextualización 2

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias..... 4

3.- Concreción dos obxectivos por curso 26

4.- Concreción dos estándares de aprendizaxe..... 27

5.- Concrecións metodolóxicas..... 58

6.- Materiais e recursos didácticos 60

7.- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción 61

8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..... 63

9.- Plans de seguimento das materias pendentes..... 65

10.- Procedementos para realizar a avaliación inicial..... 66

11.- Medidas de atención á diversidade..... 67

12.- Concreción dos elementos transversais..... 69

13.- Actividades complementarias e extraescolares 70

14.- Mecanismos de revisión da programación en relación cos resultados académico..... 71

15.- Relación de unidades didácticas..... 74

16Anexos, rúbricas e outros instrumentos de avaliación 91

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro escolariza alumnado de tres etapas educativas: infantil, primaria e secundaria. O centro está localizado no centro urbano de Marín, a maioría dos estudantes viven en zonas próximas polo que non é preciso o uso de trasporte escolar. O lingua preferente do alumnado é o castelán.

Nos grupos de 2º da ESO os reforzos educativos de Matemáticas realízanse coa presencia dun segundo docente na aula.

A docencia da materia de Matemáticas corre a cargo dos seguintes docentes:

- D Jose Blanco Barros. (1º e 2º ESO)
- Dª Lucía Guede Freire. (3º e 4º ESO)
- Dª María del Mar López Fariña. (2º e 3º ESO)
- D Jose Manuel Rivadulla Pereira. (1º, 2º e 4º ESO)

Distribución da docencia por niveis e grupos

Neste curso 2022-2023 están matriculados no centro xxx alumnos, repartidos en 8 grupos. Na seguinte táboa recóllese o número de estudantes por niveis, a distribución en grupos, horas e profesoras responsable da docencia.

NIVEIS	**GRUPOS/ DOCENTES**
2º A curso: 24 estudantes	Jose Manuel Rivadulla & Jose Blanco (Reforzo)
2º B curso: 24 estudantes	Mª del Mar López Fariña &Jose Manuel Rivadulla (Reforzo)
4º Académicas: 22 estudantes	Lucía Guede Freire
4º Aplicadas: 13 estudantes	Jose Manuel Rivadulla

	ALUMNOS			Alumnos novos no centro	Lingua predominante	Alumnos que non promocionaron	Alumnos que promocionan por imperativo legal	Alumnos que non acadaron os obxectivos (pendentes)	Necesidades especiais e reforzo educativo										Condicións persoais					Exentos de Francés	Exentos de galego	Adaptacións curriculares (ACI)	MATEMÁTICAS		OPTATIVAS 4º ESO						OPTATIVAS 3º ESO			DEPARTAMENTO DE CIENCIAS					DEPARTAMENTO ARTÍSTICA			DEPARTAMENTO DE LINGUAS								DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN
	Total	Homes	Mulleres						TDAH- déficit de atención e hiperactividade	TDA- déficit de atención	TEA - trastorno do espectro autista	Dificultades de aprendizaxe					Dislexia	Altas capacidades	Dificultades nas linguas (alumnos do estranxeiro*	Plan Alerta Escolar	Situación familiar desfavorecida	Trastorno de ansiedade	Problemas socioemocionais	Protocolo de Identidade de Xénero				ACADÉMICAS	APLICADAS	FÍSICA &QUÍMICA & BIOLOXÍA	INICIATIVA E EMPRETU EMP. & TECNOLOXÍA	TIC	FRANCÉS	ED .PLÁSTICA E VISUAL	FRANCÉS	EDUCACIÓN DIXITAL	C. CLÁSIC	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
												Lagoas de coñecemento	Lateralidade cruzada	Razoamento lóxico-matemático	Comprensión e razoamento																																					
1º A	20	10	10	3	C	1		1		3	1			1	1	1						1		5																	x	x		x	x	x	x	x	x			x
1º B	20	12	8		C			2	1		1				1		2	2						5																x		x	x		x		x	x	x	x	x			x
2º A	24	17	7		C	1	3	3	2			1		2	2			1*						6																	x	x	x		x	x	x	x		x	x			x
2º B	24	11	13		C	2	1	5	1		3							2/1						4																x		x			x	x	x		x	x	x			x
3º A	18	10	8	1	C	1		7	2						2					1																	4	11	3		x			x	x	x	x		x	x		x	x	x
3º B	18	9	9		C	1	1	3		1	2	1			2							1															3	11	4	x	x			x	x	x	x	x		x	x		x	x	x
4º A	18	7	11		C	1	2	5		1		1						2									12	6	12	6	17	10	9				x		x		x	x		x	x	x		x	x			x	x	x
4º B	17	6	11	1	C		1	7	1	1		1						2			1						10	7	10	7	17	7	10				x		x		x	x		x	x	x		x	x			x	x	x

C- Lingua predominate castelán
G- Lingua predominate galego

PROFESORADO QUE IMPARTE CLASE NA ESO:

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS
1. Lucía Guede Freire
2. Mª Mar López
3. José M. Rivadulla Pereira
4. Jose Blanco Barros.
5. Narciso Valle

DEPARTAMENTO DE ARTÍSTICA
6. Ana Mª Acuña
7. Mar Castro-Rial,
8. Elena F. Sobral
9. Javier Medrano.

DEPARTAMENTO LINGUAS
10. Begoña Diz Magariños
11. Ana I. González Entenza
12. Mª Reyes Rosales Aldao
13. Mª del Carmen Fernández
14. Montserrat García Blanco
15. Mercedes Vivero

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN
16. Roberto Briz Cid

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

2º ESO

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.1.1	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
2º	MA	MAB1.2.1	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
2º	MA	MAB1.2.2.	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
2º	MA	MAB1.2.3.	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.
2º	MA	MAB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
2º	MA	MAB1.3.1	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
2º	MA	MAB1.3.2.	Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.
2º	MA	MAB1.4.1.	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución
2º	MA	MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade
2º	MA	MAB1.5.1.	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
2º	MA	MAB1.6.1	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
2º	MA	MAB1.6.2.	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios
2º	MA	MAB1.6.3.	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
2º	MA	MAB1.6.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.6.5.	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.
2º	MA	MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións
2º	MA	MAB1.8.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
2º	MA	MAB1.8.2.	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
2º	MA	MAB1.8.3.	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
2º	MA	MAB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
2º	MA	MAB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
2º	MA	MAB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
2º	MA	MAB1.10.1	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares
2º	MA	MAB1.11.1	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultad destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
2º	MA	MAB1.11.2	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitative cuantitativa sobre elas
2º	MA	MAB1.11.3.	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.
2º	MA	MAB1.11.4.	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.
2º	MA	MAB1.11.5.	Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.
2º	MA	MAB2.1.1	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
2º	MA	MAB2.1.2.	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB2.1.3.	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
2º	MA	MAB2.2.1.	Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
2º	MA	MAB2.2.2.	Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.
2º	MA	MAB2.2.3.	Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.
2º	MA	MAB2.3.1.	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións
2º	MA	MAB2.4.1.	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema
2º	MA	MAB2.4.2.	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
2º	MA	MAB2.5.1.	Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.
2º	MA	MAB2.5.2	Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.
2º	MA	MAB2.6.1.	Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.
2º	MA	MAB2.6.2.	Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaas para facer predicións.
2º	MA	MAB2.6.3.	Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.
2º	MA	MAB2.7.1.	Comproba, dada unha ecuación (ou un sistema), se un número ou uns números é ou son solución desta.
2º	MA	MAB2.7.2.	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.
2º	MA	MAB3.1.1.	Comprende os significados aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízaos para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema, construíndo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo.
2º	MA	MAB3.1.2.	Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais
2º	MA	MAB3.2.1.	Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB3.2.2.	Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.
2º	MA	MAB3.3.1.	Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.
2º	MA	MAB3.3.2	Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.
2º	MA	MAB3.3.3.	Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente
2º	MA	MAB3.4.1.	Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.
2º	MA	MAB4.1.1.	Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras, e elixe a máis adecuada en función do contexto.
2º	MA	MAB4.2.1	Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.
2º	MA	MAB4.2.2.	Interpreta unha gráfica e analízaa, recoñecendo as súas propiedades máis características.
2º	MA	MAB4.3.1.	Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.
2º	MA	MAB4.3.2.	Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.
2º	MA	MAB4.3.3.	Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes, e represéntaa.
2º	MA	MAB4.3.4.	Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afín) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.
2º	MA	MAB5.1.1.	Organiza datos, obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas, e acumuladas, e represéntaos graficamente.
2º	MA	MAB5.1.2.	Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano), a moda (intervalo modal), o rango e os cuartís, elixe o máis axeitado, e emprégaos para interpretar un conxunto de datos e para resolver problemas.
2º	MA	MAB5.1.3.	Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
2º	MA	MAB5.2.1	Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central, o rango e os cuartís.
2º	MA	MAB5.2.2	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.
2º	MA	MAB5.3.2	Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación
2º	MA	MAB5.3.3	Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB5.4.1.	Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.
2º	MA	MAB5.4.2.	Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.
2º	MA	MAB5.4.3.	Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGUÍSTICA CCL			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.1.1.	Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
2º	MA	MAB1.2.1	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
2º	MA	MAB1.2.2.	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
2º	MA	MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade
2º	MA	MAB1.5.1	Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística
2º	MA	MAB1.6.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
2º	MA	MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións
2º	MA	MAB1.10.1	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares
2º	MA	MAB1.12.1	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
2º	MA	MAB1.12.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
2º	MA	MAB2.5.2	Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.
2º	MA	MAB2.6.1.	Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGUÍSTICA CCL			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB2.6.2.	Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaas para facer predicións.
2º	MA	MAB2.7.2.	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.
2º	MA	MAB3.4.1.	Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.
2º	MA	MAB5.1.1.	Organiza datos, obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas, e acumuladas, e represéntaos graficamente.
2º	MA	MAB5.1.3.	Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
2º	MA	MAB5.3.1.	Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.
2º	MA	MAB5.3.3	Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.
2º	MA	MAB5.4.1.	Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA APRENDER A APRENDER CAA			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
2º	MA	MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
2º	MA	MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
2º	MA	MAB1.8.4	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas
2º	MA	MAB1.10.1.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.
2º	MA	MAB1.12.3	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIAS CÍVICAS E SOCIAS CSC			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.6.1.	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
2º	MA	MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
2º	MA	MAB1.8.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
2º	MA	MAB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
2º	MA	MAB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA DIXITAL CD			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.11.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
2º	MA	MAB1.12.1.	Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
2º	MA	MAB1.12.3.	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.
2º	MA	MAB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE SENTIDO DE INICIATIVA ESPÍRITO EMPRENDEDOR CSIEE			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.6.2.	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
2º		MAB1.8.1	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
2º	MA	MAB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
2º	MA	MAB1.9.1	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
2º	MA	MAB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS CCEC			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
2º	MA	MAB1.3.1.	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
2º	MA	MAB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.

4º ESO

MATEMÁTICAS ACADÉMICAS

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
4º	MAC	MACB1.1.1	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
4º	MAC	MACB1.2.1	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
4º	MAC	MACB1.2.2.	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
4º	MAC	MACB1.2.3.	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.
4º	MAC	MACB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
4º	MAC	MACB1.3.1	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
4º	MAC	MACB1.3.2.	Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade
4º	MAC	MACB1.4.1.	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
4º	MAC	MACB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade
4º	MAC	MACB1.5.1.	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
4º	MAC	MACB1.6.1	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
4º	MAC	MACB1.6.2.	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos subxacentes nel e os coñecementos matemáticos necesarios
4º	MAC	MACB1.6.3.	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
4º	MAC	MACB1.6.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
4º	MAC	MACB1.6.5.	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.
4º	MAC	MACB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións
4º	MAC	MACB1.8.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
4º	MAC	MACB1.8.2.	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
4º	MAC	MACB1.8.3.	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
4º	MAC	MACB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
4º	MAC	MACB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
4º	MAC	MACB1.10.1	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares
4º	MAC	MACB1.11.1	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
4º	MAC	MACB1.11.2	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas

PERFIL COMPETENCIAL ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMCCT			
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**	
4º	MAC	MACB1.11.3.	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.
4º	MAC	MACB1.11.4.	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.
4º	MAC	MACB1.11.5.	Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.
4º	MAC	MACB2.1.1	Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízaos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa
4º	MAC	MACB2.1.2.	Aplica propiedades características dos números ao utilizalos en contextos de resolución de problemas.
4º	MAC	MACB2.2.1.	Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.
4º	MAC	MACB2.2.2.	Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables.
4º	MAC	MACB2.2.3.	Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados
4º	MAC	MACB2.2.4	Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.
4º	MAC	MACB2.2.5.	Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos
4º	MAC	MACB2.2.6	Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.
4º	MAC	MACB2.2.7.	Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números.
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.			**X**	Coñece e utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	PE RU LC EO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	T 1	T 2	T 3	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.			**X**	É capaz de empregar simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas e expor os resultados empregando as TIC	RU LC EO

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Este apartado segue as orientacións expostas na **Orde ECD/65/2015** e no artigo 11 do **Decreto 86/2015**.

Como recolle o artigo 11.5 do **Decreto 86/2015**, a metodoloxía debe atender á diversidade, unha forma de facelo e ter en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Co obxectivo de dar resposta aos distintos ritmos de aprendizaxe, as UD están deseñadas incluíndo actividades de reforzo (AR) e actividades de ampliación (AA). As AR están enfocadas para posibilitar que os estudantes que non teñen acadado o grao mínimo marcado nalgún dos estándares de aprendizaxe (EA) poidan conseguilo se as realicen con aproveitamento.

As aulas permiten que se poida facer unha conformación flexible e funcional do espazo en función da dinámica de clase. Así, as mesas poden colocarse en forma de U nas tarefas deseñadas para o grupo-clase; mesas enfrontadas, para grupos de 4 membros en dinámicas e estruturas cooperativas; e mesas en aliñadas en columnas por parellas, para o traballo individual.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS 2º ESO F&Q

Durante o curso de 2º da ESO prodúcese o primeiro contacto dos estudantes coa materia de F&Q, un dos nosos obxectivos como docentes é mudar a crenza de parte do alumnado de que as ciencias son difíciles e están afastadas da realidade. A motivación é fundamental como tamén o é a metacognición (CAA) xa que logo nas sesións promoveranse ambientes estimulantes para aproveitar, como sinala Cañal (2012), a "curiosidade como mecanismo mental ao servizo da aprendizaxe.

Promoveremos situacións de aprendizaxe abertas que, partindo dos coñecementos previos do alumnado, tomen en consideración os seus intereses e os involucren en procesos de procura e resolución de problemas. Os erros serán presentados coma parte do proceso de aprendizaxe.

Segundo Neus Sanmartí o alumnado emprega ideas alternativas que "son algo máis cunha curiosidade, para eles son nucleares xa que a partir delas explican, coa súa lóxica, os fenómenos cotiás, é dicir, organizan e interpretan a realidade, predín e controlan os acontecementos do día a día. Estas ideas, especialmente as que teñen base sensorial, mantéñense durante os anos, a pesar de ser contrarias ás aprendizaxes científicas presentadas na aula". Durante as sesións tentaremos detectar estas concepcións previas ou alternativas. Esta circunstancia esixe a realización dunha avaliación inicial ao inicio de curso e ao comezo de cada UD, así todas as UD contan con actividades de iniciación (AI)

que permiten levar a cabo unha primeira avaliación inicial da UD o cal posibilita a adaptación dos contidos e da metodoloxía aos coñecementos previos dos alumnos, xa que non se poden ensinar contidos novos sen ter en conta os resultados dos procesos de ensino anteriores. Polo tanto, a primeira sesión de cada UD inclúe a realización de AI consistentes en rutinas que permitan a presentación e exploración de ideas como Vexo, Penso, Pregúntome e *Circle Maps*. A análise destas actividades é imprescindible para construír unha metodoloxía flexible que se axuste ao nivel de coñecementos do alumnado e, a partir del, xerar preguntas e respostas que sexan significativas para o novo modelo que se quere axudar a construír. Para o alumnado de 2º da ESO *ver* e *mirar* os fenómenos desde o punto de vista científico é, sen dúbida, un proceso complexo que implica aprender unha nova linguaxe. Os estudantes deben empregar terminoloxía científica para describir os procesos (fusión, disolución, masa, peso...) o que supón tamén un paso adiante non exento de dificultades porque a linguaxe científica é percibida como un código "alleo", moi distinto do empregado para comunicarse no día a día.

Nas AI, empregaremos a aprendizaxe baseada no pensamento mediante a proposta de actividades que pretenden asentar hábitos e rutinas de razoamento estables, procesos que axudan aos alumnos a aprender a pensar e a facer visible o seu pensamento no papel. Para tal fin, utilizaremos as denominadas rutinas de pensamento, patróns de comportamento fáciles de ensinar e aprender. Aplicaremos diferentes rutinas, unhas dirixidas á presentación e exploración de ideas, e outras, nas actividades de consolidación, encamiñadas a súa síntese e organización. Así os alumnos realizarán mapas conceptuais ou un mapas mentais visuais dos contidos traballados noutras actividades de desenvolvemento (AD) con ferramentas como dixitais como por exemplo GoConqr. Esta é unha actividade de consolidación (AC) integrada que permite traballar simultaneamente as competencias CAA e CD. A súa relevancia é indiscutible pois facilitan información significativa: permiten detectar a persistencia das *relacións alternativas entre conceptos* e o grao de compresión adquirido. Deste modo é posible avaliar tamén os progresos do alumnado e a miña propia práctica docente.

Este curso 2022/2023 os estudantes de 2º da ESO disporán de dispositivos EDIXGAL o que posibilita o emprego de diversos soportes informáticos o que permite o desenvolvemento da competencia dixital (CD) e posibilita unha comunicación eficaz e permanente. Na aula virtual estarán dispoñibles as activades de reforzo e ampliación propostas, ligazóns a páxinas de interese, audios a programas de radio relacionados coa ciencia, fotos de visitas ou dos traballos realizados polos alumnos no laboratorio, etc. Tamén empregamos plataformas interactivas/simuladores que, ao ser complementarias

á observación e á experimentación, permiten estudar fenómenos que no laboratorio resultan confusos, inseguros ou imposibles para a súa observación directa.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS 4º ESO F&Q

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Física e Química:

- Cómpre adestrar sistematicamente os procedementos que conforman as estadas da materia. Malia que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.
- Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico.
- Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por iso, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.
- Na área de Física e Química é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.
- Xa que hai alumnos que aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes a materia está programada para ser utilizada con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden

aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O alumnado demanda exercer a súa capacidade de actuar, é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor que debe proporcionarlle unha ampla gama de actividades e recursos didácticos. Podemos atopar moitas novidades en relación cos recursos educativos o que implica que ao longo do curso podamos empregar novos recursos non programados.

No proceso de acadar o mellor desenvolvemento dos diferentes estándares de aprendizaxe escóllense os recursos máis apropiados como:

- En 2º da ESO materias elaborados polos docentes e materias dispoñibles no banco de recursos Edixgal.
- Os estudantes de 4º da ESO teñen a súa disposición os dispositivos chromebooks dispoñibles no centro.
- En 4º da ESO libro do alumno de F&Q da editorial SM e outros libros complementarios.
- Plataforma dixital Educamos https://lainmaculada-hcsvp-marin.educamos.com con as aplicacións integradas de Office 365.
- Bancos Dixitais de Recursos.
- Lecturas de libros de divulgación científica
- Aplicacións WEB.
- Material multiformato (vídeos, imáxes, infografías, mapas conceptuais, presentacións, etc.).
- Pizarra dixital interactiva.
- Fotocopias de diferentes actividades para o desenvolvemento das unidades didácticas.
- Caderno de clase no que os alumnos e alumnas realizarán os seus traballos.
- Calculadora: deseñaranse actividades onde o uso da calculadora sexa obrigatorio, proporcionando un uso axeitado e correcto das calculadoras.
- Emprego das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fichas de ampliación e reforzo.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Este apartado da PD desenvolvese segundo o establecido n a **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O curso académico consta de **tres avaliacións parciais** e **unha avaliación final**.

AVALIACIÓNS PARCIAIS:

O cálculo das notas trimestrais require a avaliación, con diferentes instrumentos de avaliación, das 7 competencias clave (CCL. CSC, CSIEE, CAA, CMCCT, CCEC e CD). Obtidas as 7 cualificacións calcúlase a súa media ponderada, segundo os perfís competenciais trimestrais. Esta media e cualificación que figurará no boletín trimestral co que se informa ás familias do proceso de ensino-aprendizaxe dos estudantes. Os perfís competenciais trimestrais son calculados a partir dos estándares de aprendizaxe traballados nas diferentes actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas. Nas táboas seguintes detállanse os contextos nos que son avaliadas as diferentes competencias e o perfil competencial da materia para os diferentes cursos.

CONTEXTOS DE APLICACIÓN	
PROBAS ESCRITAS	Realizaranse probas escritas por cada UD ou cada dúas unidades, dependendo da dificultade das mesmas. Se estudante copia nunha proba, retiraráselle inmediatamente o mesmo e realizaráselle noutro momento que a profesora estime oportuno. No caso de falta o alumno/a realizará o exame o primeiro día lectivo da materia ou na data que estime o docente.
TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN	Procura de información tratamento e exposición oral . Nestas actividades o alumnado pode contar con información en diferentes formatos e coa axuda dos compañeiros e do profesor. A valoración poderá ser obtida de forma individual ou ben de forma grupal dependendo da estrutura da propia actividade.
TALLERES EXPERIMENTAIS	Realización de experimentos sinxelos e elaboración de informes.
PRODUCIÓNS DE SÍNTESE	Resumos e conclusións das unidades didácticas.
ACTIVIDADES DE AULA	Traballo diario, participación, actividades rematadas, corrección de erros, exercicios...

PERFÍS COMPETENCIAIS ANUAIS (pesos das CC segundo o Decreto 86/2015)							
CURSO	**CCL**	**CSC**	**CSIEE**	**CAA**	**CMCCT**	**CCEC**	**CD**
2º ESO	**22**	**6**	**10**	**8**	**48**	**2**	**4**
4º ESO	**22**	**5**	**6**	**7**	**50**	**4**	**6**

AVALIACIÓN FINAL:

A nota da **avaliación final de xuño será a media aritmética das tres avaliacións parciais** incluíndo as posibles modificacións realizadas no período posterior á terceira avaliación. Para obter unha **cualificación positiva da materia na avaliación final o alumno/a deberá acadar unha media aritmética das tres avaliacións igual ou superior a 5.**

Para poder calcular a media aritmética das notas trimestrais é un requisito indispensable que o estudante acade unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 en todas as avaliacións.

Para o cálculo da nota final da materia de Física e Química diferenciaremos entre:

1. Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas:

No **período entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final** realizarán actividades de **consolidación e ampliación** das aprendizaxes do curso.

O alumnado nesta situación, poderá optar a mellorar a cualificación da avaliación final acolléndose a distintas opcións que se describen a continuación:

1.1. Realización dunha **proba escrita**, contando con dúas posibilidades:

- Proba escrita correspondente aos contidos dunha avaliación da súa escolla. A nota acadada nesta proba substituirá a nota previa para o cálculo da nota final unicamente si é superior.
- Proba escrita global, cos contidos das tres avaliacións. A cualificación da avaliación final será a maior entre a nota desta proba e a media das tres avaliacións anteriores.

1.2. Realización exclusivamente en período lectivo de tarefas e/ou actividades propostas polo profesorado.

2. Alumnado con algunha avaliación pendente:

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa poderá recuperala no período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final. Deseñaranse actividades de reforzo, apoio e recuperación que facilitarán acadar as aprendizaxes necesarias para recuperar as avaliacións pendentes. **A recuperación adaptarase a situación particular de cada alumno/a de tal xeito que o estudante poderá recuperar esa(s) avaliación(s) coa realización dunha proba escrita e coa entrega voluntaria de tarefas, traballos e/ou fichas de recuperación**.

Neste apartado diferenciamos entre alumnado con algunha avaliación suspensa e alumnado coas tres avaliacións suspensas.

2.1. Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas:

Finalizado o período de recuperación para o cálculo da nota da avaliación final tomaremos como **nota de cada avaliación a máis favorable** para o alumno entre as

opcións seguintes:

2.1.1. Nota da(s) avaliación(s) suspensa(s).

2.1.2. Nota dunha proba escrita de recuperación relacionada cos contidos da(s) avaliación(s) a recuperar.

2.1.3. Nota ponderada obtida a partir dunha proba escrita de recuperación (80%) e da entrega dun caderno de actividades (20%) realizado en período lectivo, ambos relacionados cos contidos da(s) avaliacións a recuperar.

2.2. Alumnado coas tres avaliacións suspensas:

A nota da avaliación final para este alumnado será a máis alta entre as seguintes opcións:

2.2.1 A media aritmética das tres primeiras avaliacións.

2.2.2 A nota dunha proba escrita de recuperación relacionada cos contidos non superados impartidos durante todo o curso.

2.2.3 A nota ponderada obtida a partir dunha proba escrita de recuperación (80%) e da entrega dun caderno de actividades (20%) realizado en período lectivo, ambos relacionados cos contidos non superados impartidos durante todo o curso.

PROMOCIÓN

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto no Artigo 8 da Orde do25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 41 das Instrucións do 26 de maio 2022 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe

aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				

8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

9.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

A avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso, polo cal é convinte ter moi claro que a superación desta última non implica unha avaliación positiva automática da materia pendente. O aprobado é un cinco.

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumpran os obxectivos marcados superarán a materia pendente. Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación de materias pendentes propoñerase un plan de traballo con distintas actividades de avaliación. Estas actividades consistirán, basicamente, en cuestións e problemas relacionados cos contidos impartidos no curso correspondente. As tarefas serán corrixidas e valoradas cunha porcentaxe do 20% da nota final.
- A porcentaxe restante corresponderá á media das notas dos exames que se realizarán no mes de xaneiro (primeira metade) e no mes de abril (segunda metade). As probas serán cualificadas seguindo os mesmos criterios. As probas

escritas recollerán os contidos do curso anterior e serán similares aos do curso ordinario.

- Os estudantes que non entreguen as tarefas serán cualificado unicamente coa nota do exame.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita. Os resultados destas probas , xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2020/2021 , permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todos os niveis os grupos clase non son homoxéneos nin uniformes. Esta PD tenta dar resposta educativa á realidade da aula, dando cumprimento ao principio de equidade que recolle o título II da LOE/LOMCE especificamente no artigo 71. As dinámicas de traballo na aula incorporan o traballo cooperativo e titoría entre iguais

Tanto o deseño das secuencias de traballo que inclúen actividades de ampliación como actividades de reforzo. A resposta educativa á diversidade na aula incorpora os principios de normalización e inclusión. Algunhas das medidas adoptadas para atender ás necesidades de estudantes concretos son aplicadas ao grupo no seu conxunto xa que tamén son beneficiosas para a totalidade do alumnado.

As medidas ordinarias que se levan a cabo son:

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio por parte do profesorado deseñando actividades de reforzo adaptadas as necesidades dos estudantes.

- Plans Específicos Personalizados para os alumnos que non promocionaron.

No caso de non obter os resultado esperados, estudarase co Dpto. de Orientación a adopción das medidas extraordinarias máis adecuadas entre as recollidas no artigo 9 do Decreto 229/2011 e na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O artigo 71 da LOE/LOMCE establece que **o alumnado con NEAE** é aquel que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar: (1) necesidades educativas especiais (NEE), (2) dificultades específicas de aprendizaxe, (3) trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), (4) altas capacidades intelectuais, (5) incorporación tardía ao sistema educativo ou (6) condicións persoais ou de historia escolar. De acordo con esta descrición de casos nos grupos hai presentes estudantes NEAE por presentar TDA, TDAH, TEA. **Para atender as necesidades específicas de apoio educativo teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo**.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **artigo 4 do Decreto 86/2015** establece unha serie de elementos transversais que deben ser atendidos durante o curso. A **Lei 4/2011,** do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o **Decreto 8/2015** que a desenvolve son o marco legal deste apartado. Os elementos transversais (ET) deben estar presentes na aula impregnado a actividade docente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais na sociedade e contribúen á formación integral do alumnado.
A Comprensión Lectora (CL), a Expresión Oral e Escrita (EOE), a Comunicación Audiovisual (CA), as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), o Emprendemento (EMP) e a Educación Cívica e Constitucional (ECC), obrigatorios segundo a normativa, son traballados coa mesma metodoloxía empregada nas CC. As unidades didácticas contemplan o tratamento doutros ET como a Educación Ambiental (EA), a Prevención da Violencia de xénero e contra as persoas con diversidade funcional (PV), a Resolución pacífica de Conflitos (RC) e Valores (V).

Na materia de F&Q trabállanse especialmente os seguintes elementos:

A comunicación lingüística: mediante a lectura comprensiva dos enunciados e a comunicación dos resultados que se obteñen, tanto escritos como de forma oral. Sinalamos como exemplo os seguintes EA de aprendizaxe do bloque 1 presentes en todos os cursos nos que se imparte a materia: *FQB1.1.1.* Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos, *FQB1.1.2* Argumenta con espíritu crítico el grado de rigor científico de un artículo o una noticia, analizando el método de trabajo e identificando las características del trabajo científico.

O sentido de iniciativa e emprendemento: establecendo un plan de traballo na medida en que se vai resolvendo un problema e animando ao alumno a propor novos problemas a partir dun resolto. Sinalamos como exemplo o seguinte EA de aprendizaxe do bloque 1 presente en todos os cursos nos que se imparte a materia: *FQB1.6.1.*Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións, *FQB1.9.1* Realiza de manera cooperativa o colaborativa algunas tareas propias de la investigación científica: búsqueda de información, prácticas de laboratorio o pequeños proyectos de investigación.

A competencia dixital: servindo de apoio á resolución do problema e na comprobación da solución mediante o uso de calculadoras, follas de cálculo ou programas de representación. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estudiar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. *FQB2.5.2.* Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.

A competencia social e cívica: predispón a ter unha actitude aberta ante diferentes solucións, ademais de permitir a comprensión de fenómenos sociais que se representan en forma de táboas, fórmulas, gráficas ou diagramas. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. *FQB1.6.2* Participa, valora e respecta o traballo individual e en equipo, *FQB3.4.1.* Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de

efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global, *FQB3.4.2*. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.

A educación para a saúde trabállase nos seguintes estándares de aprendizaxe:
- Respecto polas normas de seguridade no laboratorio. (FQB1.4.2)
- Coñecemento da información existente nas etiquetas dos produtos químicos e dos alimentos. (FQB1.4.1)
- Recoñecemento da importancia e necesidade da limpeza e non contaminación do aire e da auga. . (FQB3.8.3)
- Información sobre os efectos nocivos para a saúde de diferentes produtos como a nicotina, as drogas e o alcol.
- Trataremos a utilidade dos fármacos. Alertarase sobre o perigo da homeopatía, a automedicación e as consecuencias que teñen para a saúde unha xestión incorrecta dos medicamentos desbotados ou as campañas de antivacinación. Tentaremos destacar a importancia de discriminar todas as posibles alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos y ambientais implicados na toma de decisións.
- Nos traballos de investigación trataremos de desbotar a falsa idea de que todo compoñente químico en alimentación é nocivo para a saúde. Faremos unha análise crítica sobre a tendencia publicitaria "sen aditivos", e reflexionaremos sobre a súa incidencia nos nosos hábitos de consumo. O alumnado debe tomar conciencia da necesidade dun consumo responsable, cómpre fomentar unha postura crítica que enfronte consumo e publicidade

A educación para a paz trabállase nos seguintes estándares de aprendizaxe:
- Información sobre o uso bélico da enerxía nuclear e os seus riscos para a humanidade.
- Coñecemento do uso pacífico da radioactividade e as súas aplicacións científicas e Enerxéticas.
- Análise das distintas fontes de enerxía renovables e do desenvolvemento científico para mellorar os medios de produción, con vistas a un maior equilibrio económico e social.

A educación ambiental:
- Discusión do impacto ambiental producido polos distintos tipos de centrais eléctricas.
- Toma de conciencia sobre a necesidade dun uso adecuado dos recursos enerxéticos.
- Análise dos factores que producen contaminación do medio ambiente e forma de corrixilos.

- Información sobre o efecto do dióxido de carbono sobre o quecemento da Terra e as posibles repercusións no cambio climático.

O **elemento Igualdade entre homes e mulleres (I)** desenvólvese na actividade "No las tenemos muy vistas" así, nos meses de outubro (Conmemoración da Cª en Galicia), febreiro (Día Internacional da Muller e da Nena na Cª) e en abril (Día Mundial da Saúde); no marco desta actividade traballaremos no curso de 2º da ESO coa publicación *Mujeres de Ciencia. 50 intrépidas pioneras* que cambiaron el mundo, de Rachel Ignotofsky.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Alén das actividades programadas co gallo das conmemoración recollidas na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 e tamén das organizadas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, nun principio tentarase planificar no curso escolar algunhas das seguintes saídas. O seu contido pode ser modificado se xorden problemas organizativos (calendario, número de alumnado asistente, incidencias alleas ao centro...) ou se se coñecen outras propostas de maior interese:

- Visita a un centro de tratamento de augas residuais. (EDAR PLACERES). Actividade coordinada no Dpto. de Ciencias.
- Visita ao centros de tratamento de residuos industriais perigosos (SOGARISA) en As Somozas. Actividade coordinada co Dpto. de Ciencias.
- Visita a unha empresa do sector químico, Zelnova Zeltia S.A. (Porriño) ou Actega Artísitica (Porriño). Actividade coordinada co Dpto. de Ciencias.
- Visita á Escola Superior de Restauración de Pontevedra. Actividade coordinada co Dpto. de Artísitica.
- Visita a refinería de Repsol YPF en A Coruña. Actividade coordinada co Dpto. de Ciencias

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Tal e como establece o artigo 40 das resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23 é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2019/2020 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite

establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Departamento. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estatístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				

13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 2º ESO									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	X	X						X	X	X
FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	X		X			X				X
FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	X	X	X		X	X	X	X	X	X
FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.					X			X		
FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	X									
FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	X		X	X						
FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.		X	X	X		X			X	
FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.		X	X	X		X			X	
FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.		X	X	X		X				
FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.		X								
FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.		X						X	X	X
FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.		X						X	X	X
FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.		X						X	X	X
FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.		X						X	X	X
FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.		X						X	X	X
FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.		X						X	X	X

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 2º ESO									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.		X						X	X	X
FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.		X								
FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.		X								
FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.		X								
FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.		X								
FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.		X								
FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.			X							
FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.			X							
FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.			X							
FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.			X							
FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.			X							
FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.				X						
FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.				X						
FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.							X			
FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.							X			
FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.							X			
FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.							X			
FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.					X					
FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.					X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 2º ESO									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.					X					
FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.					X					
FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.						X				X
FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.					X					X
FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.								X		
FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.								X		
FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.								X		
FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.								X		
FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.								X		
FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.									X	
FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.									X	
FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.									X	
FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.									X	
FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.									X	
FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.									X	
FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.									X	
FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.									X	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 2º ESO									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.									X	
FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.										X

UD1	A ACTIVIDADE CIENTÍFICA
UD2	MATERIA. COMPOSICIÓN E PROPIEDADES
UD3	CAMBIOS QUÍMICOS
UD4	QUÍMICA E SOCIEDADE
UD5	OS MOVEMENTOS
UD6	AS FORZAS NA NATUREZA
UD7	AS FORZAS E AS MÁQUINAS SIMPLES
UD8	A GRAVEDADE E O UNIVERSO
UD9	A ENERXÍA
UD10	ENERXÍA. ASPECTOS AMBIENTAIS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 4º ESO											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.	X	X	X	X	X	X						
FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	X					X				X		X
FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	X	X	X									
FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	X						X	X	X	X	X	X
FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	X						X	X	X	X	X	X
FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	X						X	X	X	X	X	X
FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	X						X	X	X	X	X	X
FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	X						X	X	X	X	X	X
FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	X					X			X			X

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	UNIDADES DIDÁCTICAS 4º ESO											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.		X										
FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.		X										
FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.		X										
TEB4.3.1 Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	Terceira avaliación	Coñece os efectos da corrente eléctrica. Identifica os elementos básicos dun circuíto eléctrico e coñece a súa función. Diferenza entre circuíto serie, paralelo e mixto. Deseña circuítos eléctricos utilizando simboloxía normalizada. Calcula magnitudes eléctricas básicas: I,V,R, P, E	Observación directa diaria do traballo no taller coas ferramentas.
TEB4.3.2 Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico es simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	Tercera avaliación	É quen de manexar software específico de simulación de circuitos eléctricos sinxelos.	Observación e posterior análise do traballo realizado co software específico.

Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación.

Estándar de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumento de avaliación

TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	Terceira avaliación	Entende o funcionamento básico do equipamento informático. Diferenciar entre hardware e software. Coñece os distintos elementos do hardware e as súas funcións:dispositivos de almacenamento e procesamento de información, periféricos de entrada e saída. Relaciona as distintas unidades de medida de almacenamento de información.	Realización dunha proba. Posterior análise da mesma.
TEB5.2.1. Manexa programas e software básico.	Primeira, segunda e terceira avaliación	Sabe utilizar programas e software básico: procesador de texto, folla de cálculo e programa de deseño gráfico. Coñece os distintos tipos de sistemas operativos e as súas funcións.	Observación diaria do traballo coas aplicacións. Valoración e análise dos traballos levados a cabo con ditas aplicacións.
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Primeira, segunda e terceira avaliación	Sabe utilizar de forma eficiente e segura os equipamentos informáticos e outros dispositivos electrónicos.	Observación directa diaria durante as clases.
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Primeira, segunda e terceira avaliación	Sabe utilizar programas e software básico para elaborar proxectos, é quen de presentalos e de difundilos la rede.	Observación directa. Valoración dos proxectos elaborados, da súa exposición e da súa difusión.
TEB5.3.1 Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	Terceira avaliación	Sabe utilizar adecuadamente aplicacións de progamación tipo scratch para elaborar aplicacións informáticas sinxelas.	Observación directa. Valoración dos programas elaborados

4eso					
TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.			X	Desenvolve un programa informático con pautas moi marcadas polo profesor.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.			X	Identifica as partes dun computador.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.1. Describe os elementos e sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación alámbrica e inalámbrica.	X			Coñece e describe a estrutura fundamental dun sistema de comunicación.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	X			Describe algunhas formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais tratadas previamente na aula.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de Internet empregando servicios de localización, comunicación intergrupal e gestores de transmisión de sonido, imagen e datos.	X	X	X	Publica información xeral a través de internet.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.

2.2. Coñece as medidas de seguridad aplicables a cada situación de risco.	**X**			Coñece as principais medidas de seguridade e algúns dos principais riscos.	Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.1. Desenvolve un sinxelo programa informático para resolver problemas utilizando unha linguaxe de programación.			**X**	Desenvolve un programa informático sinxelo utilizando SMALL BASIC.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.1. Utiliza o ordenador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación de outros procesos cos datos obtidos.	**X**	**X**	**X**	Utiliza o ordenador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos en procesos pautados polo profesor.	Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.1 Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.			**X**	Diferencia as instalacións de luz, auga potable e augas residuais.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.2. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, suministro de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.		**X**		Interpreta e manexa a simboloxía básica da instalación eléctrica, da de auga e de saneamento.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.1. Deseña con axuda de software instalacións para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.		**X**		Deseña algunhas instalacións básicas para unha vivenda.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital

					empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.		**X**		Realiza montaxes virtuais.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.1. Propón medidas de reducción do consumo enerxético dunha vivenda.		**X**		Propón medidas de reducción do consumo enerxético dunha vivenda dun xeito sinxelo e sen entrar en detalles.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.1. Describe o funcionamento dun circuito electrónico analóxico formado por compoñentes elementais.	**X**			Describe o funcionamento de circuitos básicos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.2. Explica as características e funciones de compoñentes básicos: resistor, condensador, diodo e transistor.	**X**			Coñece o funcionamento elemental de certos compoñentes.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.1. Emprega simuladores para o deseño e análise de circuitos analóxicos básicos, empregando simboloxía axeitada.	**X**			Emprega simuladores para o deseño e análise de circuitos analóxicos básicos e pautados polo profesor, empregando simboloxía axeitada.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao

					grupo.
3.1. Realiza a montaxe de circuitos electrónicos analóxicos básicos deseñados previamente.	**X**			Deseña e monta circuitos elementais.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.1. Realiza operacións lóxicas elementais empregando o álgebra de Boole.	**X**			Realiza algunhas operacións lóxicas moi básicas empregando o álgebra de Boole.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.2. Relaciona planteamientos lóxicos con procesos técnicos.	**X**			Relaciona certos procesos técnicos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
5.1. Resuelve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	**X**			Resolve problemas sinxelos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
6.1. Monta circuitos dixitais sinxelos.	**X**			Realiza montaxes virtruais de circuitos dixitais.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.

1.1 Analiza o funcionamento de automatismos en diferentes dispositivos técnicos habituales, diferenciando entre lazo aberto e pechado.				Analiza automatismos sinxelos e diferencia entre lazo aberto e lazo pechado.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.1 Representa e monta automatismos sinxelos.			**X**	Realiza representacións e montaxes virtuais sinxelos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático o un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do entorno.			**X**	Desenvolve un programa informático de control moi sinxelo.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e neumática.		**X**		Describe algunhas aplicacións básicas da tecnoloxía hidráulica e neumática.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.2. Identifica e describe as características e funcionamento de este tipo de sistemas.		**X**		Describe o funcionamento de sistemas sinxelos e básicos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.1. Emprega a simboloxía e nomenclatura para representar circuitos cuya finalidad es a de resolver un problema tecnolóxico.	**X**	**X**		Representa circuitos sinxelos coa simboloxía adecuada.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para

					entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos neumáticos e hidráulicos con compoñentes reales.		**X**		Realiza montaxes de circuitos sinxelos neumáticos e hidráulicos con compoñentes reales e proceso pautado.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
4.2. Realiza montaxes de circuitos sinxelos neumáticos e hidráulicos utilizando programas de simulación.		**X**		Realiza montaxes de circuitos sinxelos neumáticos e hidráulicos utilizando programas de simulación e utilzando un deseño previo.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produxeron ao longo da historia da humanidad.	**X**	**X**	**X**	Coñece os cambios tecnolóxicos máis representativos da historia.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
2.1. Analiza obxectos técnicos e su relación con o entorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	**X**	**X**	**X**	Analiza a evolución tecnolóxica de certos obxectos.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.1. Elabora juicios de valor frente ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubrimientos con o contexto no que se desenvolven.	**X**	**X**	**X**	Valora determinados obxectos dende o punto de vista tecnolóxico.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes

					plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.
3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociales en cada periodo histórico axudándose de documentación escrita e dixital.	**X**	**X**	**X**	Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociales en cada periodo histórico axudándose de documentación escrita e dixital previamente seleccionada.	Proba obxectiva individual. Actividades grupais ou individuais con resultados para entregar en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

2ESO

Os contidos da tecnoloxía teñen compoñentes comúns con outras áreas, deste modo para poder achegar estes coñecementos o alumnado desde diferentes puntos de vista buscaremos a interrelación con outras áreas, traballando certos contidos de forma interdisciplinar dun modo transversal.Para conseguir isto, os contidos traballaranse de forma integrada, a través de **proxectos pequenos de investigación, traballos prácticos no taller, resolución de problemas, debates para así traballar as competencias.**

Tamén empregaremos a **aprendizaxe cooperativa** para buscar a resolución de conflitos grupais.Presentaremos os contidos con gran variedade de materiais e recursos.Para conseguir todo o anterior traballaremos cunha metodoloxía de **descubrimento guiado, resolución de problemas e traballo cooperativo**..

Os contidos mostraranse cunha progresión ao longo do curso, de maneira que cada tarefa esté respaldada pola execución doutras tarefas máis sinxelas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías innovadoras que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resoslución de problemas en contextos da vida real.

Dentro da innovación traballaremos a través da **aprendizaxe cooperativa** e tamén levaremos a cabo algunha paleta de intelixencias múltiples, estruturas co fin se é posible de desenvolver ao final de curso un proxecto de aprendizaxe.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaráselle especial atención á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do alumnado.

A metodoloxía estará baseada en actividades prácticas como:

- A observación de diferentes medios próximos ao alumno (mediante fotos, murais, visitas…).
- Búsqueda de información en guías, enciclopedias, prensa, revistas tecnolóxicas, internet…..
- Resumes, esquemas, murais para fomentar o interese polos avances tecnolóxicos , seguindo sempre un criterio de formación crecente que vai do concreto ao complexo.
- Exposicións dos temas.
- Alternaránse a análise, co traballo e estudo de contidos coa realización de actividades de aplicación. Os contidos serán introducidos maiormente polo

profesor. En ocasions serán os alumnos os encargados de introducir novos contidos coa finalidade de mellorar a súa comprensión dos textos.

- Proxectos teóricos e prácticos traballados na aula taller.

Outras actividades:

a. Os diálogos.

b. Os conflitos cognitivos.

c. Os dilemas morais.

d. Os cuestionarios escritos.

e. Os cuestionarios orais.

f. A exposición oral.

g. Comentarios de distintos tipos de textos (orais, escritos ou audiovisuais).

h. O debate.

i. O coloquio.

j. A entrevista colectiva.

k. Os mapas de contidos.

l. A investigación bibliográfica.

m. Os traballos de investigación.

Agrupamento dos alumnos.

Poderanse realizar diferentes variantes de agrupamentos, en función das necesidades que plantexe a resposta a diversidade e necesidades dos alumnos, e á heteroxeneidade das actividades de ensinanza/aprendizaxe.

Organización do espazo.

Os espazos que se emplearán polo profesor para impartir a asignatura serán varios e estarán en función das actividades que se realicen en cada momento. Como especial, débese dispor, como é lóxico, dunha aula específica para a materia de Tecnoloxía cun espazo e distribución adecuada ás características da materia impartida.

As sesión que requiran unha explicación teórica realizarémolas na aula-clase na que dispoñemos de encerado e pizarra dixital, e as de tipo práctico cando se leve a cabo a aplicación práctica dos contidos explicados, realizarase na aula taller ou na clase de informática onde se encontran as ferramentas, materiais e

os equipos informáticos necesarios.

Á hora de realizar as prácticas ou os proxectos no taller, levarémolos a cabo en grupos. Dependendo do número de alumnos e do material dispoñible os grupos poderán variar dende 3, ou 4 alumnos por grupo. Por outra parte, cando as clases se adiquen a traballo con software determinado, estas levaranse a cabo na aula de informática. No caso de traballar con aplicacións, simuladores, actividades interactivas, etc, procurarase que o traballo sexa por parellas de forma que cada parella dispoña dun equipo informático.

4ESO

As **sesións de aula** empréganse na realización de diferentes actividades introducidas polo profesor coa finalidade de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe co mellor rendemento posible. Estas actividades inclúen a introdución do profesor, o desenvolvemento do establecido e a presentación de resultados, por parte do alumnado, e o control e avaliación da mesma. Estas actividades poden durar 1 ou máis sesións.
O desenvolvemento dos EA vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque se debe implicar na aprendizaxe e na adquisición de habilidades e para o docente, porque terá que despregar os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os estándares de aprendizaxe propios da área.
O docente deberá creará contextos e situacións que representen retos para os alunos, que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obriguen ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc …

O **desenvolvemento** de todo o citado precisará dunha fonte de contidos, ferramentas de traballo físicas e virtuais, unha organización da aula ou do grupo para esta actividade, unha forma concreta de presentar os resultados solicitados (entre outras en papel en formato DIN A4 ou A3, en formato dixital empregando diferentes plataformas ou ben mediante a presentación de resultados ao grupo) e un procedemento adecuado de control e avaliación.

A **avaliación** deste proceso requerirá dunha serie de rúbricas e de probas obxectivas.
As rúbricas utilizadas a este efecto pretenden valorar diferentes aspectos asociados aos estándares de aprendizaxe. Estas rúbricas deben ser coñecidas polo alumnado.
As probas obxectivas para avaliar o traballo individual de cada un dos alunos poderán ser escritas ou en formato dixital.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

2ESO

As necesidades formativas do alumno pódense acadar mediante o uso de diversos materiais curriculares moi diversos.

Os criterios de selección dos materiais docentes curriculares que adopten os equipos docentes axustaranse a un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva a os plantexamentos xenerais de intervención educativa e ao modelo antes proposto. De tal xeito, establécense oito criterios ou directrices xenerais que axudan a avaliar a pertenencia da selección:

1. Adecuación ao contexto educativo do centro.
2. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados da programación.
3. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presencia dos diferentes tipos de contidos e inclusión de temas transversais.
4. Acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada materia.
5. Adecuación aos criterios de avaliación do centro.
6. Variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferencias individuais.
7. Claridade e amenidade gráfica e expositiva.
8. Existencia doutros recursos que facilitan a tarefa educativa.

Entre os **recursos didácticos**, o profesor utilizará os seguintes:

- A explicación do profesor cando sexa estrictamente necesaria; se non é imprescindible, mellor que os propios alumnos vaian progresando na autoaprendizaxe.
- Libro de texto(Editorial Sm).
    - Utilización de libros doutras editoriais para uso e consulta.
- Caderno de actividades.
- Calculadora (se é posible científica).
- Carpeta e fichas de proxectos tecnolóxicos.
- Material de debuxo técnico.
- Xogos para fomentar a rapidez mental do alumno.
- Utilización de fotografías e materiais tecnolóxicas.
- Material de medida (cinta métrica, metro,regras etc.).
- Mapas topográficos ou outras representacións a escala.
- Informacións de prensa que teñan algún contido tecnolóxico.
- Ordenadores e *software* apropiado..

- Traballar con distintas páxinas web de contido tecnolóxico:
    - http://www.smconectados.com
    - www.librosvivos.net
    - http://www.e-sm.net
    - http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/3esotecnoloxias/
    - http://www.tecnoloxias.net
    - http://www.cnice.mec.es/profesores/asignaturas/tecnoloxias/
    - http://www.tecnoloxias.profes.net/
- Útiles, máquinas e ferramentas eléctricas, mecánicas, etc. necesarias para a elaboración dos distintos proxectos tecnolóxicos.
- Materiais para laboratorio tecnolóxico (físico, eléctrico e mecánico).

4ESO

No proceso de acadar o mellor desenvolvemento dos diferentes estándares de aprendizaxe escóllense os recursos máis apropiados como:

- Aula xeral, aula de informática, biblioteca e outras aulas.
- Libros de texto e outros libros complementarios.
- Aplicacións WEB.
- Bancos Dixitais de Recursos.
- Material Multiformato Selecto (videos, imáxenes, infografías, mapas conceptuais, presentacións …).

Hoxe en día pódense atopar moitas novedades constantemente en relación cos recursos educativos. Esta situación implica que ao longo do curso é fácil empregar recursos non programados.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

2 ESO

Ao comezo do curso todos os alumnos foron informados dos criterios de avaliación e criterios de cualificación e promoción que o departamento vai seguir para a avaliación dos alumnos e que se terán en conta durante todo o curso e que serán os mesmos para todo o alumnado a excepción dos alumnos con necesidades específicas para os que se levaran a cabo unhas adaptacións dos criterios de cualificación en función das características e necesidades de cada alumno, porque deste xeito mellórase o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O alumno debe saber que se espera del e cómo se lle vai a avaliar; solo así podrá facer o esforzo necesario na dirección adecuada para alcanzar os obxectivos propostos.

No caso dos alumnos con necesidades especiais, para o cálculo da cualificación da avaliación teranse en conta con máis peso aquelas actividades e tarefas máis axeitadas ao nivel do alumno.

Arbitrarase, tamén, o modo de informar sobre os criterios de avaliación e calificación ás familias dos alumnos, así como os criterios de promoción.

Avaliaranse os estándares cos seguintes instrumentos de avaliación.

1. **PROBAS:** (Probas escritas ou prácticas).
2. **TRABALLOS E PROXECTOS**: Traballos de investigación e exposición realizados e proxectos que fagan no taller.
3. **TRABALLO NA AULA**: Neste apartado terase en conta o traballo diario na aula.
4. **AULA INTERACTIVA**: Neste apartado terase en conta as cualificacións obtidas nas actividades que realicen online.

Criterios de cualificación.

Peso das competencias por contexto de aplicación.

Contexto de aplicación	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Proba escrita	20			35	30	5	5
Lectura comprensiva	25	40	10	15	5	60	20
Taller de proxectos	30	40	50	20	40	10	50
Actividades clase. Exercicios.	25	20	40	30	25	25	25

Peso da nota final trimestral.

	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Peso da competencia	10	5	13	17	30	4	21

AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- Naqueles casos nos que a nota trimestral sexa inferior a 5 o alumno deberá repetir algunha ou algunhas das actividades ou das probas obxectivas, dependendo do caso particular. Con esta corrección das valoracións poderase obter a nova nota trimestral como xa se indicou previamente. Esta nova nota trimestral será considerada en caso de ser superior á nota inicial. No caso contrario vaise manter a nota trimestral previa.

AVALIACIÓN GLOBAL ORDINARIA

- Nesta valoración global do curso serán consideradas as tres notas dos respectivos trimestres. A nota global ordinaria da materia será a nota media aritmética das citadas tres notas sempre que a nota do terceiro trimestre non a supere. Neste último caso a nota global ordinaria será a nota do terceiro trimestre.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

Exploración inicial:

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar un sondeo previo entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para

comprobar os coñecementos existentes sobre o tema e establecer estratexias de profundización; e ao alumno, para informarlle sobre o seu grao de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de avaliación inicial.

Caderno do profesor:

É unha ferramenta importante no proceso de avaliación. Debe constar de fichas de seguimento personalizado, donde se anoten todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento nas tarefas propostas, participación, actitude, resultados das probas e traballos, etc.

Para completar o caderno do profesor será necesaria a observación diaria, supervisar o caderno ou carpeta do alumno, tomar nota das súas intervencións e anotar as impresións obtidas en cada caso. Entre os aspectos que precisan dunha observación sistemática e análise de tarefas destacan:

- Observación directa e continua diaria.
- Participación nas actividades de aula
- Caderno de clase

Análise das producción dos alumnos:

- Resúmenes.
- Traballos de aplicación e síntese.
- Textos escritos

Probas de control obxectivas:

Deben ser o máis variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, a súa vez, de varios tipos:

- De información.
- De elaboración.
- De investigación.
- Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.

Rúbricas de avaliación:

- Rúbricas para a avaliación: das unidades didáctica, das tarefas competenciais.
- Rúbricas para a autoavaliación do alumno: da tarefa competencial, do

traballo en equipo, de exposicións orais e de comprensión lectora.

Traballos especiais:

De carácter absolutamente voluntario e propostos na aula.

Intercambios orais cos alumnos: diálogos, entrevistas, posta en común, asambleas, exposicións de temas.

Proxectos Tecnolóxicos:

- O diario de clase coa información, anotacións e apuntes sobre a realización do traballo cada día, donde explicarán todas as incidencias, problemas, dudas, suxerencias, investigacións, ideas, propostas, etc. que aparezan ao longo da sesión. Ademais da explicación do traballo realizado cos materiais e ferramentas usados.

- Presentación do proxecto final: construcción e informe do grupo.

  Calidade nos acabados.

  Orixinalidade nas solucións.

  Cumprimento dos prazos.

- Presentación do "Informe final de grupo" do proxecto elaborado. O alumno debe de valorar no informe:

  O seu propio traballo.

  A dinámica da aula.

  Organización, medios e recursos dispoñibles.

  Materiais complementarios entregados, documentación, medios audiovisuais, visitas, etcétera.

- Ficha de pequeno grupo.

  Realización do deseño inicial e final.

  Previsión de materiais e ferramentas.

  Organización durante o proceso de construcción.

  Funcionamento da máquina.

  Presentación e valoración do seu traballo.

- Entrevista persoal dentro do grupo para coñecer o nivel de participación.
- Presentación ao resto da clase do traballo terminado.

Para poñer en práctica estos instrumentos de avaliación e poder aplicalos de forma procesual, continua e sistemática é primordial a asistencia diaria a clase do alumnado.

4ESO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación trimestral poden agruparse en:

Actividades programadas, grupais ou inviduais.

Estas actividades, que van estruturando o desenvolvemento da materia, serán avaliadas coa correspondente rúbrica. Nestas actividades o alumnado pode contar con información en diferentes formatos e coa axuda dos compañeiros e do profesor. A valoración poderá ser obtida de forma individual ou ben de forma grupal dependendo da estrutura da propia actividade. Inclúense neste apartado todas as actividades ordinarias de aula e traballos de todo tipo.

Probas obxectivas individuais.

Estas probas inviduais poderán ser realizadas de forma escrita ou ben en formato dixital. A valoración das mesmas contará coa correspondente rúbrica. Nestas probas o alumno non poderá contar con axuda externa.

As valoracións das actividades e das probas obxectivas servirán para obter unha nota trimestral.

Naqueles casos nos que a nota trimestral sexa inferior a 5 o alumno deberá repetir algunha ou algunhas das actividades ou das probas obxectivas, dependendo do caso particular, para mellorar o resultado obtido previamente.

Na avaliación ordinaria global considéranse as notas dos tres trimestres coa finalidade de obter unha nota global que reflexe o nivel acadado polo alumno.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4º ESO.

Peso das competencias por contexto de aplicación.

Contexto de aplicación	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Proba escrita	20			35	30	5	5
Lectura comprensiva	25	40	10	15	5	60	20
Taller de proxectos	30	40	50	20	40	10	50
Actividades clase. Exercicios.	25	20	40	30	25	25	25

Peso da nota final trimestral.

	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD

Peso da competencia	11	8	13	22	32	1	13

AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- Naqueles casos nos que a nota trimestral sexa inferior a 5 o alumno deberá repetir algunha ou algunhas das actividades ou das probas obxectivas, dependendo do caso particular. Con esta corrección das valoracións poderase obter a nova nota trimestral como xa se indicou previamente. Esta nova nota trimestral será considerada en caso de ser superior á nota inicial. No caso contrario vaise manter a nota trimestral previa.

AVALIACIÓN GLOBAL ORDINARIA

- Nesta valoración global do curso serán consideradas as tres notas dos respectivos trimestres. A nota global ordinaria da materia será a nota media aritmética das citadas tres notas sempre que a nota do terceiro trimestre non a supere. Neste último caso a nota global ordinaria será a nota do terceiro trimestre.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A posible PROMOCIÓN ou TITULACIÓN de alumnado con tres materias suspensas será acordada en sesión de avaliación. En relación a esta materia o voto será positivo sempre e cando non exista abandono da materia.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				

6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2**				

BÁSICO Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9. PLANS DE SEGUEMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada non establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en setembro.
- As probas escritas de ambas convocatorias, maio e setembro, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación pola pandemia. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2019/2020, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2ESO A

As medidas que se levan a cabo son:

Ordinarias:

Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos.

Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

Apoios en lingua castelá, lingua galega, 1ª lingua estranxeira, inglés e matemáticas.

Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
Emprego das TIC.
Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
Titoría entre iguais.
Aprendizaxe por proxectos.
Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.
Extraordinarias:
Adaptacións curriculares significativas.
Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.
Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

2ESO B

As medidas que se levan a cabo son:
Ordinarias:
Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.
Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos.
Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.
Apoios en matemáticas.
Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
Emprego das TIC.
Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
Titoría entre iguais.
Aprendizaxe por proxectos.
Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.
Extraordinarias:
Adaptacións curriculares significativas.
Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.
Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

4ESO B

As medidas que se levan a cabo son:

- Ordinarias:
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

- Emprego das TIC.
- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexividade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.
- Extraordinarias:
- Adaptacións curriculares significativas.
- Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Coa finalidade de mellorar a comunicación lingüística realizaremos análise de textos científicos relacionados coa materia, utilizaremos en determinadas sesións vocabulario científico básico en inglés e utilizaremos a presentación oral de contidos como técnica de presentación de resultados.

Serán utilizadas diferentes técnicas de presentación de contidos e procedementos como mapas conceptuais, liñas temporais, infografías e outras alternativas que ofrecen diferentes aplicacións informáticas.

Realizaremos operacións de cálculo numérico, representacións de datos e interpretación de resultados.

En determinadas sesións a reprodución artística de conceptos pode ser interesante e ao mesmo tempo motivante e estimulante para o alumnado. Con este tipo de técnica preténdese tamén reforzar a representación simbólica, a capacidade de desenvolver novas ideas propias, o espírito crítico e a percepción de conceptos con maior claridade.

En todo momento o ambiente de aula, entre os propios alumnos e entre o profesor e os alumnos, pretende promover o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a actual situación de pandemia causada polo coronavirus, non resulta razoable realizar ningunha actividade desta índole.

No caso de que cambie a situación sanitaria ou exista a posibilidade de organizar actividades que cumplan os requisitos de seguridade establecidos no Protocolo do 31de agosto de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a realización das mesmas será aprobada na Xunta de Departamento e remitirase unha modificación da programación á Inspección Educativa.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2019/2020 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
De ser posible, o traballo individual, combinarase co cooperativo, acudindo ao pequeno grupo cando se queira buscar o reforzo para os alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lento ou a ampliación para aqueles que mostren un ritmo de aprendizaxe máis rápido; aos grupos flexibles cando así o requiran as actividades concretas ou cando se busque a constitución de equipos de traballo nos que o nivel de coñecemento dos seus membros sexa diferente pero exista coincidencia en canto a intereses; ou á constitución de talleres, que darán resposta a diferentes motivacións.

En calquera caso, o profesorado decidiremos á vista das peculiaridades e necesidades concretas dos seus alumnos, o tipo de agrupamento que consideremos máis operativo, sempre que as circunstancias de saúde pública así o permitan.

Se fose posible, para realizar traballos cooperativos se conformarán grupos de traballo heteroxéneos. Axudaremos ao alumnado a organizar o traballo de maneira autónoma e consensuada: distribuír roles en función das habilidades e intereses, establecer prazos, realizar propostas, debatelas despois dunha escoita activa utilizando argumentos, tomar decisións, consensuar propostas, elixir os materiais necesarios e transformar as propostas en produtos concretos. Así o alumno reflexionará sobre a súa propia aprendizaxe, fomentará a convivencia e potenciará unha das ferramentas máis potentes e produtivas para a aprendizaxe: a ensinanza entre iguais.

Espazos

A organización dos espazos irá en función dos distintos tipos de actividades que

se poden levar a cabo:
Dentro da aula poderanse adoptar disposicións espaciais diversas en función da natureza da actividade. Todas as aulas dispoñen de pizarra dixital.
Fóra da aula: Biblioteca, Sala de informática, Salón de actos.
Fóra do centro: Visitas e actos culturais na localidade ou fóra dela.
Esta mobilidade será posible se as circunstancias a permitan. Se non fose posible, os alumnos manteránse na súa aula para a realización de todas as actividades programadas.

6.- MATERIAIS E RECURSOS

Materiais e recursos

Entre os recursos didácticos utilizaremos:

- A explicación do profesor cando sexa estritamente necesaria; se non é imprescindible, mellor que os propios alumnos vaian progresando na autoaprendizaxe.
- Anuarios, atlas e revistas especializadas.
- Noticias e artigos de prensa.
- Fotocopias de textos, gráficos, cadros, táboas, etc.
- Visionado de programas de televisión sobre temas de interese social, histórico, antropolóxico, etc.
- Proxección e comentario de películas
- Mapas e atlas
- Materiais de Edixgal para o alumnado de 1º ESO
- O libro do alumnado para Xeografía e Historia de Celme SM para 2º, 3º e 4º ESO
- Uso das fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno *Celme dixital*
- Uso do contorno *Celme dixital* para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada.
- Debate, como ferramenta que estimula o seu interese e capacidade de reflexionar, relacións, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións, e sacar conclusións.
- Uso habitual das TIC.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

7.1- Criterios de cualificación

O curso académico consta de tres avaliacións trimestrais e unha avaliación final de xuño.

AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS:

A materia será avaliada en cada avaliación conforme aos seguintes criterios e instrumentos:

<table>
<tr><td colspan="3">CONTEXTOS DE APLICACIÓN</td></tr>
<tr><td colspan="2">PROBAS ESCRITAS</td><td rowspan="3">Relativas a cada UD traballada (unha ou máis, dependendo da dificultade da materia)
Poderán ter distintos formatos (preguntas breves, preguntas a desenvolver, tipo test, probas orais, Kahoots, Socrative, Plickers, formularios de Google forms ...)
O formato de cada proba (tanto teórica como práctica) será coñecida polos alumnos antes de comezar a explicar cada lección.

Realizaranse un mínimo de dúas probas escritas por avaliación e farán media entre elas.</td></tr>
<tr><td>2ºESO</td><td>4º ESO</td></tr>
<tr><td>40%</td><td>50%</td></tr>
<tr><td colspan="2">TEXTOS HISTÓRICOS</td><td rowspan="3">Por cada proba teórica, farase un traballo con textos que versará sobre os contidos da unidade/s a avaliar.</td></tr>
<tr><td>2ºESO</td><td>4º ESO</td></tr>
<tr><td>10%</td><td>12,5%</td></tr>
<tr><td colspan="2">PRÁCTICAS</td><td rowspan="3">Trátase de prácticas diferentes en cada UD (no caso de 2ºESO), ou en cada avaliación (para 4º ESO) puidendo avaliarse comentarios de arte, mapas, traballos de investigación dalgún tema concreto, ... que serán publicados ao comezo de cada tema.</td></tr>
<tr><td>2ºESO</td><td>4º ESO</td></tr>
<tr><td>20%</td><td>25%</td></tr>
<tr><td colspan="2">ACTIVIDADES DE AULA</td><td rowspan="3">Neste apartado inclúese o traballo na aula, xa sexa de xeito individual ou cooperativo: traballo diario, participación, actividades rematadas, corrección de erros, exercicios, Plickers ou Kahoots de control do estudo...</td></tr>
<tr><td>2ºESO</td><td>4º ESO</td></tr>
<tr><td>30%</td><td>12,5%</td></tr>
</table>

AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final de xuño calcúlase realizando a media das cucalificacións trimestrais obtidas polo estudante. Neste cálculo teranse en coconta os seguintes puntos:

- Cando a media aritmética das tres avaliacións trimestrais sexa igual ou superior a 5, o alumnado terá superada a materia do curso. Porén, para mellorar esa cualificación media, o alumnado terá a posibilidade de realizar actidades ou probas

naqueles contextos de aplicación de cualificación máis baixa (sexa ou non aprobado).

- Os alumnos que non acaden unha media de 5 sobre 10 na media das tres avaliacións, deberán realizar actividades ou probas naqueles contextos de aplicación de cualificación non superada.

- O cálculo das notas en xuño, ademais require a avaliación das sete competencias clave (CCL, CSC, CSIEE, CAA, CMCCT, CCEC e CD). Obtidas as sete cualificacións, calcúlase a súa media ponderada segundo os perfís competenciais da materia dos diferentes cursos da ESO. Nas seguintes táboas detállanse os contextos nos que son avaliadas as diferentes compentencias e os pesos das CC que serán tidos en conta para calcular a nota que figurará no boletín co que se informa ás familias do proceso de ensino-aprendizaxe dos estudantes a final de curso.

PESO DAS COMPETENCIAS CLAVE NOS CONTEXTOS DE APLICACIÓN PARA 2º ESO							
CONTEXTOS DE APLICACIÓN	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
PROBAS ESCRITAS	40	40	40	40	40	40	40
OBRADOIRO DE TEXTOS	10	10	10	10	10	10	10
OUTRAS PRÁCTICAS	20	20	20	20	20	20	20
ACTIVIDADES DE AULA	30	30	30	30	30	30	30
PERFÍS COMPETENCIAIS (pesos para calcular as medias)							
CURSO	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
2º ESO	15	20	18	21	22	1	3
4º ESO	23	5	2	28	38	2	2

PESO DAS COMPETENCIAS CLAVE NOS CONTEXTOS DE APLICACIÓN PARA 4º ESO							
CONTEXTOS DE APLICACIÓN	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
PROBAS ESCRITAS	50	50	50	50	50	50	50
OBRADOIRO DE TEXTOS	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5
OUTRAS PRÁCTICAS	25	25	25	25	25	25	25
ACTIVIDADES DE AULA	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5
PERFÍS COMPETENCIAIS (pesos para calcular as medias)							
CURSO	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
2º ESO	15	20	18	21	22	1	3
4º ESO	23	5	2	28	38	2	2

7.2.- Procedementos de avaliación

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno en clase.
- Intercambios orais: preguntas en clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común
- Realización de exercicios específicos que respondan aos diversos obxectivos programados na unidade didáctica.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados.
- Observación na aula dos alumnos respecto á materia.
- Proba específica de avaliación da unidade didáctica.
- Autoevaluación. Expresar criterios e opinións sobre as dificultades atopadas, sobre o que lles gusta ou non incluíndo o seu xuizo sobre os resultados.
- Coevaluación, enfocada cara a constante retroalimentación.
- Seguimento individualizado. Terase en conta o esforzo, interese e evolución de cada alumno

atendendo ás capacidades propias de cada un.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				

5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.
2 BÁSICO Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
3 COMPETENTE Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
4 EXCELENTE. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				

9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA
1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.
2 BÁSICO Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
3 COMPETENTE Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
4 EXCELENTE. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada non establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en setembro.
- As probas escritas de ambas convocatorias, maio e setembro, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación pola pandemia. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2019/2020, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levan a cabo son:

Ordinarias:

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

- Emprego das TIC.

Se a situación co COVID-19 o permitise, levaríamos a cabo tamén as seguintes medidas:

- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexibilidade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

Extraordinarias:

- Adaptacións curriculares significativas.
- Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desvantaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

▪ Comprensión lectora ▪ Expresión oral e escrita	Fomentará a capacidade de síntese, capacidade de relación, emprego dun vocabulario axeitado, realización de actividades e traballos específicos, búsqueda de información e traballos de investigación.
▪ Comunicación audiovisual ▪ Tecnoloxías da información e comunicación	Traballarase á hora de presentar e elaborar contidos; na búsqueda de información, na creación de novos coñecementos. No desenvolvemento das clases realizaranse visionados de vídeos, fragmentos de películas, documentais etc. Tamén levarase a cabo o uso de internet, prensa diaria etc.
▪ Emprendemento	Traballarase cando se realicen producciónsde traballos de maneira individual ou en grupo , traballos dos alumnos de maneira autónoma; presentación de contidos de maneira creativa e atractiva.
▪ Educación cívica e constitucional	Traballarase ao fomentar o respecto entre os alumnos, a interactuación con todos os membros da comunidade educativa conforme a unhas normas baseadas no respecto mutuo e o respecto a unhas normas de convivencia.
▪ Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres ▪ Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade	Traballaranse cando se analicen as diferentes etapas na Historia Antiga, o desenvolvemento das sociedades desta época e a posible discriminación que se realizaba. Fomentaranse actitudes que rexeiten os comportamentos sexistas. Favorecerase o seu tratamento tamén, ao analizar o desenvolvemento das sociedades actuais e a súa diversidade, os

▪ Aprendizaxe de resolución e resolución pacífica de conflitos	comportamentos e valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o respecto aos home e mulleres por igual. Fomentaranse actitudes que rexeiten os comportamentos sexistas Favoreceranse actividades que analicen e conmemoren datas sinaladas como o día da muller traballadora, o día da paz etc, para fomentar e para favorecer a resolución de conflitos de maneira pacífica.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a actual situación de pandemia causada polo coronavirus, non resulta razoable realizar ningunha actividade desta índole.

No caso de que cambie a situación sanitaria ou exista a posibilidade de organizar actividades que cumplan os requisitos de seguridade establecidos no Protocolo do 31de agosto de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a realización das mesmas será aprobada na Xunta de Departamento e remitirase unha modificación da programación á Inspección Educativa.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2019/2020 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos
constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.

- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia				

metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos				

mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

LENDA

1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.

2 BÁSICO Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.

3 COMPETENTE Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador

4 EXCELENTE. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

15. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

2º ESO XH	
UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
UD 1 H A IDADE MEDIA: BIZANCIO E O ISLAM.	XHB3.1.1 - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. XHB3.3.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB3.3.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

	XHB3.4.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos XHB3.5.1 - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.. XHB3.6.1 - Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. XHB3.7.1 - Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos. XHB3.9.1 - Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. XHB3.9.2 - Explica a importancia de Al- Andalus na Idade Media
UD 2 /UD 3 H A SOCIEDADE FEUDAL. CIDADES E REINOS MEDIEVAIS. A ARTE MEDIEVAL.	XHB3.8.1 - Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. XHB3.12.1 - Describe características da arte románica, gótica e islámica.
UD 4H A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA	XHB3.10.1 - Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. XHB3.10.2 - Explica a importancia do Cam. de Santiago. XHB3.11.1 - Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
UD 1 XEO A POBOACIÓN MUNDIAL	XHB2.1.1 - Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. XHB2.1.2 - Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
UD 2 XEO A POBOACIÓN EUROPEA E ESPAÑOLA	XHB2.2.1 - Explica as características da poboación europea. XHB2.2.2 - Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. XHB2.3.1 - Explica a pirámide de poboación, España e CC.AA. XHB2.3.2 - Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. XHB2.4.1 - Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. XHB2.8.2 - Elabora gráficos de distinto tipo en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demog. de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
UD 3 XEO UN MUNDO DE CIDADES	XHB2.5.1 - Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. XHB2.5.2 - Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. XHB2.6.1 - Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en

	Europa. XHB2.6.2 - Distingue os tipos de cidades do noso continente. XHB2.7.1 - Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. XHB2.9.1 - Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. XHB2.10.1 - Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
UD 4 O RELEVO E CLIMA DE ESPAÑA E GALICIA	XHB1.1.1 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. XHB1.2.1 - Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. XHB1.3.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. XHB1.4.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. XHB1.5.1 - Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. XHB1.5.2 - Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. XHB1.5.3 - Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. XHB1.6.1 - Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. XHB1.7.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e Galicia, e localiza páx. e recursos web directa. relacionados con eles. XHB2.8.1 - Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns.

4º ESO XH	
UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
UD 1 O ANTIGO RÉXIME E A ILUSTRACIÓN	XHB1.1.1 – Establecer, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.

UD 2 AS REVOLUCIÓNS BURGUESAS	XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.
UD 3 A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL	XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. XHB3.4.1 - Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX
UD 4 O IMPERIALISMO UD 5 OS INICIOS DO SÉCULO XX	XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. XHB4.2.1 - Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. XHB4.3.1 - Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa. XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.
UD 6 O PERIODO DE ENTREGUERRAS	XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do

	fascismo en Europa. XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II Rep. española, e reaccións a elas. XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
UD 7-8 A II GUERRA MUNDIAL	XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). XHB6.2.1 – Sitúa nun mapa as fases do conflito. XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
UD 9 A GUERRA FRÍA E A DESCOLONIZACIÓN	XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da G. Fría. XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. XHB6.5.2 - Distingue entre contextos de procesos de descolonización por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).
UD 10 O FINAL DA GUERRA FRÍA	XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.
UD 11 O MUNDO ENTRE OS SÉCULOS XX E XXI	XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época. XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

	XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.
UD 12 O SÉCULO XXI	XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

16. ANEXO RÚBRICAS.

Ademais dos métodos tradicionais de avaliación (exames), o traballo de aula, as investigacións do alumnado na súa casa, así como as prácticas con textos ou de calquera índole que se lle van pedir ao alumno ao longo do curso, van ser avaliadas con rúbricas.

Aportamos neste anexo ás máis recurrentes, pero non son un numerus clausus, xa que se elaborarán en función das actividades que se vaian implementando. Sempre van ser coñecidas polo alumnado antes da súa aplicación.

Amosamos as seguintes:

1. Rúbrica para presentacións en power point.
2. Rúbrica para o cuaderno de aula.
3. Rúbrica para a realización dun mapa conceptual.
4. Rúbrica para proxectos e traballos.

Presentacion power point	EXCELENTE. 4 5	MOI BIEN 3 4	ACEPTABLE. 2 3	DEFICIENTE. 1
ORTOGRAFIA 10%	O traballo non presenta ningún erro ortográfico, se respetan as reglas gramaticais.	O traballo presenta de **un a dous erros** de ortografia	O traballo presenta de **dous a tres erros** de ortografía	A presentación amosa **4 ou máis erros** ortograficos ou reglas gramaticais
CONTIDO 40%	Identifícanse as ideas principais do tema que se aborda, se presentan demanera clara e concreta	Identifícanse as ideas principais e secundarias **pero algunas ideasson ambiguas**	Identifícanse as ideas principais pero **a informacion non é concreta, é demasiada e pouco atractiva**	Amósanse so algunhas ideas principais e **non se apoia en ideas secundarias, existe demasiada informacióne é pouco relevante**
DOMINIO DO TEMA 40%	O alumno expón con claridade e fluidez durante a presentación. É evidente su coñecemento do tema	Presenta dominio parcial do tema, algunhas ideas non quedan moi claras ou titubea al expoñelas	Ocasionalmente presenta con claridade e se entende o que quere dicir, non quedan moi claras algunhas ideas	Non expón con seguridade e é evidente que **descoñece do que está a expor**
CALIDADE DAS DIAPOSITIVAS 10%	As diapositivas están claras, teñen as ideas principais, pouco texto, inclúen imaxes, o contraste é bo e distínguese facilmente todo o texto	As diapositivas están un pouco saturadas de texto, as imaxes son poucas ou non acordes ao tema; o contraste de cores non afecta á lectura	As diapositivas están saturadas de texto, as imaxes son poucas ou non acordes ao tema; o contraste de cores non axuda á lectura.	As diapositivas non son claras, demasiado texto, non inclúe imaxes ou son poucas. O contraste de cores fai difícil a lectura

Libreta*	Experto 4	Avanzado 3	Aprendiz 2	Novel ou inexperto 1
Boa letra e limpeza **65%**	A libreta vese ordenada, con letra clara, data, marcando os títulos con outra cor e respectando las marxes.	A libreta vese ordenada, con letra clara, pero os títulos, marxes ou data non están ben.	A libreta non se ve moi ordenada ou con letra clara, e os títulos ou marxes apenas se respectan.	A libreta non se ve ordenada nin con letra clara. Os títulos ou marxes non se respectan.
Espacios e separacións. **25%**	Os espacios déixanse de forma apropiada nos títulos, enunciados e actividades, así como, entre diferentes actividades.	Os espacios déixanse de forma apropiada ainda que falla ou nos títulos, enunciados ou actividades.	Os espacios nos títulos, actividades ou enunciados falla en dous partes.	A xestión de espacios e separacións é caótica.
Entrega a libreta no día que se pide **10%**	Entrega a libreta no día acordado para entregala.	Entrega a libreta un día tarde.	Entrega a libreta dous días tarde ou másı.	Non entrega a libreta.

Rúbrica proxectos e traballos	Excelente 4 4	Ben 3 3	Regular 2	Mal 1 0
Participación nas actividades 12.5%	Fixo todas as actividades	Rematou a maioría das actividades	Hai moitas actividades sen realizar	Non realizou as actividades propostas
Responsabilidade 12.5%	Realiza o traballo de forma autónoma	Foi necesario recordarll e a veces as tarefas	Moitas veces se despista e no realiza as actividades	Non conseguiu realizar as actividades de forma autónoma
Adquisición de procedementos 12.5%	Segue todos os procesos que se indican	Realiza a maioría dos procedementos	Cústalle realizar os procedementos	Non realiza casi nunca os procedimientos
Participación na investigación 12.5%	Busca en diferentes fontes de información sen problema	É capaz de buscar fontes de información pero non en todas	Cústalle encontrar información e chegar a conclusións, pero logra algúns resultados	Non é capaz de investigar
Redacción e elaboración do proxecto 12.5%	Tivo unha participación decisiva na redacción	A súa redacción contribuiu notablemente ao éxito do equipo	Participou na redacción pero a súa contribución foi escasa	Non participaou na elaboración do proxecto
Traballo de colaboración para o desenvolvemento do proxecto en equipo 12.5%	Axuda sempre ao grupo a tomar decisións	A maioría das veces aporta ideas	Cústalle cooperar casi sempre	Non contribúe ao traballo de equipo
Participación na publicación dixital 12.5%	Utiliza as TIC con destreza para presentar o proxecto.	Usa con certa habilidade as ferramentas TIC	Usa as TIC para o desarrollo do proxecto	Non emplea as TIC porque non é capaz
Presentación oral. 12.5%	Expón sen problemas os resultados do traballo de equipo	Desenvólvese ben na exposición oral do equipo	Cústalle coordinarse cos seus compañeiros na exposición	Non logra facer a presentación oral do proxecto

Mapa conceptual	Excelente 4	Ben 3	Regular 2	Mal 1 0
Construcción de Párrafos 16.67%	Todos os parágrafos inclúen unha introducción, explicacións ou detalles e unha conclusión.	A maior parte dos parágrafos inclúe unha introdución, explicacións ou detalles e unha conclusión.	Os parágrafos inclúen información relacionada pero non foron xeralmente ben organizados.	A estructura do parágrafo non estaba clara e as oracións non estaban xeralmente relacionadas.
Redacción 16.67%	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Casi non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Uns poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación.
Cantidad de Información 16.67%	Todos os temas tratados e todas as preguntas foron contestadas en alomenos 2 oracións.	Todos os temas tratados e a maior parte das preguntas foron contestadas en alomenos 2 oracións.	Todos os temas tratados e a maior parte das preguntas foron contestadas en alomenos 1 oración.	Un ou máis temas non están tratados.
Calidad de Información 16.67%	A información está claramente relacionada co tema principal e proporciona varias ideas secundarias e/ou exemplos.	A información dá resposta ás preguntas principais e 1-2 ideas secundarias e/ou exemplos.	A información dá resposta ás preguntas principais, pero non dá detalles e/ ou exemplos.	A información ten pouco ou nada que ver coas preguntas plantexadas.
Organización 16.67%	A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos.	A información está organizada con parágrafos ben redactados.	A información está organizada, pero os parágrafos non están ben redactados.	A información proporcionada non parece estar organizada.
Diagrama e ilustraciones 16.67%	Os diagramas e ilustracións son ordenados, precisos e engaden entendemento ao tema	Os diagramas e ilustracións son precisos e engaden entendemento ao tema	Os diagramas e ilustracións son ordenados e precisos e algunhas veces engaden entendemento ao tema	Os diagramas e ilustracións non son precisos ou non engaden entendemento ao tema.

Colegio Plurilingüe
La Inmaculada
Marín
Hijas de la Caridad
Educación Vicenciana

ED. PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

4º ESO

MESTRE: ANA Mª ACUÑA RODRÍGUEZ

Colegio Plurilingüe
La Inmaculada
Marín
Hijas de la Caridad
Educación Vicenciana

ÍNDICE

1.- Introdución e contextualización.....3

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....3-10

3.- Concreción dos obxectivos por curso……..10-11

4.- Concreción dos estándares de aprendizaxe 12-14

5.- Concrecións metodolóxicas.....15

6.- Materiais e recursos didácticos.....15-16

7.- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción.....17-20

8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente 21-22

9.- Plans de seguemento das materias pendentes.....22

10.- Procedementos para realizar a avaliación inicial 22

11.- Medidas de atención á diversidade.....23

12.- Concreción dos elementos transversais 23-25

13.- Actividades complementarias e extraescolares 25

14.- Mecanismos de revisión da programación en relación cos resultados académicos 26-27

15.- Relación de unidades didácticas……27-28

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está dirixida ao alumnado de EPVA de 4º ESO. Atopámonos cun grupo de 19 alumnos, dos cales nove son mulleres e dez son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai seis rapaces que teñen materias pendentes do curso anterior (un deles EPVA) e tres rapazas, unha delas está repetindo e outra é imperativo legal.

A profesora que imparte docencia neste curso é: Ana María Acuña Rodríguez.

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: unha rapaza con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e un rapaz sen diagnóstico pero que presenta rasgos de dito trastorno, dous rapaces con dificultades nas linguas e un rapaz con dificultades de aprendizaxe por falta de hábito de estudio, absentismo e desmotivación.

Hai unha alumna que se incorpora por primeira vez ao centro escolar procedente doutra comunidade autónoma.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O perfil competencial fai referencia á relacion que existe entre os estándares de cada materia e as competencias clave coas que están relacionados.

Na área de **Educación Plástica, Visual e Audiovisual** incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descriptores máis afíns á área.

Esta área contribúe á adquisición da **competencia lingüística** na medida que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario especifico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descriptores que priorizaremos serán:

1. Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
2. Expresar oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
3. Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra e escoita atenta ao interlocutor.
4. Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Na **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** a área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica, así como a profundización en aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén se adestran procedementos relacionados co método científico, como son a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.
Os descriptores que, fundamentalmente, traballaremos serán:

1. Interactuar coa contorna natural de maneira respectuosa.
2. Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura.
3. Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
4. Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc.).
5. Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
6. Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES		
COMPETENCIA CLAVE: **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**		
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDAR**
4º ESO	**EPVA**	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.
		EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.
		EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
		EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
		EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
		EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
		EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.
		EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
		EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

Dentro da área ao respecto da **competencia dixital**, aparecen contidos que fan referencia á contorna audiovisual e multimedia, dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais.

Para iso, nesta área traballaremos os seguintes descriptores da competencia:

1. Empregar distintas fontes para a procura de información.
2. Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
3. Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
4. Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
5. Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
6. Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
7. Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Esta materia contribuirá á **competencia para aprender a aprender** na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os descriptores que adestraremos son:

1. Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
2. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
3. Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
4. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
5. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES		
COMPETENCIA CLAVE: Aprender a aprender (CAA)		
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDAR**
4º ESO	**EPVA**	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
		EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.
		EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.
		EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
		EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
		EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.

	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
	EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado
	EPVAB2.2.4Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.
	EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a **competencia social e cívica**, na medida que as producións artísticas pódense expor como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra banda, o fomento da creatividade na aula leva a valorar diversos enfoques e formulacións.
Para iso, adestraremos os seguintes descriptores:

1. Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
2. Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
3. Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos establecidos.
4. Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
5. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES		
COMPETENCIA CLAVE: Competencias sociais e cívicas (CSC)		
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDAR**
4º ESO	**EPVA**	B1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Esta área colabora en gran medida na adquisición do **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto; e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de avaliación de resultados. Este proceso sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.
Os descriptores que adestraremos son:

1. Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

2. Ser constante no traballo, superando as dificultades.
3. Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
4. Priorizar a consecución de obxectivos *grupales a intereses persoais.
5. Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
6. Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
7. Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
8. Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
9. Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
10. Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES		
COMPETENCIA CLAVE: **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**		
NIVEL	**ÁREA**	**ESTÁNDAR**
4º ESO	**EPVA**	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.
		EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
		EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.
		EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.
		EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaas no período ao que pertencen
		EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.
		EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
		EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.
		EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
		EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.
		EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

	EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras
	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.
	EPVAB4.1.2. Realiza un *storyboard* a modo de guión para a secuencia dunha película.
	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.
	EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.
	EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
	EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
	EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.
	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a **competencia artística e cultural**, xa que ponse en énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e, desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e ése capaz de expresarse a través da imaxe.
Polo que nesta área traballaremos os seguintes descriptores:

1. Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
2. Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
3. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Á hora de integrar todas as competencias clave na programación didáctica, tivéronse en conta as indicacións do artigo 3.3 do Decreto 86/2015, que indica que se potenciará o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL) e a matemática (CMCT), polo que se traballan frecuentemente. Tamén se prescribe que deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas, que permitan ao alumnado desenvolver varias competencias ao mesmo tempo. Para unha maior coherencia dos elementos, ditas competencias relaciónanse cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables.

Colegio Plurilingüe
La Inmaculada
Marín
Hijas de la Caridad
Educación Vicenciana

RÚBRICA EPVA						
Alumna/o:					1ª / 2ª / 3ª AV	
Apartado avaliable	Competecia	Grao de desenvolvemento				Cualificación
		NIVEL 4	**NIVEL 3**	**NIVEL 2**	**NIVEL 1**	
Expresión oral fluída e clara	CCL	Exprésase oralmente con fluidez e claridade de maneira sobresaínte.	Exprésase oralmente con fluidez e claridade.	Aínda que fai o esforzo, a súa expresión oral non é fluída nin clara.	A súa expresión oral non é nin fluída nin clara e non fai o esforzo de mellorar.	
Concreción e concisión na exposición	CCL CAA	Argumenta con concreción e concisión empregando a linguaxe técnica propia do tema que desenvolve e por riba do nivel da materia.	É concreto na súa exposición e emprega a linguaxe técnica propia da materia.	Cústalle concretar e emprega unha linguaxe pouco técnica.	O seu argumento é disperso e a linguaxe empregada non é propia da materia nin do nivel.	
Grao de investigación persoal	CAA CSIEE CMCCT CD CCEC	Traballa activamente e con iniciativa persoal aportando información veraz e contrastada.	Traballa seguindo as directrices dos compañeiros aportando información veraz e contrastada.	Traballa aportando pouca información e non contrastada.	Non traballa con continuidade e non fai aportacións significativas ao grupo.	
Complexidade na produción	CAA CSIEE CMCCT CD CCEC	O produto é moi orixinal e o seu acabado está moi elaborado. Emprega recursos tecnolóxicos ben planificados. Tivo en conta cuestións medioambientais á hora de elexir os materiais..	O acabado do produto está ben elaborado. Emprega recursos tecnolóxicos planificados. Tivo en conta cuestións medioambientais á hora de elexir materiais, se é o caso.	O traballo é moi sinxelo e os recursos tecnolóxicos empregados pouco planificados. Tivo en conta cuestións medioambientais á hora de elexir materiais, se é o caso.	O traballo é frouxo, os recursos tecnolóxicos pouco planificados. Obviou cuestións medioambientais á hora de elexir materiais, se é o caso.	
Interacción co grupo: coordinación e organización do traballo	CAA CSC	Respecta as decisións do grupo e aporta ideas para o beneficio común.	Aínda que respecta as decisións do grupo, non aporta ideas para o beneficio común.	Cóstalle respectar as decisións dos compañeiros e intenta impoñer as súas ideas.	Poucas veces respecta as decisións do grupo e non aporta ideas propias.	



3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.

Tendo en conta o artigo 10 do CAPÍTULO I , TÍTULO I do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño e os anexos do mesmo relativos aos bloques de materias onde se relacionan obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave, concretamos os obxectivos de Secundaria para cada curso:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:	4º ESO EPVA
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	√
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	√
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	√
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e	√

nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	√
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	√
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	√
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	√
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	√
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	√
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	Non
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	√
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	√
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	√

4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EPVA 4º ESO	TEMPORALIZACIÓN T 1	T 2	T 3	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Bloque 1. Expresión plástica						
EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	✓			Debuxa composicións artísticas utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	**Probas escritas:** Plickers, kahoots, socrative, formularios googles forms, edpuzzle… **Taller de investigación:** Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación. **Taller de creación:** Búsqueda de información, tratamento e proceso creativo, presentación. **Actividades de aula** Traballo diario na aula, participación, láminas, power points, visualthinking, mapas mentais, canvas…	Rúbricas Listas de cotexo Diario de clase Rexistro anecdótico Escalas de valoración
EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	✓			Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos.		
EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	✓			Explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.		
EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	✓			Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.		
EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	✓	✓	✓	Elixe os materiais adecuados para cada proxecto.		
EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	✓	✓	✓	Emprega o material idóneo e mantén o espazo de traballo e o material en orde, e achégao á aula cando é necesario.		
EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	✓	✓	✓	Entende o proceso de creación artística, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.		
EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	✓	✓	✓	Emprega unha linguaxe axeitada, e explica o proceso de creación dunha obra artística.		
EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaas no período ao que pertencen.	✓	✓	✓	Analiza e le imaxes de obras de arte.		
✓ Bloque 2. Debuxo técnico						
EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	✓	✓	✓	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	**Probas escritas:** Plickers, kahoots, socrative, formularios googles forms, edpuzzle…	Rúbricas Listas de cotexo Diario de clase Rexistro anecdótico Escalas de valoración
EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	✓	✓	✓	Utiliza os materiais de debuxo técnico para resolver problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos.		

EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	✓			Resolve problemas básicos de tanxencias.	**Taller de investigación:** Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación. **Taller de creación:** Búsqueda de información, tratamento e proceso creativo, presentación. **Actividades de aula** Traballo diario na aula, participación, láminas, power points, visualthinking, mapas mentais, canvas…	
EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	✓	✓	✓	Analiza formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.		
EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	✓	✓		Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas (planta, alzado y perfil)		
EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	✓			Debuxa as vistas de figuras tridimensionais sinxelas.		
EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.		✓		Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando o sistema de representación adecuado.		
EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.			✓	Usa o punto de vista mais adecuado para realizar perspectivas cónicas frontais e oblicuas.		
EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	✓	✓	✓	Crea deseños xeométricos sinxelos, utilizando as novas tecnoloxias.		
Bloque 3. Fundamentos do deseño						
EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	✓	✓	✓	Coñece os elementos da comunicación visual.	**Probas escritas:** Plickers, kahoots, socrative, formularios googles forms, edpuzzle… **Taller de investigación:** Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación. **Taller de creación:** Búsqueda de información, tratamento e proceso creativo, presentación. **Actividades de aula** Traballo diario na aula, participación, láminas, power points, visualthinking, mapas mentais, canvas…	Rúbricas Listas de cotexo Diario de clase Rexistro anecdótico Escalas de valoración
EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	✓	✓	✓	Analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade.		
EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	✓	✓	✓	Clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.		
EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	✓	✓	✓	Estuda distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas.		
EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.		✓		Coñece as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.		
EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.		✓		Desarrolla composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño.		
EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	✓	✓	✓	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo proxectos artísticos de deseño.		
EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	✓	✓	✓	Organiza a realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.		

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia						
EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.		✓		Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas.	**Probas escritas:** Plickers, kahoots, socrative, formularios googles forms, edpuzzle… **Taller de investigación:** Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación. **Taller de creación:** Búsqueda de información, tratamento e proceso creativo, presentación. **Actividades de aula** Traballo diario na aula, participación, láminas, power points, visualthinking, mapas mentais, canvas…	Rúbricas Listas de cotexo Diario de clase Rexistro anecdótico Escalas de valoración
EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.		✓		Realiza un *storyboard* a modo de guión para a secuencia dunha película.		
EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.		✓		Observa, as angulacións e os movementos de cámara nunha película.		
EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	✓	✓	✓	Realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.		
EPVAB4.2.3. Recopila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.			✓	Xunta imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.		
EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	✓	✓	✓	Deseña imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.		
EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.		✓		Utiliza os elementos da linguaxe gráfico- plástica para deseños publicitarios.		
EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	✓	✓	✓	Desarrolla un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.		
EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.		✓		Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica.		

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Utilización do BLOG: http://plastica-art.blogspot.com.es/ como ferramenta básica nas explicacións, recursos e motivación do propio alumnado.
- Aprender a aprender co aprendizaxe cooperativo e as intelixencias múltiples, aplicando dinámicas, estructuras e paletas de comprensión cunhas metas claras e concisas.
- Presentacións de power-point para facer máis interactiva e fácil asimilación dos estádaress.
- Achegar ó alumno ou alumna á comprensión dos contidos do libro de texto mediante a lectura participativa.
- Proxectar e ensinar imaxes e ou láminas que sirvan como referencia á hora de elaborar os seus propios deseños, axudando así a mellor comprensión dos exercicios a realizar.
- Facer comentarios e preguntas na clase de xeito individual ou colectivo para avaliar o grao de comprensión do tema proposto.
- Motivar ó alumno ou alumna para que utilice diferentes técnicas en cada un dos exercicios.
- Empregar o colaxe, plantillas o papel de calco e o papel vexetal como unha técnica habitual de traballo na aula que nos permite novas posibilidades expresivas.
- Fomentar no alumnado a procura de diferentes solucións para un mesmo contido, a través de bocexos.
- Fomentar no alumnado a busca de materiais e solucións adecuadas a cada procedemento.
- Insistir na necesidade do coidado, limpeza e minuciosidade que requiren os seus traballos.
- Utilización das tics como novos recursos que facilitan e aportan diferentes acabados os temas propostos; (tipografias, fondos, imaxes, manipulados...) E a búsqueda de información.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

- A explicación da profesora cando sexa estritamente necesaria; se non é imprescindible, mellor que os propios alumnos/as vaian progresando na autoaprendizaxe.
- Aula específica de plástica.
- Libro de texto.
- Láminas de debuxo DIN A4, DIN A3, Fotocopias de láminas.
- Lapis de distinta dureza, lapis de cores, rotuladores, ceras, acuarelas, tintas, témperas, lápises acuarelables…
- Portaminas de distintas durezas e estilográficas de diferentes grosores.
- Modelos varios de escaiola e vasos de barro e cerámica para debuxo do natural.
- Sólidos básicos en madeira e plástico. Pezas industriais e de fontanería para esbozos acotados e representación en debuxo técnico.
- Empregaranse figuras xeométricas tridimensionais e planas para familiarizar os alumnos/as cos corpos xeométricos.
- Material de debuxo (regra, compás…).
- Material para reciclaxe.
- Material informático. Unha cámara dixital, internet, programas de tratamento de texto e de imaxes, e anuncios publicitarios audiovisuais.
- Papel de todos os tipos, cartolinas e papeis de cores, papel de lixa, serradura ou area, papel charol, fíos, teas, las, follas de árbores e materiais diversos.
- Variedad de soportes (papel de acuarela, ingres, verjurado…)

- Acetatos ou papeis transparentes, papel vexetal, papel de esbozos, milimetrado.
- Pinceis, trapos e conca para auga.
- Tesoiras e cola
- Láminas de arte.
- Plastilina, arxila, escaiola…
- Instrumentos de modelaxe.
- Libros de apoio e bibliografía de consulta do Departamento de Debuxo:
  Libros e material de consulta especializados.
  Libros de Arte de pintura e escultura.
  Libros de Arte sobre efectos ópticos e figuras imposíbeis.
  Libros de historia natural, xeoloxía e botánica.
  Revistas de arquitectura e urbanismo.
  Planos e guías turísticas.
  Imaxes de prensa e publicidade.
- Uso das fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno *Celme dixital*: smcelmedixital.com, como ferramentas que permiten atender diferentes necesidades e con distintos fins:
  - Reforzar e consolidar os conceptos e aprendizaxes básicas.
  - Ampliar contidos e afondar neles.
  - Desenvolver os estándares máis procedementais do currículo, como a escoita activa, a empatía, o debate, a través de tarefas competenciais próximas aos intereses dos alumnos.
  - Investigar sobre problemas reais asociados á materia de Xeografía e Historia a través da Aprendizaxe Baseada en Problemas (APB).
  - Activar estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios afíns á materia: buscar información, interpretar e relacionar datos, e reflexionar sobre o contido e a forma.
- Uso do contorno *Celme dixital* para a interacción profesora-alumno/a de maneira individualizada.
- BLOG da propia profesora : http://plastica-art.blogspot.com.es/
- Uso habitual das TIC. Entre outras, recomendamos os seguintes enderezos web:
  - Páxinas web de museos, monográficas de artistas, etc.
  - http://www.smconectados.com
  - http://www.profes.net
  - http://www.librosvivos.net
  - http://www.educacionplastica.net/
  - http://blog.educastur.es/luciaag/
  - http://sites.google.com/site/bibliotecaespiralcromatica/
  - http://www.artehistoria.jcyl.es/
  - http://recursostic.educacion.es/artes/plastic/web/cms/
  - http://www.educared.org

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O curso académico consta de tres avaliacións trimestrais e unha avaliación final de xuño.

AVALIACIÓN TRIMESTRAL:

O cálculo das notas trimestrais require a avaliación das sete competencias clave (CCL. CSC, CSIEE, CAA, CMCCT, CCEC e CD) con diferentes instrumentos. Obtidas as sete cualificacións calcúlase a súa media ponderada segundo os perfis competencias da materia dos diferentes cursos da ESO. Nas seguintes táboas detállese os contextos nos que son avaliadas as diferentes compentencias e os pesos das CC que serán tidos en conta para calcular a nota trimestral que figurará no boletín trimestal co que se informa ás familias do proceso de ensino-aprendizaxe dos estudantes.

Contextos de aplicación		
	PROCEDEMENTOS	**INSTRUMENTOS**
Proba escrita	Plickers, kahoots, socrative, formularios googles forms, edpuzzle…	Rúbricas Listas de cotexo Diario de clase Rexistro anecdótico Escalas de valoración
Taller de investigación Y creación	Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación.	
	Búsqueda de información, tratamento e proceso creativo, presentación.	
Actividades de aula	Traballo diario na aula, participación, láminas, power points, visualthinking, mapas mentais, canvas…	

- ✓ Avaliaranse os coñecementos adquiridos tras cada tema.
- ✓ O correcto uso dos materiais e instrumentos de debuxo.
- ✓ A correcta resolución das láminas e actividades propostas correspondentes a cada tema.
- ✓ O interese polos temas expostos.
- ✓ Coidado dos materiais propios e da propia aula de artística.
- ✓ Valoración dos traballos en grupo**,** calificaránse de dúas formas, valorando o traballo individual e o resultado final do grupo. Obteráse a media ponderada de ámbalas notas considerando non só o esforzo, interese e o bo facer individual senon tamén colectivo.

PROBAS ESCRITAS:

- ✓ No caso de falta xustificada a unha proba esta será realizada o primeiro día que o estudante se incorpore á clase da materia.
- ✓ Se un alumno /a copia nunha proba esta será retirada inmediatamente e realizaráselle noutra data establecida pola docente.

TALLER DE INVESTIGACIÓN E CREACIÓN: (Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación.) (Búsqueda de información, tratamento, presentación, observación e proceso creativo)

ACTIVIDADES DE AULA: valoraranse os seguintes aspectos:

- ✓ Limpeza e boa presentación.
- ✓ A composición, correcta distribución dos exercicios nos formatos.
- ✓ Adecuación aos datos propostos.
- ✓ Correcta resolución dos exercicios propostos.
- ✓ Precisión e limpeza no entintado e/ou na técnica pictórica que se empregue.
- ✓ Técnicas adecuadas ao contido proposto.
- ✓ Expresividade do trazo.
- ✓ Orixinalidade.
- ✓ Puntualidade na entrega dos traballos.
- ✓ Rotulación do nome e textos.

Contextos de aplicación	**CCL**	**CMCCT**	**CD**	**CAA**	**CSC**	**CSIEE**	**CCEC**
Proba escrita	**30**	**30**	**30**	**30**	**30**	**30**	**30**
Taller de investigación y creación	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Actividades de clase	**60**	**60**	**60**	**60**	**60**	**60**	**60**
	100	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

	CCL	**CMCCT**	**CD**	**CAA**	**CSC**	**CSIEE**	**CCEC**
Peso da cada Competencia 4º ESO*	**6**	**11**	**13**	**13**	**1**	**26**	**30**

*Os pesos dás competencias por trimestres variará en función dos estándares traballados e asociados ás diferentes tarefas que se realicen.

Durante o proceso de avaliación e cualificación dos estudantes NEAE existe a posibilidade de modificar os pesos das competencias nos diferentes contextos de aplicación para poder atender ás súas necesidades educativas.

AVALIACIÓN FINAL:

A cualificación final de xuño calcúlase realizando a media das cualificación trimestrais obtidas polo estudante. Neste cálculo teranse en conta:

- As notas obtidas en cada unha das tres avaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética destas obtendo por redondeo a nota da avaliación final de Xuño.
- O alumnado avaliado negativamente tras a terceira avaliación poderá presentarse, además das tarefas de recuperación que se consideren pertinentes, a unha proba para

conseguir aprobar a materia na avaliación final que terá lugar nos últimos días do mes de xuño.

- Esta avaliación final axustarase aos contidos non acadados durante o curso e ás propostas de actividades de recuperación entregadas no período entre a 3ª e a avaliación final.
- Para a súa avaliación teranse en conta a presentación dos traballos propostos para o reforzo da materia, así como as probas escritas dos contidos nos que o alumnado non conseguiu unha cualificación de aprobado

MECANISMOS DE MELLORA

En función de todo o anteriormente exposto, entendemos que cada alumno/a terá que mellorar aquilo no que non logre os estandares propostos e fixados.
Daráselles a posibilidade de ir superando a materia despois de cada avaliación

- ✓ Deberá facer os traballos/láminas que non faga ou corrixir os realizados de modo non satisfactorio.
- ✓ Terá que volver estudar os contidos conceptuais ou procedimentais se esa é a súa insuficiencia.

Deste xeito non podemos contemplar un único mecanismo de mellora xa que este deberá axustarse á realidade de cada alumno/a en cada avaliación.
A profesora acordará cos seus alumnos/as o momento máis adecuado para realizar as probas ou traballos/láminas necesarios para actualizar as súas cualificacións, xa sexa para aprobar coma para mellorar a nota.

Fanse rúbricas específicas en función dos contidos e estándares que se traballen en cada lámina; a continuación, recóllese unha taboa coa rúbrica a ter en conta para a avaliación dalgúnhas delas:

RÚBRICA XENÉRICA PARA LÁMINAS						
	CC	NIVEL 4	NIVEL 3	NIVEL 2	NIVEL 1	NIVEL 0
Expresión de ideas 25%	CCEC CAA CSIEE CCEC CCL	A imaxe expresa con moita riqueza de detalles a idea ou ideas que o tema pretende transmitir	A imaxe expresa o tema que o autor pretende	A imaxe expresa en parte o que o tema pretende	Os elementos utilizados non expresan o que o tema pretende ou non dan ningunha idea clara	No existen ideas
Técnica específica (Específico de cada lámina) (Ex. Texturas) 25%	CMCCT CCEC CAA CSIEE CCEC CCL CD	Inclúense moitas máis do mínimo de texturas, con diferentes materiais e están moi ben utilizadas	Se incluyen algunas más del mínimo de texturas	Inclúense o mínimo de texturas	Inclúese menos do mínimo de texturas na composición.	No entrega
Orixinalidade 25%	CSC CCEC CSIEE CD	Utilizou medios, técnicas, imaxes ou outros elementos que chaman poderosamente a atención pola súa orixinalidade	Utilízase medios, técnicas, imaxes ou outros elementos orixinais ou singulares	Emprega algún que outro elemento creativo, pero outros elementos son pouco orixinais	Hai pouca orixinalidade, limitándose a aplicar técnicas ou elementos repetitivos ou usados recentemente noutros traballos ou exemplos	No entrega
Presentación (Trazo, rotulación, manexo de materiais) 25%	CCL CSC CCEC CAA CD	A presentación é boa, clara e rechamante, conseguindo un bo resultado final	A presentación en xeral é boa	A presentación podería mellorarse nalgúns aspectos, en canto a estrutura, orde, limpeza	A presentación é claramente mellorable en moitos aspectos	No presenta

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas:

- ✓ Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- ✓ Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- ✓ No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en xuño.
- ✓ As probas escritas de ambas convocatorias, maio e xuño, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación pola pandemia. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento

de Orientación e a Memoria Final do curso 2019/2020, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levan a cabo son:

- ✓ Ordinarias:
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

- Apoios en lingua castelá e matemáticas.
- Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
- Emprego das TIC en todalas aulas

- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

- ✓ Extraordinarias:
  - Adaptacións curriculares significativas.
  - Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente nas aulas.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A presenza das ensinanzas transversais na materia de Educación Plástica, visual e audiovisual, exprésase por medio de diferentes momentos do proceso de aprendizaxe:

Educación moral e cívica

- Actuación en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade plástica, como a exploración sistemática de alternativas, a precisión na linguaxe, a flexibilidade para modificar o punto de vista ou a perseveranza na busca de solucións.
- O respecto e a valoración dos traballos plásticos provenientes doutras épocas e culturas.
- A gran variedade de opcións na representación das formas e os diferentes estilos implican

a aceptación doutros puntos de vista desde o respecto.

Educación para a paz

- Recoñecemento da realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde puntos de vista contrapostos e complementarios.
- Flexibilidade para modificar o propio punto de vista na interpretación do traballo plástico.
- Recoñecemento e valoración das propias habilidades plásticas para afrontar as situacións que requiran o seu emprego.
- Valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades.

Educación do consumidor

- Débese fomentar o coidado e mantemento do material de debuxo xeométrico, pois gran parte del debería durar ao longo de toda a ensinanza secundaria. Hábitos de conservación do material axudan a mellorar a educación do consumidor.

Educación para a igualdade entre sexos

- Recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.
- Predisposición ao traballo en grupo, facilitando agrupamentos heteroxéneos desde a perspectiva de xénero.
- O estudo do escaso número de artistas femininas coñecidas ao longo da historia.

Educación viaria

- O uso das formas xeométricas planas é unha constante no deseño de sinais indicativos de todo tipo. O uso, coñecemento e respecto dos sinais contribúe ao desenvolvemento da educación viaria.

Non todos os temas transversais se poden traballar coa mesma profundidade desde a materia de Educación Plástica, visual e audiovisual, pero débese realizar un esforzo para conseguir que todos se traten o máis adecuadamente posible. Os temas relacionados coa arte son bastante máis fáciles de traballar.

Respecto á educación non sexista hai que fuxir, na presentación das actividades e situacións a analizar, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos. Ademais hai que ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas, así como o seu desenvolvemento intelectual, mesturando as situacións investigativas con outras máis creativas.

Por outra banda, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, o gusto pola precisión e o rigor, o fomento da presentación e a orde na realización de tarefas, a puntualidade… axudan a conseguir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática. A súa práctica cotiá na aula contribúe a que os alumnos adquiran e desenvolvan estes valores.

Ademais, prestarase atención ao desenvolvemento de habilidades que estimulen a adquisición e desenvolvemento do espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo, a capacidade de comunicación, a adaptabilidade, a observación e a análise, a capacidade de síntese, a visión emprendedora e o sentido crítico. Con este fin, proporanse actividades que axuden a:

- Adquirir estratexias que axuden a resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que se nos pregunta.
- Desenvolver exercicios de creatividade colectiva entre os alumnos que axuden a resolver unha necesidade cotiá.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.
- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
- Desenvolver habilidades cognitivas (expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula, etc.) e sociais (comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa, etc.)

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Participación en concursos plásticos a escala local ou nacional
- Exposicións de alumnos no centro ou fóra del.
- Textos literarios e non literarios afíns á materia para buscar información, interpretar e relacionar datos, e reflexionar sobre o contido e a forma.
- Debates, como ferramenta que estimula o seu interese e capacidade de reflexionar, relacións, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións, e sacar conclusións.
- Bibliografía de consulta nas redes e na biblioteca escolar.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación do progreso no cumprimento dos obxectivos farase tendo en conta os seguintes contextos de aplicación:

- Prácticas de investigación: traballos orais ou escritos de indagación e investigación a través de hipótese e conxecturas, observación e recollida de datos, organización e análise dos datos, confrontación das hipóteses, interpretación, conclusións e comunicación destas.
- Traballo na aula: observación sistemática do traballo e da participación do alumno, realización dos traballos en prazo e forma e coas correccións de erros que fagan falta, o respecto aos puntos de vista dos demais e a asunción de responsabilidades.
- Probas escritas: haberá unha por trimestre.

Peso das competencias por contextos de aplicación

Contextos de aplicación	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Proba escrita	**40**	**10**	**30**	**30**		**10**	**30**
Prácticas de investigación	**40**	**40**	**40**	**30**		**50**	**40**
Traballo de aula	**20**	**50**	**30**	**40**		**40**	**30**

Peso das competencias para a nota final trimestral

	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Peso da cada competencia	**25**	**15**	**10**	**20**		**5**	**25**

O curso académico consta de tres avaliacións parciais e unha final

AVALIACIÓN PARCIAL
O cálculo das notas trimestrais require a avaliación das competencias clave (CCL. CSC, CSIEE, CAA, CCEC e CD) con diferentes instrumentos. Obtidas as cualificacións destas calcúlase a súa media ponderada segundo os perfís competenciais da materia.

AVALIACIÓN FINAL
Cando as notas obtidas en cada unha das tresavaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética para obter a cualificación final.
En caso de que algún alumno ou alumna queira mellorar a cualificación parcial poderá realizar actividades ou probas referidas ao contexto de aplicacicón coa nota inferior en cada trimestre. Neste caso a cualificación final realizarase coa media aritmética da cada avaliación tendo en conta o novo resultado sempre que sexa superior ao obtido no curso.

Os alumnos que non acaden un 5 nas avaliacións parciais deberán realizar actividades ou probas específicas que avalíen os contextos de aplicación non superados. Para acadar o aprobado, o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 sobre 10. Unha vez rematadas estas recuperacións a cualificación final realizarase coa media aritmética de cada avaliación tendo en conta o novo resultado.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto na lei vixente.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente

é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

9.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

No curso presente non hai ningún alumno coa materia pendente.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unnha proba escrita. Os resultados desta proba , xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2020/2021 , permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levarán a cabo son:
Ordinarias:

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo:
O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

As seguintes medidas non se poden levar a cabo na actualidade debido a situación do COVID-19 pero de non ser así levaríamolas a cabo:

- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexibilidade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

Extraordinarias:

- Adaptacións curriculares significativas.
- Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.
Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Estándares de aprendizaxe	Elementos transversais					
	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	X	X	X	X	X	
INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	X	X	X	X	X	
INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	X	X	X	X	X	
INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.	X	X	X	X	X	
INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.	X	X	X	X	X	
INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	X	X	X	X	X	X
INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	X	X				
INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	X	X	X	X		
INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	X	X	X			X
INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	X			X		
INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.	X		X	X		
INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	X	X	X	X		
INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	X	X	X	X		
INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	X	X	X	X	X	X
INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	X	X	X	X	X	X
INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.	X	X	X	X		
INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	X	X	X	X		
INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.	X	X	X	X		
INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	X	X	X	X		
INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	X	X	X	X	X	X
INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	X	X	X	X	X	X
INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	X	X	X	X	X	X
INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	X	X	X	X		
INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	X	X	X	X		X

INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	X	X	X	X		X
INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	X					
INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	X	X			X	
INEINB3.3.1. Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	X	X				X
INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.					X	X
INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	X	X				
INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	X	X			X	
INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	X	X	X	X	X	
INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	X	X	X	X	X	
INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información	X	X			X	
INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	X	X			X	
INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	X	X	X	X		X
INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	X	X	X	X		X
INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	X	X	X	X		X
INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	X	X	X	X		X
INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e cítaas correctamente.	X	X	X	X		
INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	X	X			X	
INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	X	X			X	
INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	X	X			X	
INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.		X	X	X	X	
INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	X	X	X		X	
INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	X	X	X	X	X	
INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	X	X	X	X		
INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.	X	X				
INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	X	X			X	
INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	X	X			X	
INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	X	X			X	
INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	X	X	X	X	X	X
INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	X	X				X
INEINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	X	X	X			X

INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	X	X	X			
INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	X	X			X	X
INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	X	X				X
INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	X	X			X	X

Comprensión lectora - CL
Expresión oral e escrita - EOE
Comunicación audiovisual - CA
Tecnoloxías da Información e a Comunicación - TIC
Emprendemento - EMP
Educación cívica e constitucional - EC

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a actual situación de pandemia causada polo coronavirus, non resulta razoable realizar ningunha actividade desta índole.

No caso de que cambie a situación sanitaria ou exista a posibilidade de organizar actividades que cumplan os requisitos de seguridade establecidos no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 a realización das mesmas será aprobada na Xunta de Departamento e remitirase unha modificación da programación á Inspección Educativa.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2020/2021 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				

26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.

Unidade didáctica 1 – A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital
Unidade didáctica 2 – Fontes informativas. Localización e selección
Unidade didáctica 3 – Organizarse para investigar
Unidade didáctica 4 – Procura e tratamento da información
Unidade didáctica 5 – Xeración de contidos e comunicación

Unidades didácticas	Estándares de aprendizaxe
1	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.
1	INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
1	INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.
1	INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.
1	INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.
1	INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
1	INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.
1	INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
1	INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.
2	INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.
2	INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.
2	INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.
2	INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.
2	INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.
2	INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
2	INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.

2	INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.
2	INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.
2	INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
2	INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.
2	INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.
2	INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.
2	INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
2	INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.
2	INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.
2, 3	INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.
2, 3, 4, 5	INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB3.3.1. Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.
2, 3	INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.
3	INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.
4	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.
4	INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.
4	INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información
4	INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.
4	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
4	INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.
4	INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).
4	INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.
4	INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e cítaas correctamente.
4, 5	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.
5	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.
4, 5	INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.
4, 5	INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.
4, 5	INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.
5	INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.

5	INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.
5	INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.
5	INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.
5	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.
5	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.
5	INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.
1,2,3,4,5	INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.
1, 2, 3, 4, 5	INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.

16.- RÚBRICAS / ESCALAS DE ESTIMACIÓN

ESCALA DE ESTIMACIÓN DO TRABALLO DE AULA

INDICADORES	Sempre	Case Sempre	Ás Veces	Case Nunca	Nunca
Realiza as actividades según os criterios establecidos: estrutura e desenvolvemento.					
Realiza as actividades na data indicada.					
Corrixe os erros.					
Participa nas actividades de clase.					
Escoita aos compañeiros e respecta as súas opinións					
A información está completa e ordenada.					

ESCALA DE ESTIMACIÓN DE PRODUCIÓNS ESCRITAS

CRITERIOS	Logrado	En proceso	Non logrado
O traballo conta con todos os elementos solicitados.			
Sintetiza información e datos de diversas fontes proporcionando referencias e bibliografía.			
Analiza e argumenta con claridade as ideas.			
Secuencia a información da forma suxerida.			
Elabora os organizadores gráficos necesarios para analizar e reflexionar sobre a información recabada.			
Incorpora imaxes orixinais ou ilustracións propias			
Non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática)			
Respecta os elementos técnicos para a presentación da información.			

RÚBRICA DE EXPOSICIÓNS ORAIS

CRITERIOS	MOI BEN	BEN	REGULAR	NECESITA MELLORAR
Linguaxe non verbal 10%	Amosa seguridade, ten boa postura e establece contacto visual cos presentes.	Amosa seguridade, ten boa postura na maior parte do tempo pero non establece contacto visual cos presentes.	En ocasións amósase inseguro e con mala postura e non establece contacto visual cos presentes.	Amosa gran inseguridade, con mala postura e sen contacto visual cos presentes
Oratoria 20%	Fala claramente durante toda a presentación. A pronuncia é correcta e o tono de voz axeitado.	Fala claramente durante a maior parte da presentación. En ocasións realiza pausas innecesarias e o seu tonno é axeitado.	Ás veces fala claramente, recurre con frecuencia a pausas innecesarias e o tono de voz non é axeitado.	Non fala claramente, a pronunciación é pobre, fai moitas pausas e o tono de voz non mantén o interese da audiencia.
Contido 40%	Toda a información está organizada de forma clara e lóxica. Amosa dominio do tema, utiliza vocabulario axeitado e a exposición é coherente.	A maior parte da información está organizada de forma clara e lóxica. Amosa un bo entendemento das partes do tema. A exposición é clara pero con vocabulario básico.	Non hai un plan claro para organizar a información. Necesita axuda para ordeala. Falta vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as ideas, en ocasión dubida.	A información aparece totalmente dispersa e sen organizar. Non é capaz de reconducila de forma guiada. O contido é mínimo, non amosa coñecemento do tema e non logra transmitir con claridade as ideas.
Recursos 20%	Utiliza soportes en diversos formatos, atractivos e de calidade.	Os soportes visuais son axeitados.	Os soportes visuais non son atractivos.	Non hai soportes visuais.
Tempo 10%	O tempo axústase ao previsto cun final que recolle as ideas principais.	O tempo axústase ao previsto pero con final precipitado por falta de control do tempo.	O tempo no se axusta ao previsto e a exposición resulta curta.	O tempo no se axusta ao previsto, resulta excesivamente largo ou insuficiente para o desenvolvemento do tema.

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FISICA

PARA

2º y 4º ESO

(Colexio La Inmaculada- Marín)

PROFESOR: Javier de Medrano Iglesias

CURSO: 2021- 2022

ÍNDICE

1. Contextualización 3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave..... 5

   2.1. Perfil competencial 6
3. Concreción dos obxectivos por curso 10
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe

   4.1.Concreción dos estándares en 2º ESO 11

   4.2.Concreción dos estándares en 4º ESO 16

   - Unidades didácticas
   - Contidos
   - Criterios de avaliación
   - Competencias clave.
   - Estándares de aprendizaxe.
   - Grao mínimo de consecución do estandar.
   - Peso cualificación
   - Instrumentos de avaliación.
   - Actividades tipo.

5. Concrecións metodolóxicas 21
6. Materiais e recursos didácticos 22
7. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado 22
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente 25
9. Plans de seguimento das materias pendentes 27
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial 27
11. Medidas de atención á diversidade 27
12. Concreción dos elementos transversais 29
13. Actividades complementarias e extraescolares 31
14. Mecanismos de revisión da programación en relación cos resultados académicos 31
15. Relación de unidades didácticas 47
16. Anexo rúbricas 34

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento contempla a programación para 2º y 4º Educación Secundaria Obrigatoria do departamento de Educación Física do Colexio La Inmaculada de Marín.

Está plantexada para que sexa un documento de traballo, e ao mesmo tempo sexa tamén unha referencia para o profesorado do departamento, ademais de selo para o alumnado, marcándose para este último, por un lado as normas de funcionamento nas clases de E.F. e por outro expoñendo de forma sinxela os criterios de cualificación así como os contidos mínimos para cada unha das avaliacións.

No concernente o alumnado temos que a Educación Secundaria Obrigatoria conta no colexio con dúas liñas educativas denominadas A e B. Cada clase ten dúas sesións semanais de Educación Física con unha duración de 50 minutos cada unha.

O centro conta como instalacións deportivas cunha pista polideportiva exterior polivalente con posibilidade de realizar balonmán, fútbol sala, baloncesto, voleibol, etc. e cun ximnasio de 20x8 metros interior compartido con primaria e infantil polo que non sempre podemos dispoñer del.

As características de cada curso e aula varían polo que paso a relatalas de forma breve

CONTEXTUALIZACIÓN 2º ESO-A

A presente programación está dirixida ao alumnado de 2º ESO-A. Atopámonos nun aula de 24 alumnos, dos cales dezasete son mulleres e sete son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai tres rapazas e catro rapaces que non acadaron os obxectivos suficientemente, do cales un alumno é repetidor, un rapaz e dúas rapazas promocionaron por imperativo legal, un alumno promocionou cunha suspensa e un alumno e unha alumna con dúas suspensas.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira, José Blanco Barros e Narciso Valle Campos.

Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fdez Villar e Mª Reyes Rosales Aldao.

Dpto. artística: Mar Castro-Rial, Elena F. Sobral e Javier Medrano.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid.

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado seis precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH predominio inatento), dúas rapazas con dificultades de aprendizaxe debido a problemas de razonamento lóxico-matemático e comprensión. Unha alumna con descoñecemento do idioma que se incorporou o curso 20-21 procedente de Ghana. Hai un rapaz con dificultades de aprendizaxe por lagoas de coñecemento.

CONTEXTUALIZACIÓN 2º ESO-B

A presente programación está dirixida ao alumnado de 2º ESO-B. Atopámonos nun aula de 24 alumnos, dos cales trece son mulleres e once son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai catro rapazas e dous rapaces que non acadaron os obxectivos suficientemente, do cales unha alumna é repetidora, unha rapaza promocionou por imperativo legal con catro suspensas, un alumno promocionou cunha suspensa e o resto con dúas suspensas.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Mª Mar López e José Blanco Barros.

Dpto. de linguas: Ana I. González Entenza, Mª del Carmen Fdez Villar e Mª Reyes Rosales Aldao.

Dpto. artística: Mar Castro-Rial, Elena F. Sobral e Javier Medrano.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid.

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado seis precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: unha rapaza con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH predominio inatento), unha rapaza e un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha alumna con descoñecemento do idioma que se incorporou o curso pasado procedente de Ghana. Hai tres rapaces con trastorno do espectro autista TEA, asperger.

Hai catro rapazas exentas da segunda lingua estranxeira, francés.

CONTEXTUALIZACIÓN 4º ESO-A

A presente programación está dirixida ao alumnado de 4º ESO-A. Atopámonos nun aula de 18 alumnos, dos cales once son mulleres e sete son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai tres rapaces (un imperativo legal) e tres rapazas (unha imperativo legal) que non acadaron os obxectivos suficientemente.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Lucía Guede Freire, José M. Rivadulla Pereira e Narciso Valle Campos.

Dpto. de linguas: Monserrat García Blanco, Ana I. González Entenza, e Mª Reyes Rosales Aldao e Mercedes Vivero Enjamio.

Dpto. artística: Elena F. Sobral, Ana Mª Acuña e Javier Medrano Iglesias.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado catro precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con déficit de atención, un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe nas linguas e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe por desmotivación e lagoas de coñecemento.

Catro rapazas e dous rapaces escolleron matemáticas aplicadas e cinco rapaces e sete rapazas escolleron matemáticas académicas.

Nove escolleron educación plástica, visual e audiovisual, cinco rapaces e catro rapazas.

Dez escolleron 2ª lingua estranxeira francés, tres rapaces e sete rapazas.

Dezasete escolleron tecnoloxías da información e comunicación, seis rapaces e once rapazas.

Doce escolleron bioloxía e xeoloxía, oito rapazas e catro rapaces.

Seis escolleron iniciación á actividade emprendedora e empresarial, dous rapaces e catro rapazas.

Seis escolleron tecnoloxía, catro rapazas e dous rapaces.

Doce escolleron física e química, sete rapazas e cinco rapaces.

CONTEXTUALIZACIÓN 4º ESO-B

A presente programación está dirixida ao alumnado de 4º ESO-B. Atopámonos nun aula de 17 alumnos, dos cales once son mulleres e seis son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai cinco rapaces (un imperativo legal) e tres rapazas que non acadaron os obxectivos suficientemente.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Lucía Guede Freire, José M. Rivadulla Pereira e Narciso Valle Campos.

Dpto. de linguas: Monserrat García Blanco, Ana I. González Entenza, e Mª Reyes Rosales Aldao e Mercedes Vivero Enjamio.

Dpto. artística: Elena F. Sobral, Ana Mª Acuña e Javier Medrano Iglesias.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado tres precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con déficit de atención e problemas de ansiedade, unha rapaza con TDAH, un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe nas linguas e un rapaz con dificultades de aprendizaxe por desmotivación e lagoas de coñecemento.

Catro rapazas e tres rapaces escolleron matemáticas aplicadas e tres rapaces e sete rapazas escolleron matemáticas académicas.

Dez escolleron educación plástica, visual e audiovisual, cinco rapaces e cinco rapazas.

Sete escolleron 2ª lingua estranxeira francés, un rapaz e seis rapazas.

Dezasete escolleron tecnoloxías da información e comunicación, seis rapaces e once rapazas.

Dez escolleron bioloxía e xeoloxía, sete rapazas e tres rapaces.

Sete escolleron iniciación á actividade emprendedora e empresarial, tres rapaces e catro rapazas.

Sete escolleron tecnoloxía, tres rapazas e catro rapaces.

Dez escolleron física e química, sete rapazas e tres rapaces.

Hai unha alumna que se incorpora por primeira vez ao centro procedente doutra comunidade.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na área de Educación Física incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

A aprendizaxe da Educación Física vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida en que contextualiza a resolución de problemas en situacións cotiás. As situacións que expón, poden desenvolverse coa realización de cálculos, a utilización de números, interpretando informacións, datos, argumentacións e realizando razoamentos de lóxica matemática sobre orde, secuencias, cantidades, distancias? Ademais, a adquisición de hábitos saudables por medio da práctica física e a posibilidade da súa realización na contorna natural, fan da Educación Física un elemento fundamental para o tratamento desta competencia.

Comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe e práctica da Educación Física precisa de intercambios comunicativos que favorezan a transmisión de información de maneira eficaz, contribuíndo á súa vez á adquisición do vocabulario propio da área.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, isto lévanos a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propomos.

Competencia dixital (CD)

A Educación Física favorece o desenvolvemento dunha actitude crítica cara ás mensaxes e estereotipos referidos ao corpo e a súa imaxe, procedentes dos medios de comunicación de masas e das redes sociais.

Á súa vez, o uso de aparellos tecnolóxicos para medir diferentes variables asociadas á práctica deportiva e a procura de información a través de medios dixitais.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Por medio da Educación Física o alumnado achégase pode explorar e utilizar o seu propio corpo e o seu movemento como medio para a expresión de ideas ou sentimentos de maneira creativa.

Ademais, aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral e á visión que se tivo delas ou de conceptos como a estética ou a beleza a través das diferentes culturas e relixións.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As actividades físicas, fundamentalmente as que se realizan de forma colectiva, contribúen ao desenvolvemento de actitudes de integración e respecto, así como a xerar situacións de convivencias, cooperación e solidariedade.

O respecto ás normas e regras do xogo terán unha transferencia directa cara ao recoñecemento dos códigos de conduta que rexen a convivencia cidadá.

Así mesmo, a resolución de conflitos propios de situacións competitivas axudará a desenvolver aspectos como a negociación ou o diálogo.

Esta área contribuirá á reflexión crítica a preto de fenómenos sociais como o deporte-espectáculo que, en ocasións pode xerar situacións de violencia ou contrarias á dignidade humana así como o achegamento ao deporte popular como medio para desenvolver o asociacionismo e as iniciativas cidadás.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O liderado á hora de contaxiar entusiasmo ou delegar funcións nos compañeiros será a clave á hora de desenvolver actividades de equipo. As situacións deportivas levarán ao alumno a tomar decisións nas que a asunción de riscos e a aceptación de responsabilidades serán inevitables.

Aprender a aprender (CAA)

A actividade física propia desta área favorece a construción do autoconcepto por medio da aceptación das propias posibilidades e carencias, partindo da aprendizaxe motora para a súa transferencia a actividades motrices máis complexas.

O establecemento de metas alcanzables, cuxa consecución xerará autoconfianza, axudará a fortalecer un equilibrio emocional no alumno que favoreza o desenvolvemento de ferramentas para estimular o pensamento e a planificación e avaliación das súas propias aprendizaxes por medio da metacognición.

2.1 PERFIL COMPETENCIAL.

2.1..1.- Perfil competencial de 2º ESO

COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CCL	-EFB1.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. -EFB1.5.2 - Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos
CMCCT	-EFB1.1.1 - Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. -EFB3.1.1 - Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. -EFB3.1.2 - Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. -EFB3.1.3 - Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. -EFB3.1.4 - Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. -EFB3.1.5 - Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. -EFB3.1.6 - Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.
CD	-EFB1.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
CAA	-EFB1.1.2 - Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. -EFB1.5.2 - Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos -EFB3.2.1 - Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. -EFB3.2.2 - Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades -EFB3.2.3 - Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. -EFB3.2.4 - Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. -EFB4.1.1 - Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. -EFB4.1.2 - Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado -EFB4.1.3 - Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. -EFB4.1.4 - Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. -EFB4.1.5 - Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades. -EFB4.2.1 - Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. -EFB4.2.2 - Describe simplificadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. -EFB4.2.3 - Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situación de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. -EFB4.2.4 - Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.
as rúbricas e as listas de control (dependendo da unidade a tratar). Isto farase en relación a exercicios susceptibles de aprenderse na clase, polo que non se cualificará a condición física do alumnado. Deste modo a nota nesta parte sempre irá en relación coas capacidades coordinativas dos alumnos. (Nalgúns casos os procedementos non serán de carácter físico e estarán dirixidos unicamente á valoración das capacidades cognitivas: aplicación de conceptos no deseño de exercicios). Nalgunhas unidades didácticas a cualificación individual completarase coa cualificación colectiva no caso de vir reflectido así na propia unidade didáctica.

- **Probas Físicas:** Neste apartado valóranse as calidades físicas básicas dos alumnos mediante test ou exercicios que midan o nivel de desenrolo ou destreza.
- **Traballo diario**: Recollido polo profesor na folla de observación diaria. Se valoran en ela aspectos relacionados cos estándares de aprendizaxe que ten que ver coas actitudes e as interrelacións como poden ser: organización dos exercicios, tratamento do material, actividade realizada, interaccións cos compañeiros, atención na clase, actitudes positivas cara a aprendizaxe, a autonomía.

  Seguindo estes ítems, o traballo diario se valorará de 1 a 5 puntos. Para calcular a nota final deste apartado sumaranse as valoracións diarias e se dividirá entre o número total de clases.

Cualificación final de cada trimestre

Seguindo os criterios expostos anteriormente realizaremos a avaliación por competencias da seguinte maneira:

CONTEXTO DE APLICACIÓN	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD
Actividades físicas propias da unidade	100	40	50	50	100	50	
Taller de creación e investigación		10	20	20		50	100
Material e hábitos saudables		10	10	10			
Probas teórico-prácticas		40	20	20			

	CCL	CSC	CSIEE	CAA	CMCCT	CCEC	CD	Nota Final
Peso de cada competencia	2,5	30	20	30	2,5	10	5	

Para aprobar a materia e necesario obter ó menos un 5 na nota do trimestre.

A **cualificación do final de curso**, será a media aritmética dos tres trimestres de que consta o curso escolar. Polo que a nota da última avaliación non ten porque corresponder coa nota final.

Atendendo o citado anteriormente, e posto que a avaliación e continua e formativa, si o alumno aproba a terceira avaliación a súa nota final non poderá ser inferior ao 5.

O **alumnado de setembro** presentará o traballo (60% da nota) e realizará unhas probas físicas sobres as unidades didácticas tratadas durante o curso. As probas serán de carácter global.

Os alumnos que presenten algún tipo de **lesión ou incapacidade** que lles imposibilite seguir o normal desenrolo das sesións, e que só participen, por estas ou outras causas (faltas de asistencia), en menos do 50% das sesións prácticas da unidade didácticas, recibirán a súa cualificación en base a cualificación conceptual e ás tarefas escritas (un traballo sobre a unidade didáctica e/ou a recompilación de fichas das clases). No caso de que o profesor o solicite os alumnos deberán traer o xustificante médico axuntando as prescricións médicas sobre as prácticas físicas non aconselladas.

Fichas de lesionados: os alumnos imposibilitados para realizar a clase ordinaria, completarán estas fichas tendo en conta o observado na clase: tema tratado, explicacións teóricas sobre a sesión, obxectivos da sesión, descrición dos exercicios realizados polos compañeiros e explicación da súa lesión ou incapacidade.

Valoración do alumnado con necesidades educativas específicas: A avaliación dos ANEAE realizarase en base a uns criterios diferentes segundo sexan as necesidades que presenten. Como non se poden establecer medidas de carácter xeral, debido ás múltiples posibilidades que se poden presentar, os criterios de avaliación específicos destes alumnos reflectiranse na adaptación curricular individual de cada un de eles en colaboración có Departamento de Orientación.

Ante un posible caso de **promoción o titulación** porque un alumno teña tres materias suspensas o profesor de Educación Física fará caso a o que decida o equipo de avaliación correspondente.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- PLANS DE SEGUEMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada non establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en setembro.
- As probas escritas de ambas convocatorias, maio e setembro, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación pola pandemia. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2019/2020, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levan a cabo son:

- Ordinarias:
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Reforzo educativo.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

  - Emprego das TIC.

As seguintes medidas non se poden levar a cabo na actualidade debido a situación do COVID-19 pero de non ser así levaríamolas a cabo:

- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

- Extraordinarias:
  - Adaptacións curriculares significativas.
  - Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

Dado que o alumnado da ESO ten unha distribución heteroxénea e as súas capacidades tanto físicas como intelectuais varían en gran medida dentro da aula, sempre que sexa posible trataremos de atender as diversidades atopadas na aula de tal xeito que:

- Intentarase diversificar a información conceptual para que cada grupo de alumnos, segundo o criterio del profesor, poida elixir os apartados máis adecuados.
- Do mesmo xeito, asumiranse as diferenzas no interior do grupo propoñendo exercicios de diversa dificultade de execución segundo sexan as posibilidades do alumno.
- Por outra banda, sempre que sexa posible facilitarase que a avaliación sexa individualizada, e para iso se intentarán fixar as metas que o alumno ha de acadar a partires de criterios derivados da súa propia situación inicial.

Para os alumnos que presenten algunha deficiencia tanto física como psíquica, ou estean lesionados e por tanto incapacitados temporalmente, (acreditando ante o profesor mediante ***certificado médico oficial***, indicando no mesmo as características e limitacións motóricas das súas lesións) para práctica das sesión de educación física realizarase unha adaptación da programación ás súas discapacidades, tendo en conta o material existente e a dispoñibilidade do profesor en cada actividade.

Se a lesión ou minusvalía fose tan grave que lle impedirá realizar a práctica das diferentes actividades a realizar, o alumno deberá levar un diario de clase onde terá que anotar tódolos conceptos teóricos, xogos e exercicios de progresión para a adquisición de certas destrezas ou deportes. Ademais de realizar traballos teóricos propostos polo profesor, relacionados cós contidos que están a traballar os seus compañeiros, coa práctica de actividades físicas e saúde, ou outros temas relacionados.

Ademais participará nas actividades deportivas realizando colaboración có profesor, (como por exemplo no arbitraxe de partidos, dirixir o quecemento en diferentes sesión, colaborar explicando xogos, exercicios de flexibilidade e elasticidade, ou respiración e relaxación.

12.- CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elemento transversais trataranse en tódolos cursos do seguinte xeito:

Comprensión lectora, a expresión oral e escrita:

- Exposición verbal de cada un dos temas comunicando ós alumnos os obxectivos sobre a materia (proposta de exercicios, asignación de tarefas...). Os alumnos poderán intervir neste inicio da sesión realizando preguntas,ou desenrolando eles mesmos parte da explicación a preguntas do profesor u repasando os contidos de anteriores sesións.

- Os traballos que deberá realizar o alumnado.

- O departamento proporcionará ó alumnado os apuntes escritos sobre a unidade didáctica correspondente, e despois cunha proba escrita os alumnos reflectirán a súa competencia escrita.

Comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación

- Como complemento as sesións usarase con certa frecuencia a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente na descrición de xestos técnicos, moitas veces empregando o movemento máis lento para mellorar a comprensión do mesmo.

- Os traballos que deberá realizar o alumnado facendo uso da información en Internet.

- A exposición de traballos na aula en diferentes soportes.

A capacidade emprendedora:

- A capacidade emprendedora é unha constante nesta materia onde fanse constantes propostas sobre problemas motores ou tamén a asignación de tarefas. A capacidade organizativa e a actividade serán dos dous elementos que veñen reflectidos na folla de observación do alumnado. As propostas do departamento irán dirixidas a actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor.

A educación cívica e constitucional

- Esta elemento transversal impregna todo o proceso educativo nesta materia onde o alumno debe manter un respecto cara os outros alumnos e o profesor (tamén reflectido na folla de observación de cada alumno).

- Fomentarase igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, faranse agrupacións mixtas nas tarefas das sesións, variarase a formación de grupos e parellas buscando fomentar os valores inherentes ao principio de igualdade de

trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aula de educación física constitúe un espazo de convivencia e polo tanto as posibilidades de conflitos aínda que esporádicas, xorden algunhas veces, especialmente nos niveis iniciais. Desde este departamento promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos xurdidos no contexto da materia, buscando solucións de compromiso por parte do alumnado e analizando as posibles causas do problema. No contexto dos valores (que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia) esta materia pretende crear un clima de convivencia que transcenda á propia materia.

- Fomentarase a práctica da actividade física como modo de integración do alumnado, evitando os papeis fixos dentro dos xogos e deportes. O rol de cada persoa dentro destas actividades nunca será permanente. Promoveranse os xogos de natureza inclusiva, aínda que sexa variando as normas da propia actividade, de tal maneira que sexa necesario depender de todo o mundo para achegar ó obxectivo proposto.

- Para evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos, nesta programación proponse unha alta variedade de contidos de expresión corporal, para que poidan achegar ó alumno a outra forma de contemplar o feito da educación física.

- As solucións as tarefas, a creación de estilos de movemento ou a propia forma do alumnado de relacionarse, contemplaranse como xeito de aceptar a riqueza e a versatilidade dentro da comunidade. Fomentarase a aceptación do diferente como un valor e sen que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade das distintas realidades.

- Incentivaranse as actividades que promovan as aptitudes como a creatividade (especialmente dentro do bloque de expresión corporal), a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellor a da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Neste senso a proposta deste

departamento realizarase en forma de charlas- conferencias a través de diferentes asociacións (AESLEME) e mesmo dos programas que oferta a garda civil de tráfico.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a actual situación de pandemia causada polo coronavirus, non resulta razoable realizar ningunha actividade desta índole.

No caso de que cambie a situación sanitaria ou exista a posibilidade de organizar actividades que cumpran os requisitos de seguridade establecidos no Protocolo do 31de agosto de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a realización das mesmas será aprobada na Xunta de Departamento e remitirase unha modificación da programación á Inspección Educativa.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2019/2020 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

15.1 Unidades didácticas de 2º de la ESO.-

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1.- CONDICIÓN FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES	EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.

2.- PATINAXE	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.
3.- ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.

4.- ATLETISMO	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.
5.- BÁDMINTON	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.
6.- AERÓBIC	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea. EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.

7.- HOCKEY	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. EFB4.2.2. Describe simplificadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.

8.- ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade. EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.

15.2 Unidades didácticas de 4º de la ESO.-

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1.- CONDICIÓN FÍSICA E SAUDE	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física. EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas. EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva. EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes. EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde. EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física. EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física. EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.

2.- ACROSPORT	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais. EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas. EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma. EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica. EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo. EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde. EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.

3.- XOGOS A PATÍNS.	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais. EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma. EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a. EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde. EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva. EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes. EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas. EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.

4.- BAILES DO MUNDO	EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma. EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición. EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas. EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas. EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.

ñ		iniciativa salvífica de Deus. 3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica. 5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.	valora a resposta de fe ao Deusque se revela. 3.1 Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina. 4.1 Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos comonecesarios. Distingue e sinala en textos bíblicos a presencia dun Deus que se comunica, xustificando en grupo a selección dos textos. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados	**Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…	CMCT CSC	
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación						
e l g	Deus revélase en Xesucristo. Deus un e trino. O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia	1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da Divinidade na revelación de Xesús. 2. Vincular o sentido comunitario da Trinidade coa dimensión relacionalhumana. 3. Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo Cristián.	Coñece e describe as características do Deus Cristián. Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divinidades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus Cristián. 2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación.	CCL CSC CAA CCEC	

		4. Recoñecer as verdades da fe cristiana presentes no Credo.	3.1 Confeccionar materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no Credo. 4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	**Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…	
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa					
l g c	Expansión da Igrexa, as primeiras comunidades. As notas da Igrexa	1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristianas. 2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.	Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristianas e describe as súas características. Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán. Describe e valora a raíz da unidade e santidade da Igrexa. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflexa a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…	CCL CSC CAA CCEC

5-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE. GRAO DECONSECUENCIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO DE CONSECUCIÓN	Instrumentos de avaliación
B1.1.1 Argumenta a dignidade do ser humano en relación aosoutros seres vivos.	SI	Traballo diario. Probas orais e escritas. Exposicións. Caderno. Traballos individuais e en equipo. Exercicios. Resumos. Preguntas sobre contidos. Actitude. Participación, interese, atención diaria. Traballo na aula. Orde e limpeza nos traballos diarios. Seguimentos das normas.
B1.2.1 Distingue e debate de forma xustificada e respetuosa a orixedo ser humano.	SI	
B1.3.1 Valora, en situación do seu entorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc	SI	
B1.4.1 Clasifica acción do ser humano que respetan ou destrúen acreación.	SI	
B1.4.2 Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan ao menos cinco necesidadese las posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	NON	
B2.1.1 Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	SI	
B2.2.1 Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.	SI	
B2.3.1 Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súaorixe divina.	PARCIALMENTE	
B2.4.1 Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	NON	
B2.5.1 Distingue e sinala en textos bíblicos a presencia dun Deusque se comunica, xustificando en grupo a selección dos textos.	PARCIALMENTE	
B2.5.2 Coñece e xustifica por escrito a existencia nos LibrosSagrados	SI	
B3.1.1 Coñece e describe as características do Deus cristián.	SI	
B3.1.2 Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divinidades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus Cristián..	PARCIALMENTE	
B3.2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesitado outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	PARCIALMENTE	
B3.3.1 Confeccionar materiais onde se expresan os momentosrelevantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no Credo.	NON	
B3.4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	SI	
B4.1.1 Localiza no mapa os lugares de orixe das primeirascomunidades cristianas e describe as súas características.	SI	
B4.1.2 Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explicacoas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	SI	
B4.2.1 Describe e valora a raíz da unidade e santidade da Igrexa.	SI	
B4.2.2 Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información ea comunicación, onde se reflexa a universalidade e apostolicidade da Igrexia	NON	

6.-TEMPORIZACIÓN

A continuación especifícanse o título de cada unidade didáctica e a súa temporalización aproximada para ocurso:

RELIXIÓN		
1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
Tema 1. A persoa humana, criatura de Deus libre e intelixente.A dignidade dapersoa. Tema 2. O ser humano, colaborador da creación de Deus.	Tema 3. Orixe, composición e interpretación dos libros sagrados. Tema 4. O Credo: síntese daacción salvífica de Deuss na historia	Tema .Expansión da Igrexa. As primeiras comunidades. San Pablo. Tema As notas da Igrexa

7.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica na educación secundaria obrigatoria tomará en consideración os coñecementos e características do alumnado, de xeito que as súas aprendizaxes sexan significativas, potenciará a súa participación activa no proceso de aprendizaxe e favorecerá a creatividade e as capacidades de aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Así mesmo, nas aprendizaxes integraranse os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e iniciarase a aplicación dos métodos científicos.

Utilizarase un modelo pedagóxico constructivista, que promova unha aprendizaxe significativa. Partindo desta base, apuntaremos algunhas orientacións sobre a metodoloxía de traballo na aula, entendendo que o profesor deberá aplicalas con flexibilidade, adaptándose en cada caso ás características do seu alumnado.

a. Terase en conta o momento de desenvolvemento no que se atopan os alumnos. Trátase de adolescentes que, se ben xa acadaron o estadio psicolóxico das operacións formais, atópanse nunha etapa persoal de cambio e inestabilidade emocional. Son inquedos, mostran interese por temas moi diversos, pero cambian tamén moi facilmente o seu foco de atención, Por este motivo, é necesario captar a súa atención, implicándoos na súa propia aprendizaxe, mediante a continua relación dos contidos da materia con temas que sexan do seu interese.

b. Para que a aprendizaxe sexa realmente construtiva é imprescindible detectar as ideas previas acerca dos conceptos a estudar (avaliación inicial). Para iso, antes de iniciar cada bloque temático, realizarase algunha actividade de detección destes preconceptos. Só despois de coñecer as carencias educativas dos alumnos, poderemos corrixilas, co propósito de modificar os esquemas mentais que sostiñan as teorías erróneas iniciais. O mellor xeito de facelo, será provocar nos alumnos un conflicto cognitivo, é dicir, plantexarlles algunha situación que evidencie a falsidade das súas hipóteses, para así crear a necesidade de cambiar os conceptos antigos por outros máis adecuados.

c. Tratarase de atopar un equilibrio entre a aprendizaxe por recepción e a aprendizaxe por descubrimento. A limitación de tempo induce a usar “en exceso” o primeiro sistema. En todo caso, pódese comezar cunhas explicacións teóricas básicas do profesor, dirixidas a todo o alumnado. A posterior realización dediferentes actividades de reforzo, afondamento ou ampliación permitirá graduar a cornplexidade dos contidos e adaptalos á diversidade dos alumnos. A diversidade de intereses e niveis tamén se atende usando diferentes recursos adecuados ó nivel do alumnado: bibliográficos, audiovisuais, contacto co entorno ou as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

A partir dun punto de vista xenérico, a programación debe basearse nos seguintes principios:

a. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
b. Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
c. Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
d. Propícianse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que así o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
e. Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, para que deste xeito o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de maneira autómoma.

* Tratarase de facer que a aprendizaxe sexa activa coa participación dos alumnos/as no desenrolo dos diversos contidos.

* Fomentarase as discusións e actividades en grupo que permitan clarificar e afianzar conceptos o mesmotempo que se consigue indaga-lo que saben.

*O traballo na aula non será anárquico, seguirá un orden lóxico, sistematizando os conceptos e facendo unha aplicación razoada dos mesmos.

* O desenrolo da clase constará de tres partes: Explicación dunha parte do tema, realización de actividades e corrección das mesmas.

* Realizaranse moitas actividades que leven oa/as alumnos/as o descubrimento razoado dos conceptos fundamentais evitando na medida do posible a execución mecánica dos exercicios.

* A exposición dos temas cando sexa posible partirá de situacións concretas do entorno no que nos movemos para que esperte maior grao de interese.

* Procurarase que todos ou case tódolos días supoñan un avance na materia, mantendo un ritmo constante e tratando de evita-la monotonía.

* Cando algún tema presenta maior dificultade afondarase nel a modo de repaso ou ampliación para evita - la sensación que pode te-lo alumno/a de estar tratando demasiado tempo as mesmas cousas.

* Antes de iniciar un novo tema tentarase de interesa-los alumnos/as da súa importancia e aplicacións o mesmo tempo que se fará un repaso dos coñecementos previos para abordalo.

* Dado que no libro de texto hai apartados específicos para explícalo uso da calculadora utilizaranse para aprende-lo seu funcionamento

* Aconsellarase sobre da conveniencia ou non do uso da calculadora propoñendo actividades onde o seu uso non e posible e outras nas que presta unha grande axuda.

*Resulta interesante utilizar o libro de texto como instrumento básico de traballo posto que e un material do que dispoñen tódolos alumnos/as e aporta explicacións, gráficos, actividades onde os contidos están graduados pola súa dificultade.

* Utilizarase o caderno de actividades elaborado polo profesor se fose o caso (3º e 4º eso sobre todo).

Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

A este nivel, a estratexia didáctica na aula será, por parte do profesor, motivación, orientación, exposición de contidos e avaliación e, por parte dos alumnos, de indagación, de maneira que o profesor sexa un vehículo entre os coñecementos e o alumno, e non a fonte destes.

Non é suficiente que o alumno posúa os coñecementos axeitados; ademais, será preciso que manipule a devandita información do modo máis eficaz posible. Cando tratemos de orientar os alumnos na resolución de problemas debemos intentar que:

* Compréndase o problema

* Idéese un plan de acción

* Lévese a cabo o plan

*Mírese cara a atrás, revisando o resultado e o procedemento utilizado.

As actividades que se proporán ao alumno serán moi variadas para atender á diversidade da aula. Buscarase, tamén a participación activa do alumnado e a consecución dos obxectivos propostos para cada unidade didáctica. Para iso empregaranse:

* Cuestionarios escritos.

* Diálogos, debates e coloquios.

* Esquemas.

* Mapas conceptuais.

* Resumos activos.

* Resolución de problemas.

* Entrevistas persoais e colectivas.

* Vídeos.

Dende o curso pasado estase a implantar de maneira paulatina a aprendizaxe cooperativa, pois consideramos que é unha maneira efectiva de acadar no noso alumnado as competencias clave, pois deben buscar, organizare e expor a información coa que traballan e para eso deben acadar acordos entre eles e axudarse, o que crea entre os rapaces lazos afectivos que melloran o ambiente de clase e aconvivencia no centro.

Nos casos en que esto non sexa suficiente e sexa necesario se aplicarán as medidas individuais necesarias.

8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán utilizados:

- Ordenadores e pizarras interactivas.Biblia
- Apuntes e fotocopias sobre os contidos, fichas, exercicios, reforzo,…
- Videos, powerpoint, cancións,…documentos en pdf e word utilizados coa pizarra dixital.Libreta, folios,…
- Exposicións e visitas,…

A materia observará e concretará os principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as disciplinas dunha etapaque debe respectar un carácter común á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno. Terá como referente o desenvolvemento das competencias básicas da Educación Básica.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Procuraremos xeitos de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Darémoslle pulo a un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia para a nosa actuación pedagóxica, que lle proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e que permita a participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e da coavaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento das capacidades de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da materia preséntanse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinario. No entanto, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de inter e intradisciplinariedade.

O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula, desde unha fundamentación teórica aberta e de síntese buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación.De gran valor para o tratamento dos contidos resultarán tanto as aproximacións intuitivas como os desenvolvementos graduais e cíclicos dalgúns contidos de máis complexidade.

É importante que os materiais e recursos utilizados ó longo do curso sexan o máis variados posible de tal forma que permitan manter a atención do alumno e desenvolver distintos tipos de destrezas.

Os recursos en materiais que se poden usar clasificámolos en:

- Materiais impresos: O profesor dará apuntes e fotocopias sobre os contidos do temario e guións didácticos. A Biblia
- Materiais de uso diario: empregarase o encerado, pizarra interactiva,… como ferramenta de apoio á explicación do profesor, exposición por parte dos alumnos, resolución de exercicios, análise, etc. O alumno contará con lapis, bolígrafos e cadernos para ir anotando o que considere oportuno ou o que o profesor lle indique. Biblia
- Materiais audiovisuais: os vídeos, powerpoint, imaxes,….

- Materiais de busca de información: dirixidos aos alumnos, deben estar compostos de materiais individuais e colectivos. Os primeiros deben cumprir unha función de consulta e motivación; os segundos, ampliar as posibilidades de obter información sobre temas variados. O acceso á biblioteca ou a internet son os máis adecuados.

9.- AVALIACIÓN

9.1.- Concepto e metodoloxía de avaliación

A avaliación realizarase de forma sistemática e crítica, optimizando os programas, os obxectivos, os métodos e os recursos didácticos para ofrecer a máxima axuda e orientación ao alumnado.

Características da avaliaciónA avaliación será:

- Integradora: avaliaranse as capacidades a través dos obxectivos xerais do curso.
- Formativa: será un elemento máis da aprendizaxe que informa e perfecciona a acción educativa.
- Continua: estará inscrita no proceso de ensino-aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no instante no que se producen.
- Variada: utilizaranse diferentes técnicas e instrumentos.

Que avaliar?

Avalíanse todo tipo de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais que se estudaron a partir dos obxectivos xerais e contidos propostos.

Como avaliar?

O sistema de avaliación consiste en avaliar o alumnado dos seus coñecementos, do seu traballo na clase e na casa, e do seu caderno durante todo o curso.

Cando avaliar?

Dunha forma orientadora indícase un posible momento de realización das actividades de avaliación.

9.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación xerais

Procedementos de avaliación

Describen os mecanismos que se van seguir para realizar a avaliación do alumnado, tales como, entre outros, a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase (art.7.6 Orde ECD/65/2015). O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre incorporar nas programacións didácticas procedementos que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. (art.7.6 Orde ECD/65/2015).

Instrumentos de avaliación

Enténdese por instrumentos de avaliación todos aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno eque permiten xustificar a cualificación do alumnado. Responden á pregunta con qué avaliar?, é dicir, querecursos específicos aplícanse?

Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.(art.7.1 Orde ECD/65/2015),

9.3.- Avaliación proceso do ensino e práctica docente

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e de cada unha das áreas e competencias clave:

Esta avaliación incluirá, polo menos, os seguintes aspectos:

a. A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
b. As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
c. As medidas de atención á diversidade aplicadas.
d. A programación didáctica e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
e. A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.
f. Os resultados desta avaliación serán analizados polos mebros departamento e pola comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes

9.4.- Avaliación en relixión católica

9.4.1.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Enténdese por instrumentos de avaliación todos aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno e que permiten xustificar a cualificación do alumnado. Os alumnos deben ter claro o uso destes factores para a súa avaliación:

a. Caderno de notas do Profesor: constitúe un rexistro persoal que o profesor leva de cada estudante e onde realiza anotacións periódicas atendendo á súa integración no grupo e actitude cos compañeiros favorecendo a convivencia na aula e no centro, diálogos co docente, participación en preguntas e opinións, atención ás intervencións do profesor e de outros alumnos, constancia e ritmo no traballo, etc.

   Utilizaremos como instrumento as listas de control do caderno do profesor para valorar traballo de clase, actitude, comportamento, realización de tarefas e chamadas individuais á pizarra e do caderno da asignatura (presentación e contido).

b. Análise das producións do alumno: cada traballo que se presente de forma individual ou en grupo ao igual que as exposicións orais, serán avaliados seguindo uns elementos que o mestre en cada caso, faga contar aos alumnos tanto no relacionado coa presentación, apartados e contidos.
c. Probas escritas sobre contidos, exercicios relacionados cos mesmos e comprensión de textos ou documentos. Terase en conta a presentación, a redación, a relación con outros contidos,…

d. Observación sistemática (Listas de control): Para analizar o traballo individual, de grupo e tarefas diarías encomendadas para a casa e na aula.

e. Traballos de aplicación e síntese que se poden solicitar por trimestre.

9.4.2.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA.

Táboa dos contextos de aplicación que se van a avaliar e as competencias que abarcan ditos contextos no curso de 2º da ESO na materia de Relixión católica.

Contextos de aplicación	CCL	CSC	CAA	CD	CSIEE	CCEC	CMCCT
Proba escrita	**80**	**80**	**80**	**80**	**80**	**80**	**80**
Taller de investigación	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Taller de creación	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**
Actividades de clase	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**
	100	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Contextos de aplicación	
Proba escrita	controles, kahoots, formularios…
Taller de investigación	búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación.
Taller de craación	búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación.
Actividades de aula	traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

	CCL	CSC	CAA	CD	CSIEE	CCEC	CMCCT
Peso de cada competencia en 2º de la ESO	**19**	**16**	**6**	**4**	**6**	**6**	**4**

- Valoración dos traballos en grupo**,** calificaránse de dúas formas, valorando o traballo individual e o resultado final do grupo. Obteráse a media de ámbalas notas considerando non só o esforzó, interese e o bofacer individual senontamén colectivo.
- Tomaránse medidas excepcionais nos casos dos alumnos e alumnas con dificultades ouadapatacións curriculares.
- O feito de faltar algunha proba, o alumno ou alumna deberá realizala o primeiro día de incorporación a dita materia, salvo excepcións que a mestra dictamine.
- As porcentaxesestansuxeitas a posibles cambios dependendo da evolución de aprendizaxe do alumnado.

RECUPERACIÓNS DAS AVALIACIÓNS

***** Farase unha recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos que non acaden un 5 na súa cualificación do trimestre, podendo presentarse a dita recuperación os alumnos que desexen mellorar a súa cualificación.

* A recuperación consistirá, por norma xeral, nunha proba escrita, ou de ser o caso, na entrega dotraballo non presentado na avaliación.

* A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntose polo tanto recuperará a avaliación.

* A nota final de avaliación para o calculo da cualificación da convocatoria extrordinaria (xuño) para aqueles alumnos que foron a algunha recuperación ou se presentaron para subir nota será :

a. Un 90% da nota da proba para os que se presentan a subir nota.
b. Un 80% da nota no caso de presentarse para recuperar a avaliación.
c. Caso de que a nota de recuperación sexa un 5, deixarase esta como nota de avaliación.

* Coa nota de recuperación obtida calcularase a nota de xuño.

* No mes de xuño realizarase unha proba final para aqueles alumnos que deben de recuperar algunha avaliación e non acadaran os obxectivos mínimos da materia. Se o alumno debe recuperar máis dunha avaliación calcularase a media aritmética das avaliación. A nota mínima para facer media será de 4 puntos. Para o cálculo da cualificación da convocatoria extrordinaria (xuño) sempre se considerará comonota máxima un 5 en cada avaliación ao tratarse da 2ª Recuperación.

CUALIFICACIÓN FINAL CONVOCATORIA ORDINARIA:

***** A cualificación final da materia será a media das diferentes avaliacións tendo en conta as cualificacións acadadas nas recuperacións das avaliacións se fose necesario.

* Concluídos os exames, incluídos os de recuperación de xuño, a cualificación final do curso obterase facendo a nota media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, sempre que estas non sexan inferiores a 5, caso no que non se fará a media e o alumno deberá examinarse de novo na convocatoria de setembro.

* Se a cualificación final, na convocatoria ordinaria, é inferior a 5 o alumno deberá examinarse na convocatoria de setembro.

CUALIFICACIÓN FINAL CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

***** Se a cualificación final é inferior a 5 o alumno deberá examinarse na convocatoria de setembro.

* A proba de setembro será global de todo o curso, ou por avaliacións, dependendo dos contidos.

* % da nota nunha proba escrita: valorarase tanto o nivel de contidos como a correcta presentación, ortografía, expresión e correcta utilización da linguaxe. Para superar a materia a proba deberá ter unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Terá un peso dun 90% sobre o total da cualificación se hai que entregar traballos ou actividades escritas.

Se non se inclúen actividades escritas, traballos, … para entregar o % da nota da proba escrita será do 100%.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS ACERCA DA CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán comunicados e explicados aos alumnos a principio de curso.

Nas probas escritas, cada 2 faltas de ortografía penalizarase con 0,25 puntos da nota ata un máximo de 2 puntos. Tamén se poderá penalizar con 0,5 puntos a mala presentación e polo mal uso dos signos de puntuación e mala caligrafía.

Nos traballos presentados , cada 2 faltas de ortografía penalizarase con 0,25 puntos da nota ata un máximo

O alumnado que empregue medios ou estratexias non permitidas expresamente polo profesorado para mellorar o seu rendemento nas probas de avaliación (copiar) ou axude a outro compañeiro a mellorar o seu rendemento terá como nota un 1 na debandita avaliación e deberá recuperala na proba ordinaria de xuño ou na seguinte proba extraordinaria.

O dereito a unha avaliación continua perderase en canto o alumno supere as 8 faltas sen xustificar. Nese caso, o alumno terá dereito a unha proba final extraordinaria no mes de xuño similar á proba final ordinaria ou extraordinaria descrita mais arriba. De producirse a perda da avaliación continua o alumno tamén perderá o dereito de asistir a calquera das actividades complementarias e extraescolares que organizara o departamento.

Puntuación actitude e traballo: Cada negativo por actitude negativa na aula, comportamento e exercicios realizados desconta 0,2 puntos. Con 5 negativos perde a totalidade de puntos por esta parte.

Se a falta de asistencia a unha proba é xustificada (xustificante oficial), suprímese a nota correspondente coma se o exame non existise e acumula materia para a vindeira proba ou realizaría outra proba noutro día proposto polo profesor. Se a falta de asistencia é inxustificada, a nota do devandito exame é 0.

10. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O comezo de todo proceso de ensino - aprendizaxe supón en si mesmo unha avaliación.

Cando o profesorado se enfrenta ao grupo co que vai traballar durante un período de tempo concreto, precisa coñecer ao grupo como tal e a cada un deses alumnos, para poder planificar a intervención que se vai realizar.

Desde este punto de vista, pódese dicir que: "a avaliación inicial é o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dun grupo de alumnos e alumnas, así como das características do entorno no que se sitúa".

A avaliación inicial debe ter unha serie de características que deben estar sempre presentes:Non debe levar nota.

Non ten por que ser unha proba, pode ser unha actividade programada.Pode ser individual ou grupal.

Non é só información para o profesor, senón que debe ser devolta ós alumnos con observacións para que podan darse conta do seu estado inicial ante os novos coñecementos.

Na avaliación inicial aparecen tres grandes momentos que enmarcan o traballo a realizar:

1. Propósito da avaliación inicial: é básico definir o que se quere conseguir, e para iso é necesario plantexarse una serie de cuestións que deberán ser respostadas ó longo do proceso. Canto máis concreta sexa esta definición, maior facilidade haberá para conseguir unha avaliación útil e unha toma de decisións axustada.

2. Recollida de información: a información que se precisa debe estar en consonancia co propósito que se ten. Polo tanto a información que se recolla partirá das preguntas realizadas, pero sen perder a perspectiva da súa utilidade para a toma de decisións. Polo tanto, é básica a selección da técnica e dos instrumentos de avaliación que se van utilizar. Os aspectos sobre os que se vai recoller a información estarán relacionados cos seguintes ámbitos: características do alumno/a (motivación, intereses, estilo de aprendizaxe…), entorno (contexto social, familiar, escolar, comunitario…), e competencias curriculares (comunicación, autonomía persoal, habilidades sociais…).
3. Toma de decisións: Esta fase está directamente vinculada coa primeira, xa que as decisións que se van tomar son as respostas ás preguntas plantexadas con anterioridade. Nesta fase hai un momento formal no que se toman estas decisións, un tempo no que se pon en común a información entre as diferentes persoas que interveñen no proceso e se recollen as decisións tomadas para iniciar a planificación do traballo; sen embargo, a toma de decisións non é puntual, xa que as estas vanse fraguando ó longo de todo o proceso.

En canto ás técnicas e ós instrumentos para levar a cabo esta avaliación, podemos destacar os seguintes:

* Observación: é a técnica máis básica xa que a información obtida acádase directamente do comportamento dos alumnos. Os instrumentos para rexistrar o observado poden ser os seguintes:

* Rexistro no caderno de aula do profesor.

* Listas de control: Consiste nun listado de indicadores de observación no que se sinala a ausencia ou presenza dunha determinada característica

* Cuestionarios específicos sobre o que se quere avaliar: de resposta corta, verdadeiro/falso, de opción múltiple

* Probas orais ou escritas.

* Resolución de problemas.

* Exposicións sobre un tema determinado.Pequenas investigacións…

11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O obxectivo fundamental do proceso educativo é a construcción do coñecemento do alumnado. A situación de partida dos alumnos non é a mesma, e este feito deixou de se ver como unha rémora para se converter nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo.

Respecto ao propio proceso de ensino-aprendizaxe, procurarase a toma en consideración das diferentes capacidades dos alumnos para o cumprimento dos obxectivos xerais do curso. Así, de modo constante realizarase no proceso de ensino-aprendizaxe unha serie de recursos pedagóxicos de atención á diversidade e particularidades individuais do alumnado con dificultades na adquisición dos contidos dalgún bloque curricular determinado.

Polo tanto, para a atención a diversidade para alumnos con atrasos ou carencias temos en conta os seguintes puntos:

1. En cada avaliación o profesor determinará as carencias individuais máis graves nos distintos bloques e adicará unha das clases semanais á realización de tarefas e exercicios específicos que permitan a adquisición dos coñecementos necesarios para o seu progreso na materia.
2. Dada a limitación temporal e de recursos hanse de priorizar a recuperación naqueles bloques de contidos dos que a ensinanza sexa progresiva e acumulativa. Dos outros a recuperación será daquelas carencias de conceptos e nocións fundamentais que foran quenes de atrancar o desenvolvemento da aprendizaxe

subseguinte.

3. O profesor decide segundo cada caso a metodoloxía a empregar na recuperación: insistencia en noción e exercicios prácticos, cambio na metodoloxía de ensino-aprendizaxe, traballo en equipo no que colaboren alumnos que teñan acadado os obxectivos que se están a recuperar.

Se algún alumno ou alumna non pode realizalas actividades por problemas de saúde xustificados, avaliarase mediante as probas escritas e a realización das fichas de sesión realizadas polo alumno ou alumna diariamente.

Tamén tendo coma referencia o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas e acción que se levan a cabo son:

As concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións didácticas e nas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

As diferentes posibilidades serán:

- ❖ Reforzo educativo e Adaptación Curricular naqueles casos nos que sexa preciso, previa supervisión e asesoramento do Departamento de Orientación.
- ❖ Apoios dentro da aula se existen recursos.
- ❖ Intervencións específicas por parte dos especialistas en audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica ou departamento de orientación.
- ❖ Actividades de reforzo. Actividades de ampliación.
- ❖ Adecuación de tempos, espazos e materiais as distintas necesidades do alumnado. Garantir tódalas medidas de acceso ao currículo con aqueles alumnos/as que o precisen.
- ❖ Adaptacións curriculares.

As adaptacións crearanse e aplicaranse de xeito totalmente individualizado,para aqueles alumnos con NNEE. que o Departamento de Orientación considere e avalíe.

Faranse baixo a supervisión e orientación do devandito departamento.

Revisaranse e modificaranse a criterio do Equipo Psicopedagóxico, titor e /ou profesor que avaliaran o progreso do alumno.

12.-EDUCACIÓN EN VALORES E TEMAS TRANSVERSAIS

Na Educación Secundaria Obligatoria elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias.

Do mesma xeito, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por condicións circunstanciales persoais ou sociais. O ensino *transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e valores que sustente a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

Resumindo, na materia non soamente se trata de acadar os obxectivos curriculares, se non tamén hai que contribuír á consecución duns obxectivos que permitan ó alumno unha entrada plena na vida adulta. Esta

educación en valores debe ser parte integrante das materias. Pódense deseñar actividades específicas para traballar esas actitudes (análise da prensa diaria, debates, xogos de rol) pero non debemos esquecer que o propio enfoque da materia pode permitir e facilitar a integración

Ademáis…

Se por algo se caracteriza o noso Centro é precisamente por unha educación en valores, en todas as materias, niveis e situacións que se presentan na vida diaria.

Teremos en conta todas as asignaturas do curso, programando a través de actividades que fomenten a cooperación e interrelación dos alumnos, o respecto as demais culturas e realidades sociais así como a aprendizaxe de novos contidos relacionados coa devandita educación en valores.

Os valores que están recollidos no PEVI nos Centros Educativos Vicencianos son:

1. Ecoloxía e vida.	5. Autoestima.	9. Amor.	13. Xustiza.
2. Sensibilidade.	6. Liberdade.	10. Esperanza.	14. Servizo.
3. Sentido crítico.	7. Verdade.	11. Responsabilidade.	15. Respecto.
4. Creatividade.	8. Sinxeleza.	12. Paz.	16. Interioridade.

Tipo de persoa que pretendemos:

Unha persoa implicada coa realidade na que vive, comprometida, dispoñible, capaz de crer no evanxeo, non só como utopía, senón como unha opción de vida.

Unha persoa en proceso de crecemento, que recoñece a propia debilidade, que está aberta a crecer, que traballa a solidez interior, a constancia, a capacidade de superación, o auto-coñecemento, a autoestima e a aceptación dos demais.

Unha persoa sinxela, austera, humilde, solidaria, con xuízo crítico, soñadora e sincera.

Unha persoa esperanzada.

Unha persoa auténtica, en busca permanente da Verdade.

Unha persoa cunha sa relixiosidade e cunha escala de valores ben fundamentados. Unha persoa profundamente humana e profundamente espiritual.

13.-RELACIÓN CO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia debe ter un carácter integrador, xa que a través del trabállanse aspectos que poden ser o punto de encontro de diversas materias ou disciplinas, e permite que o alumnado adquira unha visión global tanto do proceso de ensino como dos resultados obtidos. Ademais, deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa dos valores fundamentais.

Para que os rapaces coñezan o plan de convivencia e leven a cabo o que nel se expón, pódense realizar accións como:

Explicar ós alumnos/as as características do Plan de Convivencia, destacando a importancia do mesmo e a repercusión positiva que terá na convivencia de todos os membros da Comunidade Educativa.

Insistir en que poder esixir os dereitos conleva o cumprimento dunha serie de deberes. Promover a reflexión

conxunta acerca do axeitado ou o inaxeitado de determinadas actitudes.Amosar de cara ó alumnado unha actitude

dialogante e respectuosa en todo momento.

Intentar que teñan tolerancia cero ante as actitudes violentas e/ou irrespetuosas entre eles e para co resto da comunidade educativa, así como de cara ás instalación do centro.

Dar a coñecer as normas do centro e elaborar entre todos as normas da clase.

Manter sesións de titoría onde se traten os conflitos que poidan xurdir no grupo clase ou con outros alumnos do centro.

Manter contacto e compartir información coas familias.

14.-RELACIÓN CO PLAN TIC

Actualmente o centro conta con pizarras interactivas nas aulas. O fomento e uso das TIC queda patente no día a día. Os profesores contamos con vídeos e con power point explicativos dos temas que se imparten que son utilizados na aula.

No plan de fomento da lectura imposto na nova Lei Orgánica de Educación (LOE) propiciarase a lectura de árticulos de revistas e libros especializados. Co fin de mellorar a súa capacidade de reflexión sobre o feito artístico, as distintas aplicación da arte, a súa importancia e influencia no mundo actual, etc, ademais de perfeccionar a súa comprensión lectora xa que obsérvanse dificultades moi salientables a hora de comprender os textos que inclúe o propio libro.

No referente ao tratamento do fomento das TIC nas distintas unidades didácticas preséntanse referencias bibliográficas, motores de búsqueda, páxinas de consulta, foros, webquest e además material relativo as novas tecnoloxías. Así mesmo recoméndase, sempre que o alumno teña acceso a Internet, para a consulta en liña na páxina web do ministerio de educación y ciencia (www.mec.es), búsqueda en enciclopedias dixitais, na Wikipedia e en outros lugares da rede. Todo isto baixo a guía ou supervisióndo profesor da materia.

15.-RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR

En tódalas materias debemos contribuir a conseguir os obxectivos previstos no plan lector da etapa:

a. Fomentar a sensibilidade pola lectura, facilitando os medios para que toda a comunidade educativa fagaun uso activo do material da biblioteca, promovendo canles de organización e participación dos distintos sectores.
b. Facer partícipes ás familias, co obxectivo de relacionar a lectura coa vida cotiá, evitando así circunscribila ao ámbito escolar.
c. Potenciar o uso da biblioteca como centro de investigación.
d. Afondar no dominio da lingua, nas súas estruturas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), para que os alumnos non teñan dificultades de comprensión lectora, e sexan capaces de planificar actividades e de transmitir mensaxes, opinións, desexos ou pensamentos dun xeito claro e coherente.
e. Entender a lectura como unha fonte de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal, imprescindible na nosa sociedade da información, desenvolvendo a linguaxe e incrementando o vocabulario, eestimulando o entusiasmo polo saber e o coñecer.
f. Incrementar a capacidade de investigar e aprender con autonomía.
g. Concibir a lectura como un proceso activo e creativo que invita a poñer en xogo coñecementos e

experiencias previas, a formular inferencias ou anticipacións e a compartir interpretacións que maticen ou enriquezan o sentido global dos textos.

h. Contaxiar a paixón pola lectura, como fonte de lecer, de información e de coñecemento.

i. Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura, así como a facultade de razoar criticamente sobre as mensaxes, as formas e a calidade dos escritos.

j. Crear un clima que favoreza o achegamento aos libros, á lectura e á escritura, onde se poñan en valor estas actividades na práctica cotiá.

k. Fomentar a realización de actividades que busquen a capacitación do alumnado para un uso crítico das diversas fontes informativas segundo as características de cada alumno/a.

l. Utilizar as TIC, especialmente Internet, como recurso didáctico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector.

m. Propiciar a integración das TIC en prácticas lectoras, en todos os soportes, en situacións contextualizadas: os recursos informáticos mesturados cos materiais impresos na aula, na biblioteca, etc., na elaboración de proxectos de traballo cooperativo.

n. Motivar, implicar e dotar de medios axeitados ao profesorado como dinamizador da lectura.

o. Establecer canles para a organización de espazos e tempos diarios para a formación de lectores competentes e creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura

Además dos diferentes documentos que se entregarán ao alumnado ao longo das diferentes sesións nas que se desenvolve normalmente o curso, dende o departamento de Artística quérese contribuir ao fomento da lectura por parte do alumnado ao adicar algún tempo dunha sesión semanal lectura obrigatoriá (15 minutos).

Tamén ao longo do curso procurarase facer lecturas comprensivas dos distintos textos, enunciados ou calquer outro documento que o profesor considere oportuno como por exemplo introduccións históricas a cada un dos temas que se van a impartir.

Dende o departamento de Artística colabórase na realización da hora de lectura proposta polo centro e organizada polo equipo de coordinación da biblioteca.

16.-RELACIÓN CO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Proxecto Lingüístico de Centro recolle as actividades programadas desde o departamento e en colaboración cos distintos departamentos de Linguas Extranxeiras e co EDL. As asignaturas impartidas en lingua galega foron marcadas a comezo de curso no horario escolar e no PLC. Asimesmo tamén se recollen as medidas de atención ao alumnado que presenta problemas de integración na nosa lingua ou que pediron a exención por chegar á comunidade provintes doutras zonas fóra do territorio galego. En todo caso aplicarase a normativa vixente Decreto79/maio de 2010.(Ver Proxecto Lingüístico de Centro).

A materia debe contribuir ao desenvolvemento da competencia lingüística fomentando o coñecemento e a utilización axeitada do castelán, xa que é a lingua na que se imparte esta materia. Tamén debe fomentar a relación co galego comparando vocabulario, expresións etc que favorecen a interación entre as dúas linguas e a comprensión do que se está estudando.

17.-ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN MATERIAS PENDENTES

A metodoloxía é a mesma que se emprega para o alumno que cursa a materia pero tendo en conta que non existen horas lectivas. Nalgúns casos, se o horario o permite, o alumno con materias pendentes podería acudir ao reforzo que existe polas tardes. Para poder facelo debe ter a autorización dos profesores que estará coordinado co departamento de orientación.

O profesor terá unha reunión cos alumnos durante o mes de outubro na que se lles indicará os mecanismos para recuperar a materia.

MATERIAL UTILIZADO:

* Material elaborado polo departamanto e os exercicios realizados durante o curso anterior.

PROCEDEMENTO:

* Realizaranse dúas probas (en febrero e maio) e teranse en conta os porcentaxes mencionados no apartado seguinte, sempre e cando se teñan datos suficientes.

* Cando non existan traballos para avaliar (apartado C) as probas escritas serían o 90% da nota final.

* A nota final de cada parte da materia será a suma dos apartados **A+B+C**.

* Os alumnos que teñan una nota inferior a 5 puntos na primeira parte deberán presentarse ao exame final que se celebrará na convocatoria de maio no que avaliará da totalidade de temas.

A nota final será a media das dúas partes.

INSTRUMENTOS:

A-Probas escritas. 85% dependendo do traballo. Se o profesor non indica ningún traballo ou exercicios (Apartado B+C), esta parte sería o 100% da nota.

B-Exercicios do material complementario. 10 %

C-Traballos monográficos. 5% para 1 traballo presentado

Ademais, para calquera alumno que teña Relixión pendente de cursos anteriores:

- As entregas de **exercicios complementarios e traballos monográficos** deberán realizarse a man, con presentación axeitada (portada, índice, numeración de páxinas); sen faltas de ortografía e con vocabulario técnico adecuado, segundo a unidade correspondente.
- Rexeitaranse aquelas entregas nas que as actividades non se realizaran correctamente e/ou a súa presentación sexa defectuosa.
- Realizados os exercicios complementarios e traballos monográficos, o profesor correspondente, puntuará de 1 a 10 puntos.
- Aqueles que, ou ben non entreguen exercicios complementarios e/ou traballos monográficos en prazo, ou non o entreguen non terán puntuación nesa parte.
- Poderán consultar todas as dúbidas e pedir axuda ao profesorado
- As entregas de actividades e traballos realizaranse directamente ao profesor do Departamento dentro do prazo marcado.

18.-RELACIÓN CO PROXECTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Saídas culturais por determinar e dependentes da disponibilidade. Tamén se realizan as actividade s que ofrecen estamentos como o Concello, fundacións, etc, ao longo do curso, como exposicións, visitas a igrexas, Catedral,…

Asistirán, dentro do centro, á proxección de documentais relacionados cos respectivos temas; farán traballos de investigación sinxelos ao longo do curso.

19.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

* Desenvolvemento en clase da programación.

* Relación entre obxectivos e contidos.

* Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.

* Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Ao final de cada trimestre avaliarase o seguimento da programación, para modificar ou ampliar osaspectos que foran necesarios.

Rexistro de avaliación das programacións e práctica docente

Indicadores	Para destacar	Para mellorar	Proposta de mellora
Coherencia entre o programado e o desenrolo das clases			
Distribución temporal equilibrada.			
O nivel de flexibilidade na aplicación da programación.			
Metodoloxía			
Utilización dos recursos externosao centro			
Actividades de avaliación de cada unidade.			
Actividades de reforzo, motivaciónou ampliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Claridade nos criterios de avaliación			
Recursos materiais			
Os criterios de aevaluación e os criterios de calificación déronse a conocer: - Aos alumnos - Ás familias			

Medidas de atención a diversidade			
Agrupamentos.			
Distribución e uso do espazo.			
Organización do tempo.			
Resultados académicos			

CURSO:

4ºESO

MATERIA:

Relixión Católica

ÍNDICE

1.-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

3.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DEAPRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

4.- OBXECTIVOS DA ETAPA E MATERIA

4.1.- Obxectivosxerais da área de Relixión Católica

4.2.- Obxectivos da área de Relixión Católica para 4ºESO

5.-TEMPORIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE. GRAO DE CONSECUCIÓN

6.- TEMPORIZACIÓN CONTIDOS

7.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Libros de texto, apuntes, fichas…)

9.- AVALIACIÓN

9.1.- Concepto e metodoloxía de avaliación

9.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación xerais

9.3.- Criterios de cualificación xerais

9.4.- Avaliación de materias pendentes

9.5.- Avaliación inicial

9.6.- Avaliación proceso do ensino e práctica docente

9.7.- Avaliación en Relixión Católica 3º/4º eso

* Criterios de avaliación

* Instrumentos de avaliación

* Criterios de cualificación

10. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.-EDUCACIÓN EN VALORES E TEMAS TRANSVERSAIS

13.-RELACIÓN CO PLAN DE CONVIVENCIA

14.-RELACIÓN CON PLAN TIC

15.-RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR

16.-RELACIÓN CO PROXECTO LINGÜÍSTICO

17.-ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN MATERIAS PENDENTES

18.-RELACIÓN CO PROXECTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

19.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

1.-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

CONTEXTUALIZACIÓN 4º ESO-A

A presente programación está dirixida ao alumnado de 4º ESO-A. Atopámonos nun aula de 18 alumnos, dos cales once son mulleres e sete son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai tres rapaces (un imperativo legal) e tres rapazas (unha imperativo legal) que non acadaron os obxectivos suficientemente.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Lucía Guede Freire, José M. Rivadulla Pereira e Narciso Valle Campos.

Dpto. de linguas: Monserrat García Blanco, Ana I. González Entenza, e Mª Reyes Rosales Aldao e Mercedes Vivero Enjamio.

Dpto. artística: Elena F. Sobral, Ana Mª Acuña e Javier Medrano Iglesias.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado catro precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con déficit de atención, un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe nas linguas e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe por desmotivación e lagoas de coñecemento.

Catro rapazas e dous rapaces escolleron matemáticas aplicadas e cinco rapaces e sete rapazas escolleron matemáticas académicas.

Nove escolleron educación plástica, visual e audiovisual, cinco rapaces e catro rapazas.

Dez escolleron 2ª lingua estranxeira francés, tres rapaces e sete rapazas.

Dezasete escolleron tecnoloxías da información e comunicación, seis rapaces e once rapazas.

Doce escolleron bioloxía e xeoloxía, oito rapazas e catro rapaces.

Seis escolleron iniciación á actividade emprendedora e empresarial, dous rapaces e catro rapazas.

Seis escolleron tecnoloxía, catro rapazas e dous rapaces.

Doce escolleron física e química, sete rapazas e cinco rapaces.

CONTEXTUALIZACIÓN 4º ESO-B

A presente programación está dirixida ao alumnado de 4º ESO-B. Atopámonos nun aula de 17 alumnos, dos cales once son mulleres e seis son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior hai cinco rapaces (un imperativo legal) e tres rapazas que non acadaron os obxectivos suficientemente.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Lucía Guede Freire, José M. Rivadulla Pereira e Narciso Valle Campos.

Dpto. de linguas: Monserrat García Blanco, Ana I. González Entenza, e Mª Reyes Rosales Aldao e Mercedes Vivero Enjamio.

Dpto. artística: Elena F. Sobral, Ana Mª Acuña e Javier Medrano Iglesias.

Dpto. relixión: Roberto Briz Cid

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado tres precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con déficit de atención e problemas de ansiedade, unha rapaza con TDAH, un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe nas linguas e un rapaz con dificultades de aprendizaxe por desmotivación e lagoas de coñecemento.

Catro rapazas e tres rapaces escolleron matemáticas aplicadas e tres rapaces e sete rapazas escolleron matemáticas académicas.

Dez escolleron educación plástica, visual e audiovisual, cinco rapaces e cinco rapazas.

Sete escolleron 2ª lingua estranxeira francés, un rapaz e seis rapazas.

Dezasete escolleron tecnoloxías da información e comunicación, seis rapaces e once rapazas.

Dez escolleron bioloxía e xeoloxía, sete rapazas e tres rapaces.

Sete escolleron iniciación á actividade emprendedora e empresarial, tres rapaces e catro rapazas.

Sete escolleron tecnoloxía, tres rapazas e catro rapaces.

Dez escolleron física e química, sete rapazas e tres rapaces.

Hai unha alumna que se incorpora por primeira vez ao centro procedente doutra comunidade.

2.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso , cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia,** que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en **desempeños competenciais,** redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais,** como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo

posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores,** presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, deberanos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Relixión Católica

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Relixión Católica desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises de pensamento e razoamentos lóxico-filosóficos supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

* Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.

* Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

* Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita a través dos textos traballados e das exposicións orais e escritas na aula.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

* Comprender o sentido dos textos escritos e orais.

* Manter unha actitude favorable cara á lectura.

* Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

* Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta aointerlocutor…

* Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situaciónscomunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Relixión Católica debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

* Empregar distintas fontes para a busca de información.

* Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

* Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

* Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

* Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

* Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

* Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través do feito relixioso facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A relixión vinculada a un pobo e a unha comunidade cultural determinada fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

* Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas quecontribuíron ao seu desenvolvemento.

* Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

* Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

* Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética noámbito cotián.

* Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Relixión Católica esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

* Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unhaconstitución.

* Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

* Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.

* Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

* Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

* Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

* Ser constante no traballo, superando as dificultades.

* Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.

* Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

* Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

* Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

* Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Relixión Católica préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

*. Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas…

* Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

* Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

* Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

* Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

* Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultadosintermedios.

* Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

3.-VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Nas táboas seguintes amósase a programación desta materia relacionando contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e

obxectivos. Os estándares de aprendizaxe relacionanse coas competencias clave que se traballan e coa súa temporalización.

COMPETENCIAS CLAVE
Comunicación lingüiística.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencias y tecnología.
Competencia dixital.
Aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espirito emprendedor.
Conciencia e expresións culturais.

Relixión Católica 4º ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE		**UDS. 1, 2, 3**	
Contidos	***Criterios de avaliación***	***Estándares de aprendizaxe***	***Procedementos***
Bloque I. O sentido relixioso do home			
Unidade 1: AS RELIXIÓNS SONPROPOSTAS DE SENTIDO -A nosa vida está chea de interrogantes. -As relixións: procura do sentido da vida. -As relixións son moi diversas. -A relixión propón unha vida comprometidacos demais.	**Unidade 1** 1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.	**Unidade 1** Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

Bloque II.A revelación: Deus intervén na historia			
Unidade 2: DEUS DÁSE A COÑECER NAHISTORIA -Plenitude na experiencia relixiosa: a revelación de Deus na historia. -Xesús é a revelación definitiva de Deus. **Unidade 3: DEUS É SEMPRE FIELCOAS PERSOAS** -A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. -O Deus da Alianza. -A fidelidade é vivir no amor.	**Unidade 2** 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido. **Unidade 3** 1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fielao longo da historia.	**Unidade 2** Razoa por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións. **Unidade 3** Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…
SEGUNDO TRIMESTRE		**UDS. 4, 5**	
Contidos	**Criterios de avaliación**	**Estándares de aprendizaxe**	**Procedementos**
Bloque III: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación			
Unidade 4: XESÚS É O SERVIDOR DEDEUS -A figura mesiánica do Servo de Iavé. -A esperanza mesiánica. -Xesús é o Mesías. **Unidade 5: XESÚS CHAMA A COLABORAR NA SÚA MISIÓN** -A chamada de Xesús a colaborar con Elxera unha comunidade. -Ser testemuñas de Xesús hoxe.	**Unidade 4** □□ Comparar e apreciar a novidade entre oMesías que sofre e o Mesías político. **Unidade 5** □□ Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina aIgrexa. □□ Coñecer e apreciar a invitación deXesús a colaborar na súa misión.	**Unidade 4** Identifica, clasifica e compara os trazos doMesías que sofre e o Mesías político. Esfórzase por comprender a novidade doMesías que sofre como criterio de vida. **Unidade 5** 1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textosevanxélicos a chamada de Xesús. Le de maneira comprensiva un evanxeo,identifica e describe a misión salvífica de Xesús. Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por quecontinúan a misión de Xesús.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…
TERCEIRO TRIMESTRE		**UDS. 6, 7**	
Contidos	**Criterios de avaliación**	**Estándares de aprendizaxe**	**Procedementos**

Bloque IV. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa			
Unidade 6: SER CRISTIÁN ÉVIVIR EN PLENITUDE	**Unidade 6**	**Unidade 6** 1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquenunha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

-A pertenza a Cristo na Igrexailumina todas as dimensións do ser humano. -A persoa, un ser en construción. -Ser cristián: unha maneira devivir. -É importante amar ben. **Unidade 7: A IGREXA CONSTRÚE A CIVILIZACIÓNDO AMOR** -Xesús, a autoridade como servizo. -A autoridade eclesial ao servizoda verdade. -A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.	1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa. **Unidade 7** 2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. 3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.	afectividade. Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana. **Unidade 7** Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade. Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño. Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos quea Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	**Proba escrita:** controles, kahoots, formularios… **Taller de creación:** búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación. **Taller investigación:** búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación. **Actividades de aula:** traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

4.- OBXECTIVOS DA ETAPA E MATERIA

A área de Relixión e Moral Católica fundaméntase nas esixencias que leva consigo desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948, art.º 26.3); a Constitución española (1978, art.º 27.3); o Pacto Internacional de Dereitos Humanos, Económicos, Sociais e Culturais (1966, art.º 13.3); a Carta dos Dereitos Fundamentais da UniónEuropea (2000, art.º 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo Acordo subscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais (3-1-1979).

A práctica deste dereito leva consigo un ensino relixioso escolar e confesional. Este ensino concrétase na área de Relixión e Moral Católica, unha materia específica e rigorosamente escolar, ordinaria para os que a soliciten, equiparable ao resto das demais materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica é unha materia opcional curricular de carácter confesional. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e desenvolvemento curricular (realización da programación xeral do curso, de cada unidade didáctica, etc.). As seguintes «Finalidades educativas da Educación Secundaria» sinalan as metas finais ás que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

4.1.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Obxectivos xerais da área de Relixión Católica de Educación Secundaria:

1. Educar a dimensión transcendente e relixiosa, e iso, desde a experiencia humana e «desde» e «para» avida persoal, social, relixiosa e ambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado de sde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudeshumanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e da historia, desde a realidade cotiá, o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristián-católica en diálogo con testemuños de persoasexemplares e problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza-aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para darlle un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e na práctica de compromisos solidarios que melloren o medio, as relacións interpersoais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior...
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.

13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz conun mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

4.2.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA PARA 4ºESO

1. Descubrir o valor e a importancia da historia.
2. Comprender a influencia que o pasado ten na vida das persoas.
3. Coñecer as características do cristianismo en tempos do Imperio Romano.
4. Descubrir as dificultades da Igrexa nos primeiros séculos. Herexías e distintas correntes.
5. Saber recoñecer as expresións artísticas dos primeiros cristiáns.
6. Coñecer momentos de forte expansión do cristianismo en diferentes épocas.
7. Recoñecer o cristianismo como mensaxe universal..
8. Debuxar os aspectos fundamentais da historia da Igrexa nos séculos iv-v.
9. Valorar o paso de ser unha Igrexa perseguida a ser a Igrexa oficial.
10. Coñecer as características da nova situación da Igrexa despois dos edictos de Milán e de Tesalónica.
11. Enumerar e coñecer os contidos fundamentais dos primeiros concilios.
12. Distinguir e caracterizar a arte paleocristiá e bizantina.
13. Situar na historia como foi o poder, a autoridade e o servizo da Igrexa.
14. Coñecer como entendeu Xesús o exercicio da autoridade.
15. Analizar a importancia que o cristianismo tivo, como factor de unidade, na época posterior á caída do Imperio romano de Occidente e ás invasións bárbaras.
16. Analizar a expansión do islam e a presenza da relixión cristiá na España musulmá.
17. Descubrir en Francisco de Asís un modo e modelo de ser e estar na Igrexa. A doutrina social na Igrexa.
18. Afondar nas características da historia da Igrexa nos séculos V-XV. Herexías e divisións na Igrexa.
19. Tomar conciencia da importancia da reforma do monacato e da aparición das ordes mendicantes.
20. Afondar no significado das peregrinacións, de modo particular, no Camiño de Santiago.
21. Coñecer o significado das cruzadas e as consecuencias do cisma de Oriente e de Occidente.
22. Coñecer a mensaxe de Xesús: anunciarlles a boa nova aos pobres, identificarse e facerse próximo aeles.
23. Saber dar razón da necesidade de reforma que no século xv tiña a Igrexa.
24. Analizar as causas e as figuras que levaron a cabo a reforma protestante.
25. Coñecer os aspectos fundamentais da doutrina de Lutero.
26. Analizar e comprender en que consistiu a reforma católica ou contrarreforma.
27. Coñecer en que consistiu o tribunal da Inquisición.
28. Descubrir as luces e as sombras da evanxelización levada a cabo a partir do século v.
29. Coñecer como lle afectou á vida da Igrexa a Ilustración, a secularización e a Revolución Francesa.
30. Coñecer o verdadeiro significado de relixión, fe, ciencia, razón, filosofía e crenza, e saber que relaciónexiste entre todas elas.

31. Tomar contacto coa figura e co ministerio de Xoán XXIII, o Papa bo.
32. Saber como foi a historia da Igrexa nos séculos xix e xx.
33. O Concilio Vaticano ii: razóns da súa convocatoria, características máis importantes e achegas á sociedade e á vida interna da Igrexa.
34. Examinar as características da historia da Igrexa na segunda metade do século xx.
35. Coñecer en que se plasmaron as propostas do Vaticano II: vida interna da Igrexa e novo xeito de estar no mundo..
36. Saber en que consiste o compromiso ecuménico da Igrexa e como se leva a cabo nela o diálogo interrelixioso.
37. Recoñecer, ao longo da historia da Igrexa, diferentes momentos de encontro e desentendemento.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidadesque lles permitan:

a. Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoalou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidadeen toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n. Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.- TEMPORIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE. GRAO DE CONSECUCIÓN

A diversidade de obxectivos, contidos, competencias clave e estándares suxire a conveniencia e empregar varios procedementos de avaliación. A **temporización** de cada estándar de aprendizaxe está recollido no **punto 3 da programación (VER PUNTO 3)**.

A **avaliación** será abordada nun punto específico da programación **(VER PUNTO 9) .**

De maneira xeral, para a avaliación dos diversos estándares de aprendizaxe requerense a utilización dunha serie de ferramentas pedagóxicas que permitirán diversificar, variar ou concretar a intención avaliadora do profesor. Os profesores das materias poderemos empregar distintas instrumentos e procedementos de avaliación para a súa avaliación.O resultado da observación sistemática do alumno e o seguimento do seu proceso de ensino aprendizaxe quedará rexistrado no caderno do profesor.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación sistemática	Escalas de observación Permite establecer estimacións dentro dun continuo **Categorías:** Identifica a frecuencia (Exemplo: Sempre, A veces, Nunca) ou caracterización (Exemplo: Iniciado, En proceso, Consolidado) da conducta a observar **Numérica:** Determina o logro e a intensidade do feito

	avaliado. Pódese utilizar a gradación de 1 a 4, de 1 a 5, de 1 a 6, ou a tradicional de 1 a 10 **Descriptiva:** Incorpora frases descriptivas. Exemplo: "Traballae trae ol material pero non toma iniciativas",
	Listas de control Rexistra a ausencia ou presenza dun determinado trazo, condutas ou secuencia de accións. Caracterízase por aceptar soamente dúas características: se ou non, lógrao ou non o logra, presente ou ausente, etc.
	Rexistro anecdótico Fichas na que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden achegar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas
	Diarios de clase Análise sistemática e continuada das tarefas diarias realizadasen clase. Pódense usar escalas de observación para o rexistro do seguimento efectuado
Análise de produción dos alumnos	Monografías Texto argumentativo que presenta e analiza os datos, obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática , analizados con visión crítica De compilación De investigación De análise de experiencia
	Resumos
	Traballo de aplicación e síntese
	Caderno de clase
	Caderno de campo
	Resolución de exercicios e problemas
	Textos escritos
	Producións orais
	Producións plásticas ou musicais
	Producións motrices
	Investigacións
	Xogos de simulación e dramáticos
Intercambios orais cos alumnos	Diálogo
	Entrevista Guión da entrevista: Comunicación verbal planificada, utilizando guións máis ou menos estruturados, que achega datos útiles para coñecer unha determinada conduta. Son moi utilizadas na resolución de situacións problemáticas
	Asemblea
	Posta en común
Probas específicas	Obxectivas Con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para

	que o alumno escolla, sinale ou completeDe resposta alterna De complementación Termos pareados
	Abertas Con preguntas ou temas nas que o alumno debe construir as respostas
	Interpretación de datos Con material de introducción (ilustración, mapa,…) seguido deuna serie de preguntas relativas a su interpretación
	Exposición dun tema
	Resolución de exercicios e problemas
	Pruebas de capacidade motriz
Cuestionarios	Abertos: Son aqueles en os que se pregunta ao suxeito algo e déixaselle en liberdade responder como queira. Este tipo de cuestionario é moi útil e proporciona moita información, pero require máis tempo por parte do informante e é máis difícil de analizar e codificar por parte do investigador. Xeralmente, aplícanse en estudos pilotos co fin de obter máis datos. Pechados: Están estruturados de tal maneira que ao informante ofrécenselle só determinadas alternativas de resposta. É máis fácil de codificar e contestar. Como desvantaxe, podemos mencionar que as categorías que se ofrecen poden non ser as máis adecuadas, ou que a persoa non pensase as súas respostas en termos das categorías que se lle ofrecen. Outra desvantaxe é que, ao ofrecerlle categorías ao informante, estánselle "suxerindo" as respostas.
Grabacións e análises	
Observador externo	

Tamén poderíamos incluir as **rúbricas**. Chámase rúbrica ao conxunto de criterios e estándares ligados aos obxectivos de aprendizaxe usados para avaliar a actuación do alumnado na creación de artigos, proxectos,ensaios e outras tarefas.

6.- TEMPORIZACIÓN CONTIDOS

A programación anual da materia estrutúrase en **unidades didácticas**. Pódese establecer unha distribución horaria aproximada dunhas 32 -36 sesións neste curso escolar. Estimando que entre exames eprobas, actividades extraescolares, festivos e imprevistos pérdense da orde de 10 sesións, resulta un temporalización global aproximado de 28 sesións, que se distribuirán entre todas as unidades didácticas baseándose no peso conceptual de cada unha delas.

7.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, é necesario optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOMCE e no Real Decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria, nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagoxía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e os elementos que as compoñen: obxectivos, centros de interese, contidos, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación. Estes principios e a súa concreción en estratexias, procedementos, recursos e accións organizadas, forman parte do máis orixinal do «Proxecto de Relixión» de Anaya.

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o indica explicitamente o currículo:

   «Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e en grupo, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

   O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e as experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación do alumnado e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírlle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva), e ademais, os estudantes deben estar motivadospara realizar a aprendizaxe.

   A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

   «Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e das expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza - aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles, motívase o alumnado, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

   «Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comezan na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias, historias da Biblia e outros libros sagrados, etc.

   Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle achega ao alumnado:

A. Experiencias de educación no sentido da vida.

B. Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.

C. Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D. Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E. Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno ou alumna.

5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinariedade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinariedade, diversas actividades están deseñadas para seren realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.
6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e a cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para mostrar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e antivalores máis influentes na vida cotiá.
7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado para ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas para que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.
8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é capaz de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesorou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía cerrada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagoxía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

O presente proxecto dálle moita importancia á diversidade e inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, que se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou de grupo. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno ou alumna poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, un resumo ou unha definición coa súa explicación correspondente. Cada estudante, segundo as súas calidades e os seus intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos e outros materiais audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e a argumentación

respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cinefórum; o discofórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización do alumnado da maior parte das actividades da clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Todo este proceso, métodos e actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe. Ao finalizar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.
12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo:

    «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).

13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).
14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC:

«Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que lle resulte útil ao estudante na busca de información ou na resolución de problemas formulados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015).

Dende o curso pasado estase a implantar de maneira paulatina **a aprendizaxe cooperativa**, pois consideramos que é unha maneira efectiva de acadar no noso alumnado as competencias clave, pois deben buscar, organizare e expor a información coa que traballan e para eso deben acadar acordos entre eles e axudarse, o que crea entre os rapaces lazos afectivos que melloran o ambiente de clase e a convivencia no centro.

Nos casos en que esto non sexa suficiente e sexa necesario aplicaranse as medidas individuais necesarias.

8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Libros de texto, apuntes, fichas…)

No referente aos materias curriculares e os recursos didácticos aparecen especificados nas unidades didácticas e considerados tamén en outros apartados da programación (ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES FOMENTO DA LECTURA. FOMENTO DAS TIC).

Loxicamente serán utilizados:

- Material elaborado polo profesorado.Ordenadores e pizarras interactivas
- Videos, powerpoint, documentos en pdf e word utilizados coa pizarra dixital.Libretas ou caderno do alumno
- Lapis e bolígrafosEncerado e xiz
- Fotocopias e boletíns elaborados polo departamentoDicionarios
- Libros de lecturaXornais
- Videos, peliculas e documentais

A materia observará e concretará os *principios* de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as disciplinas dunha etapa que debe respectar un carácter común á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno. Terá como referente o desenvolvemento das competencias básicas da Educación Básica.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidadescomo os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Procuraremos xeitos de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Darémoslle pulo a un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia para a nosa actuación pedagóxica, que lle proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e que permitaa participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e da coavaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento das capacidades de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da materia preséntanse organizados en conxuntos *temáticos* de carácter analítico e disciplinario. No entanto, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de *inter* e *intradisciplinariedade*.

O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula, desde unha fundamentación teórica aberta e de síntese buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. De gran valor para o tratamento dos contidos resultarán tanto as aproximacións intuitivas como os desenvolvementos graduais e cíclicos dalgúns contidos de máis complexidade.

Para facilitar a asimilación dos contidos, a metodoloxía apoiarase en recursos materiais; entre eles medios

manipulativos xeométricos, a calculadora, follas de cálculo e diferentes ferramentas informáticas.

É importante que os materiais e recursos utilizados ó longo do curso sexan o máis variados posible de tal forma que permitan manter a atención do alumno e desenvolver distintos tipos de destrezas.

Os recursos en materiais que se poden usar clasificámolos en:

a) ***Materiais impresos***: cando o profesor o considere oportuno lles proporcionará fotocopias sobre aspectos puntuais do temario que deban ser precisados ou ampliados e guións didácticos. Poderase utilizar revistas de divulgación científica ou artigos de prensa para analizar textos.
b) ***Materiais de uso diario***: empregarase o encerado como ferramenta de apoio á explicación do profesor, exposición por parte dos alumnos, resolución de problemas, etc. O alumno contará con lapis, bolígrafose caderno para ir anotando o que considere oportuno ou o que o profesor Ile indique.
c) ***Materiais audiovisuais***: os vídeos son os máis adecuados, xa que existe abundante material didáctico que pode ser utilizado na aula.
d) ***Materiais de busca de información***: dirixidos ós alumnos, deben estar compostos de materiais individuais e colectivos. Os primeiros deben cumprir unha función de consulta e motivación; os segundos, ampliar as posibilidades de obter información sobre temas variados sen as limitacións do libro de texto. O acceso á biblioteca ou a internet son os máis adecuados.
e) ***Materiais informáticos***: basicamente, utilizaranse os recursos informáticos para buscar información para a elaboración dos distintos traballos do curso. Tamén para visualizar programas específicos ou documentais.

9.- AVALIACIÓN

9.1.- Concepto e metodoloxía de avaliación

A avaliación realizarase de forma sistemática e crítica, optimizando os programas, os obxectivos, os métodos e os recursos didácticos para ofrecer a máxima axuda e orientación ao alumnado.

Características da avaliaciónA avaliación será:

- Integradora: avaliaranse as capacidades a través dos obxectivos xerais do curso.
- Formativa: será un elemento máis da aprendizaxe que informa e perfecciona a acción educativa.
- Continua: estará inscrita no proceso de ensino-aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no instanteno que se producen.
- Variada: utilizaranse diferentes técnicas e instrumentos.

Que avaliar?

Avalíanse todo tipo de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais que se estudaron a partirdos obxectivos xerais e contidos propostos.

Como avaliar?

O sistema de avaliación consiste en avaliar o alumnado dos seus coñecementos, do seu traballo naclase e na casa, e do seu caderno durante todo o curso.

Cando avaliar?

Dunha forma orientadora indícase un posible momento de realización das actividades de avaliación.

9.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación xerais

Procedementos de avaliación

Describen os mecanismos que se van seguir para realizar a avaliación do alumnado, tales como, entre outros, a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase (art.7.6 Orde ECD/65/2015). O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre incorporar nas programacións didácticas procedementos que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a **autoavaliación**, a avaliación entre iguais ou a **coavaliación**. (art.7.6 Orde ECD/65/2015).

Instrumentos de avaliación

Enténdese por **instrumentos de avaliación** todos aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno e que permiten xustificar a cualificación do alumnado. Responden á pregunta con que avaliar?, é dicir, que recursos específicos se aplican?

Así, por exemplo, a observación directa, como procedemento de avaliación, materialízase na práctica a través de instrumentos de avaliación como unha lista de control, unha ficha de observación, o rexistro anecdótico, unha gravación en vídeo, etc.

Para exemplificar unha relación de procedementos de avaliación, cos seus instrumentos asociados, partimos da establecida polo MEC (Proxecto Curricular de ESO, 1992). Nalgún caso engádese unha descrición **do instrumento de avaliación**:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación sistemática	Escalas de observación Permite establecer estimacións dentro dun continuo **Categorías:** Identifica a frecuencia (Exemplo: Sempre, A veces, Nunca) ou caracterización (Exemplo: Iniciado, En proceso, Consolidado) da conducta a observar **Numérica:** Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Pódese utilizar a gradación de 1 a 4, de 1 a 5, de 1 a 6, ou a tradicional de 1 a 10 **Descriptiva:** Incorpora frases descriptivas. Exemplo: "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas",
	Listas de control Rexistra a ausencia ou presenza dun determinado trazo, condutas ou secuencia deaccións. Caracterízase por aceptar soamente dúas características: se ou non, lógrao ou non o logra, presente ou ausente, etc.
	Rexistro anecdótico Fichas na que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que podenachegar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas
	Diarios de clase Análise sistemática e continuada das tarefas diarias realizadas en clase. Pódense usar escalas de observación para o rexistro do seguimento efectuado
	Monografías Texto argumentativo que presenta e analiza os datos, obtidos de varias fontes, sobreunha determinada temática , analizados con visión crítica De compilación De investigaciónDe análise de experiencia
	Resumos
	Traballo de aplicación e síntese

Análisis de producción dos alumnos	Caderno de clase
	Caderno de campo
	Resolución de exercicios e problemas
	Textos escritos
	Producións orais
	Producións plásticas ou musicais
	Producións motrices
	Investigacións
	Xogos de simulación e dramáticos
Intercambios orais cos alumnos	Diálogo
	Entrevista Guión da entrevista:

	Comunicación verbal planificada, utilizando guións máis ou menos estruturados, que achega datos útiles para coñecer unha determinada conduta. Son moi utilizadas na resolución de situacións problemáticas
	Asamblea
	Posta en común
Probas específicas	Obxetivas Con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla,sinale ou complete De resposta alterna De complementación Termos pareados
	Abertas Con preguntas ou temas nas que o alumno debe construir as respostas
	Interpretación de datos Con material de introducción (ilustración, mapa,…) seguido de una serie de preguntasrelativas a su interpretación
	Exposición dun tema
	Resolución de exercicios e problemas
	Pruebas de capacidade motriz
Cuestionarios	Abertos: Son aqueles en os que se pregunta ao suxeito algo e déixaselle en liberdade de responder como queira. Este tipo de cuestionario é moi útil e proporciona moita información, pero require máis tempo por parte do informante e é máis difícil de analizar e codificar por parte do investigador. Xeralmente, aplícanse en estudos pilotos co fin de obter máis datos. Pechados: Están estruturados de tal maneira que ao informante ofrécenselle só determinadas alternativas de resposta. É máis fácil de codificar e contestar. Como desvantaxe, podemos mencionar que as categorías que se ofrecen poden non ser as máis adecuadas, ou que a persoa non pensase as súas respostas en termos das categorías que se lle ofrecen. Outra desvantaxe é que, ao ofrecerlle categorías ao informante, estánselle "suxerindo" as respostas.
Grabacións e análisis	
Observador externo	

Tamén poderíamos incluir as **rúbricas**. Chámase rúbrica ao conxunto de criterios e estándares ligados aos obxectivos de aprendizaxe usados para avaliar a actuación do alumnado na creación de artigos, proxectos,ensaios e outras tarefas.

As rúbricas permiten estandarizar a avaliación de acordo con criterios específicos, facendo a cualificación máis simple e transparente. Poden chegar a constituír escalas, como as utilizadas nas avaliacións de diagnóstico, se as respostas poden ser asociadas a uns determinados grupos de referencia normalizados.

Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.(art.7.1 Orde ECD/65/2015),

9.3.- Criterios de cualificación xerais

Táboa dos contextos de aplicación que se van a avaliar e as competencias que abarcan ditos contextos no curso de 3º da ESO na materia de Relixión católica

Contextos de aplicación	CSC	CCL	CAA	CSIEE	CD	CCEC	CMCCT
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Taller de investigación	10	10	10	10	10	10	10
Taller de creación	5	5	5	5	5	5	5
Actividades de clase	5	5	5	5	5	5	5
	100	100	100	100	100	100	100

Contextos de aplicación	
Proba escrita	controles, kahoots, formularios…
Taller de investigación	búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación.
Taller de craación	búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación.
Actividades de aula	traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

	CSC	CCL	CAA	CSIEE	CD	CCEC	CMCCT
Peso de cada competencia en 3º de la ESO	**17**	**10**	**7**	**5**	**5**	**5**	**3**

Táboa dos contextos de aplicación que se van a avaliar e as competencias que abarcan ditos contextos no curso de 4º da ESO na materia de Relixión católica

Contextos de aplicación	CSC	CCL	CAA	CSIEE	CD	CCEC	CMCCT
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Taller de investigación	10	10	10	10	10	10	10
Taller de creación	5	5	5	5	5	5	5
Actividades de clase	5	5	5	5	5	5	5
	100	100	100	100	100	100	100

Contextos de aplicación	
Proba escrita	controles, kahoots, formularios…
Taller de investigación	búsqueda de materiais, o seu emprego e a súa manipulación.
Taller de craación	búsqueda de información, o seu tratamento, o proceso creativo e a súa presentación.
Actividades de aula	traballo diario no aula, participación, power points, vídeos…

	CSC	**CCL**	**CAA**	**CSIEE**	**CD**	**CCEC**	**CMCCT**
Peso de cada competencia en 4º de la ESO	**18**	**12**	**7**	**7**	**5**	**4**	**3**

- Valoración dos traballos en grupo**,** calificaránse de dúas formas, valorando o traballo individual e o resultado final do grupo. Obteráse a media de ámbalas notas considerando non só o esforzó, interese e o bofacer individual senontamén colectivo.
- Tomaránse medidas excepcionais nos casos dos alumnos e alumnas con dificultades ouadapatacións curriculares.
- O feito de faltar algunha proba, o alumno ou alumna deberá realizala o primeiro día de incorporación a dita materia, salvo excepcións que a mestra dictamine.
- As porcentaxesestansuxeitas a posibles cambios dependendo da evolución de aprendizaxe do alumnado.

9.4.- Avaliación de materias pendentes(ver punto 17 da programación)

9.5.- Avaliación inicial

(ver punto 10 da programación)

9.6.- Avaliación proceso do ensino e práctica docente

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e de cada unha das áreas e competencias clave:

Esta avaliación incluirá, polo menos, os seguintes aspectos:

a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
d) A programación didáctica e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

e) A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

f) Os resultados desta avaliación serán analizados polos mebros departamento e pola comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes

Durante o proceso de avaliación débese avaliar tamén o, para valorar a necesidade de revisar algún elemento do proceso. Os elementos que nos permitirán avaliar o proceso de ensinanza son:

a) ***Cuestionarios a alumnos:*** ó final de cada avaliación os alumnos cubrirán un cuestionario sobre o proceso de ensinanza. Este incluirá cuestións claras e precisas sobre aspectos relevantes da ensinanza (claridade das exposicións, valor motivacional das actividades, suficiencia ou insuficiencia do tempo dedicado, variedade e adecuación dos materiais empregados, percepción da nosa actitude, propostas de mellora, ...)

b) ***Debates:*** se o "clima" do grupo o permite e resulta adecuado para a súa práctica, este tipo de procedementos resultan insustituibles para un coñecemento directo dos problemas, coñecemento que é intuitivo en gran parte, máis aló da sistematización.

c) ***Contraste de experiencias e puntos de vista:*** aínda que non se pode sistematizar, pódense dedicar parte das reunións de Departamento a intercambiar experiencias entre docentes, con máis relevancia se comparten o mesmo espazo didáctico,

d) ***Análise dos resultados das aprendizaxes:*** A análise da aprendizaxe debe estar dirixido a buscar as causas que a produciron, para en caso adecuado tomar medidas de corrección. A análise débese realizar tamén cos alumnos, sendo o momento adecuado as datas anteriores á avaliación (unha pre- avaliación). Mencionar que a obtención de datos negativos por un grupo de alumnos non indica unha avaliación negativa da ensinanza. Cando os resultados negativos son xeneralizados en todos os grupos é cando pode haber un erro no proceso.

Metaavaliación

Ademais do alumnado, a programación e o docente, a propia avaliación tamén será avaliada a través da metaavaliación co obxectivo de emitir un xuízo acerca da calidade dos méritos da mesma. Para iso fixarémonos nos seguintes aspectos do proceso de avaliación seguido ao longo do curso:

- Utilidade: Se realmente me permite corrixir as desviacións detectadas no proceso ensino-aprendizaxeco fin de mellorar a programación.
- Validez: Se a través dela son capaz de medir aquilo que quero avaliar.
- Viabilidade: Se realmente fun capaz de poñela en práctica.
- Fiabilidade: se os datos recollidos permiten facer unha avaliación obxectiva e xusta.
- Legalidade: se cumpre co establecido pola lei e respecta aos avaliados.

No **punto 19 da programación** (CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA) existe un rexistro de avaliación da propia programación no que tamén se avalían algún puntos que fan referencia ao proceso de ensino e práctica docente.

9.7.- Avaliación en Relixión Católica 3º ESO /4º ESO

Criterios de avaliación 3º ESO

1. Diferenciar os elementos básicos do proxecto de Deus sobre o home nas relixións monoteístas e ver a evolución desde as relixións primitivas ou politeistas.
2. Identificar o xénero literario e o autor dalgúns textos da *Biblia*.
3. Establecer relacións entre textos da *Biblia*, da Tradición e do Maxisterio sobre a Revelación de Deus.
4. Saber relacionar a experiencia da liberación de Israel coa presenza de Deus como Pai amoroso nomedio do seu pobo.
5. Situar cronoloxicamente os feitos máis importantes da Revelación de Deus que van preparando a encarnación do Fillo, e sinalar as fontes históricas sobre a vida e a obra de Xesucristo.
6. Razoar o fundamento da Igrexa: a comuñón, os seus signos e as consecuencias na vida do crentepola acción do Espírito.
7. Razoar como os carismas e ministerios desenvolven a misión da Igrexa.
8. Distinguir a fe como don de Deus e como resposta razoable do home.
9. Describir os trazos esenciais da fe das comunidades cristiás nos tres primeiros séculos, e a súa expresión na arte.
10. Razoar o valor da liberdade como elección da verdade e do ben, e raíz da responsabilidade dospropios actos.
11. Saber sintetizar, desde as Benaventuranzas, un código de conduta do cristián.
12. Aplicar os principios morais do cristianismo aos problemas actuais máis preocupantes sobre a vida.
13. Amosar algunhas achegas das relixións monoteístas á cultura española.
14. Localizar e recoñecer a influencia do cristianismo na arte e na cultura occidental e europea a través das distintas manifestacións artísticas.
15. Razoar e recoñecer como se desenvolve o feito relixioso a través da historia. O passo do mito aologos.

Criterios de avaliación 4ºESO

1. Descubrir o valor e a importancia da historia.
2. Descubrir as dificultades da Igrexa nos primeiros séculos. Herexías e distintas correntes.
3. Saber recoñecer as expresións artísticas dos primeiros cristiáns.
4. Coñecer momentos de forte expansión do cristianismo en diferentes épocas.
5. Recoñecer o cristianismo como mensaxe universal..
6. Debuxar os aspectos fundamentais da historia da Igrexa nos séculos iv-v.
7. Valorar o paso de ser unha Igrexa perseguida a ser a Igrexa oficial.
8. Coñecer as características da nova situación da Igrexa despois dos edictos de Milán e de Tesalónica.
9. Enumerar e coñecer os contidos fundamentais dos primeiros concilios.
10. Distinguir e caracterizar a arte paleocristiá e bizantina.
11. Situar na historia como foi o poder, a autoridade e o servizo da Igrexa.
12. Descubrir en Francisco de Asís un modo e modelo de ser e estar na Igrexa. A doutrina social na Igrexa.
13. Afondar nas características da historia da Igrexa nos séculos V-XV. Herexías e divisións na Igrexa.
14. Tomar conciencia da importancia da reforma do monacato e da aparición das ordes mendicantes.
15. Afondar no significado das peregrinacións, de modo particular, no Camiño de Santiago.
16. Coñecer o significado das cruzadas e as consecuencias do cisma de Oriente e de Occidente.

17. Coñecer a mensaxe de Xesús: anunciarlles a boa nova aos pobres, identificarse e facerse próximo aeles.
18. Saber dar razón da necesidade de reforma que no século xv tiña a Igrexa.
19. Analizar as causas e as figuras que levaron a cabo a reforma protestante.
20. Coñecer os aspectos fundamentais da doutrina de Lutero.
21. Analizar e comprender en que consistiu a reforma católica ou contrarreforma.
22. Coñecer en que consistiu o tribunal da Inquisición.

Outras consideracións: os alumnos que copien nos exames ou traballos terán unha calificación negativa, debendo presentarse á recuperación final de xuño con esa parte, ou ben se isto sucede nas probas finais ou extraordinarias deberán concorrer á seguinte convocatória**.**

RECUPERACIÓNS DAS AVALIACIÓNS(3º e 4º ESO)

-Farase unha recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos que non acaden un 5 na súa cualificación.

-A recuperación consistirá, por norma xeral, nunha proba escrita, ou de ser o caso, na entrega do traballo non presentado na avaliación.

- A cualificación será de 1 a 9 puntos nas recuperacións, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntos e polo tanto recuperará a avaliación.

-A nota final de avaliación para o cálculo da cualificación da convocatoria extrordinaria (xuño) para aqueles alumnos que foron a algunha recuperación será a nota media resultante de sumar as notas trimestrais.

-No mes de xuño realizarase unha proba final para aqueles alumnos que deben de recuperar algunha avaliación e non acadaran os obxectivos mínimos da materia.

CUALIFICACIÓN FINAL CONVOCATORIA ORDINARIA (3º e 4º ESO)

-A cualificación final da materia será a media das diferentes avaliacións tendo en conta as cualificacións acadadas nas recuperacións das avaliacións se fose necesario.

-Concluídos os exames, incluídos os de recuperación de xuño, a cualificación final do curso obterase facendo a nota media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, sempre que estas non sexan inferiores a 4, caso no que non se fará a media e o alumno deberá examinarse de novo na convocatoria de setembro.

-Se a cualificación final, na convocatoria ordinaria, é inferior a 5 o alumno deberá examinarse na convocatoria de setembro.

CUALIFICACIÓN FINAL CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: (3º e 4º ESO)

-Se a cualificación final é inferior a 5 o alumno deberá examinarse na convocatoria de setembro.

- A proba de setembro será global de todo o curso, non por avaliacións salvo casos excepcionais e apuntuación farase de 1-10 puntos.

-En Setembro levarase a cabo unha avaliación que abranguerá toda a materia impartida durante o curso.

-Os criterios de cualificación para esta proba son os seguintes:

a. **% da nota en producións** dos alumnos:

Os alumnos convocados en Setembro poden dispor de boletíns de reforzo que incluirán actividadesescritas semellantes ás traballadas durante o curso.

Terá un peso dun **10%** sobre o total da cualificación.

b. **% da nota nunha proba escrita:** valorarase tanto o nivel de contidos como a correcta presentación, ortografía, expresión e correcta utilización da linguaxe científica. Para superar a materia a proba deberá ter unha nota igual ou superior a 4 puntos.

Terá un peso dun **90%** sobre o total da cualificación.

Se non se inclúen actividades escritas, traballos, … para entregar o % da nota da proba escrita será do100%.

-Entenderase que o alumno superou a materia se a cualificación final é de polo menos 5 puntosOUTRAS

CONSIDERACIÓNS PARA CUALIFICACIÓN: (para 3º e 4º ESO)

- Os criterios de cualificación serán comunicados e explicados aos alumnos a principio de curso.
- Nas probas escritas cada 2 faltas de ortografía penalizarase con 0,25 puntos da nota ata un máximo de 2 puntos. Tamén se poderá penalizar con 0,5 puntos a mala presentación e polo mal uso dos signos de puntuación e mala caligrafía.
- O alumnado que empregue medios ou estratexias non permitidas expresamente polo profesorado para mellorar o seu rendemento nas probas de avaliación **(copiar)** ou axude a outro compañeiro a mellorar o seu rendemento terá como nota un 1 punto na devandita avaliación e deberá recuperala na proba ordinaria de xuño ou na seguinte proba extraordinaria.
- O dereito a unha avaliación continua perderase en canto o alumno supere as **8 faltas sen xustificar**. Nese caso, o alumno terá dereito a unha proba final extraordinaria no mes de xuño similar á proba final ordinaria ou extraordinaria descrita mais arriba. De producirse a perda da avaliación continua o alumno tamén perderá o dereito de asistir a calquera das actividades complementarias e extraescolares que organizara o departamento.
- **Puntuación actitude e traballo:** Cada negativo por actitude negativa na aula, comportamento e exercicios realizados desconta 0,2 puntos. Con 5 negativos perde a totalidade de puntos por esta parte.

Se a **falta de asistencia** a unha **proba é xustificada** (xustificante oficial) acumula materia para a vindeira proba ou realizaría a proba no día proposto polo profesor. Se a falta de **asistencia é inxustificada**, a nota do devandito exame é NP.

10. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O comezo de todo proceso de ensino - aprendizaxe supón en si mesmo unha avaliación.

Cando o profesorado se enfrenta ao grupo co que vai traballar durante un período de tempo concreto, precisa coñecer ao grupo como tal e a cada un deses alumnos, para poder planificar a intervención que se vai realizar.

Desde este punto de vista, pódese dicir que: "a avaliación inicial é o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dungrupo de alumnos e alumnas, así como das características do entorno no que se sitúa".

A avaliación inicial debe ter unha serie de características que deben estar sempre presentes:Non debe levar nota.

Non ten por que ser unha proba, pode ser unha actividade programada.Pode ser individual ou grupal.

Non é só información para o profesor, senón que debe ser devolta ós alumnos con observacións para que podan darse conta do seu estado inicial ante os novos coñecementos.

Na avaliación inicial aparecen tres grandes momentos que enmarcan o traballo a realizar:

1. **Propósito da avaliación inicial**: é básico definir o que se quere conseguir, e para iso é necesario plantexarse una serie de cuestións que deberán ser respostadas ó longo do proceso. Canto máis concreta sexa esta definición, maior facilidade haberá para conseguir unha avaliación útil e unha tomade decisións axustada.
2. **Recollida de información**: a información que se precisa debe estar en consonancia co propósito quese ten. Polo tanto a información que se recolla partirá das preguntas realizadas, pero sen perder a perspectiva da súa utilidade para a toma de decisións. Polo tanto, é básica a selección da técnica e dos instrumentos de avaliación que se van utilizar. Os aspectos sobre os que se vai recoller a información estarán relacionados cos seguintes ámbitos: características do alumno/a (motivación, intereses, estilo de aprendizaxe…), entorno (contexto social, familiar, escolar, comunitario…), e competencias curriculares (comunicación, autonomía persoal, habilidades sociais…).
3. **Toma de decisións**: Esta fase está directamente vinculada coa primeira, xa que as decisións que se van tomar son as respostas ás preguntas plantexadas con anterioridade. Nesta fase hai un momento formal no que se toman estas decisións, un tempo no que se pon en común a información entre as diferentes persoas que interveñen no proceso e se recollen as decisións tomadas para iniciar a planificación do traballo; sen embargo, a toma de decisións non é puntual, xa que as estas va nse fraguando ó longo de todo o proceso.

En canto ás técnicas e ós instrumentos para levar a cabo esta avaliación, podemos destacar os seguintes:

- Observación: é a técnica máis básica xa que a información obtida acádase directamente do comportamento dos alumnos. Os instrumentos para rexistrar o observado poden ser os seguintes:
- Rexistro no caderno de aula do profesor.
- Listas de control: Consiste nun listado de indicadores de observación no que se sinala a ausencia ou presenza dunha determinada característica
- Cuestionarios específicos sobre o que se quere avaliar: de resposta corta, verdadeiro/falso, de opción múltiple
- Probas orais ou escritas.
- Resolución de problemas.
- Exposicións sobre un tema determinado.
- Pequenas investigacións…

11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O obxectivo fundamental do proceso educativo é a construcción do coñecemento do alumnado. A situación de partida dos alumnos non é a mesma, e este feito deixou de se ver como unha rémora para se converter nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo.

Respecto ao propio proceso de ensino-aprendizaxe, procurarase a toma en consideración das diferentes capacidades dos alumnos para o cumprimento dos obxectivos xerais do curso. Así, de modo constante realizarase no proceso de ensino-aprendizaxe unha serie de recursos pedagóxicos de atención á diversidade e particularidades individuais do alumnado con dificultades na adquisición dos contidos dalgún bloque curricular determinado.

Polo tanto, para a atención a diversidade para alumnos con atrasos ou carencias temos en conta os seguintes puntos:

1. En cada avaliación o profesor determinará as carencias individuais máis graves nos distintos bloques e adicará unha das clases semanais á realización de tarefas e exercicios específicos que permitan a adquisición dos coñecementos necesarios para o seu progreso na materia.
2. Dada a limitación temporal e de recursos hanse de priorizar a recuperación naqueles bloques de contidos dos que a ensinanza sexa progresiva e acumulativa. Dos outros a recuperación será daquelas carencias de conceptos e nocións fundamentais que foran quenes de atrancar o desenvolvemento da aprendizaxe subseguinte.
3. O profesor decide segundo cada caso a metodoloxía a empregar na recuperación: insistencia en noción e exercicios prácticos, cambio na metodoloxía de ensino-aprendizaxe, traballo en equipo no que colaboren alumnos que teñan acadado os obxectivos que se están a recuperar.

Se algún alumno ou alumna non pode realizalas actividades por problemas de saúde xustificados, avaliarase mediante as probas escritas e a realización das fichas de sesión realizadas polo alumno ou alumna diariamente.

Tamén tendo coma referencia o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas e acciónque se levan a cabo son:

As concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións didácticas e nas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

As diferentes posibilidades serán:

- Reforzo educativo e Adaptación Curricular naqueles casos nos que sexa preciso, previa supervisión e asesoramento do Departamento de Orientación.
- Apoios dentro da aula se existen recursos
- Intervencións específicas por parte dos especialistas en audición e linguaxe e pedagoxía terapéuticaou departamento de orientación.
- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación.
- Adecuación de tempos, espazos e materiais as distintas necesidades do alumnado.
- Garantir tódalas medidas de acceso ao currículo con aqueles alumnos/as que o precisen. Adaptacións curriculares.
- As adaptacións crearanse e aplicaranse de xeito totalmente individualizado,para aqueles alumnos con NNEE. que o Departamento de Orientación considere e avalíe.
- Faranse baixo a supervisión e orientación do devandito departamento.
- Revisaranse e modificaranse a criterio do Equipo Psicopedagóxico, titor e /ou profesor que avaliaran o progreso do alumno.

12.-EDUCACIÓN EN VALORES E TEMAS TRANSVERSAIS

Na Educación Secundaria Obligatoria elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias.

Do mesma xeito, fomentase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por condicións circunstanciales persoais ou sociais. O ensino *transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e valores que sustente a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

O contido de Relixión Católica non debe verse como un conxunto de bloques independentes, senón que ten que desenvolverse de forma global. De entre estes ensinos transversais as Matemáticas traballan especialmente:

- ✓ A comunicación lingüística: mediante a lectura comprensiva dos enunciados e a comunicación dos resultados que se obteñen, tanto escritos como de forma oral.
- ✓ O sentido de iniciativa e emprendemento: establecendo un plan de traballo na medida en que se vai resolvendo un problema e animando ao alumno a propoñer novos problemas a partir de uno resolto.
- ✓ A competencia dixital: servindo de apoio á resolución do problema e na comprobación da solución mediante o uso de calculadoras, follas de cálculo ou programas de representación.
- ✓ A competencia social e cívica: predispón a ter unha actitude aberta ante diferentes solucións, ademais de permitir a comprensión de fenómenos sociais que se representan en forma de táboas, fórmulas, gráficas ou diagramas.

Resumindo, na materia non soamente se trata de acadar os obxectivos curriculares, se non tamén hai que contribuír á consecución duns obxectivos que permitan ó alumno unha entrada plena na vida adulta. **Esta educación en valores debe ser parte integrante das materias**. Pódense deseñar actividades específicas para traballar esas actitudes (análise da prensa diaria, debates, xogos de rol) pero non debemos esquecer que o propio enfoque da materia pode permitir e facilitar a integración

Ademais…

Se por algo se caracteriza o noso Centro é precisamente por unha educación en valores, en todas as materias, niveis e situacións que se presentan na vida diaria.

Teremos en conta todas as asignaturas do curso, programando a través de actividades que fomenten a cooperación e interrelación dos alumnos, o respecto as demais culturas e realidades sociais así como a aprendizaxe de novos contidos relacionados coa devandita educación en valores.

Os valores que están recollidos no PEVI nos **Centros Educativos Vicencianos** son:

1. Ecoloxía e vida.	5. Autoestima.	9. Amor.	13. Xustiza.
2. Sensibilidade.	6. Liberdade.	10. Esperanza.	14. Servizo.
3. Sentido crítico.	7. Verdade.	11. Responsabilidade.	15. Respecto.
4. Creatividade.	8. Sinxeleza.	12. .Paz	16. Interioridade.

Tipo de persoa que pretendemos:

Unha persoa implicada coa realidade na que vive, comprometida, dispoñible, capaz de crer no evanxeo, non só como utopía, senón como unha opción de vida.

Unha persoa en proceso de crecemento, que recoñece a propia debilidade, que está aberta a crecer, que traballa a solidez interior, a constancia, a capacidade de superación, o auto- coñecemento, a autoestima e a aceptación dos demais.

Unha persoa sinxela, austera, humilde, solidaria, con xuízo crítico, soñadora e sincera Unha persoa esperanzada.

Unha persoa auténtica, en busca permanente da Verdade.

Unha persoa cunha sa relixiosidade e cunha escala de valores ben fundamentados.

Unha persoa profundamente humana e profundamente espiritual.

13.-RELACIÓN CO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia debe ter un carácter integrador, xa que a través del trabállanse aspectos que poden ser o punto de encontro de diversas materias ou disciplinas, e permite que o alumnado adquira unha visión global tanto do proceso de ensino como dos resultados obtidos. Ademais, deberá respectaro principio de non discriminación e de inclusión educativa dos valores fundamentais.

Para que os rapaces coñezan o plan de convivencia e leven a cabo o que nel se expón, pódense realizar accións como:

Explicar ós alumnos/as as características do Plan de Convivencia, destacando a importancia do mesmo e a repercusión positiva que terá na convivencia de todos os membros da Comunidade Educativa.

Insistir en que poder esixir os dereitos conleva o cumprimento dunha serie de deberes. Promover a reflexión

conxunta acerca do axeitado ou o inaxeitado de determinadas actitudes.Amosar de cara ó alumnado unha actitude

dialogante e respectuosa en todo momento.

Intentar que teñan tolerancia cero ante as actitudes violentas e/ou irrespetuosas entre eles e para co resto da comunidade educativa, así como de cara ás instalación do centro.

Dar a coñecer as normas do centro e elaborar entre todos as normas da clase.

Manter sesións de titoría onde se traten os conflitos que poidan xurdir no grupo clase ou con outros alumnos do centro.

Manter contacto e compartir información coas familias.

14.-RELACIÓN CON PLAN TIC

Para o **fomento da lectura** e **das TIC** elaboráronse suxerencias que están incluídas en cada unidade didáctica dentro do apartado **MATERIAIS DIDÁCTICOS: Bibliografía e Recursos audiovisuais.**

Non debemos olvidar que actualmente o centro conta con pizarras interactivas nas aulas. O fomento e uso das TIC queda patente no día a día. Actualmente os profesores contamos con vídeos e con power point explicativos dos temas que se imparten que son utilizados na aula.

-Probas específicas (mínimo duas por cada avaliación): 40%
-Probas prácticas de interpretación (mínimo duas por cada avaliación): 30%
-Caderno de Traballo: 20%
-Observación sistemática: 10% (comprende dous apartados):
Actividades realizadas na clase: 5%
Traballo individual e no grupo: 5%

Promoción do alumnado:

- Para decidir sobre a promoción do alumnado empregaremos unha parte obxectiva e outra subxectiva.

a) Parte obxectiva: todos os alumnos que non acaden un 5 en tres áreas (en 2 se son algunhas das linguas castelá e galego ou matemáticas) serán susceptibles de non promocionar.

b) Parte subxectiva: a xunta de avaliación decidirá sobre cada un dos supostos anteriores tendo en conta os seguintes aspectos:

b.1) grao de adquisición das competencias básicas

b.2) informe do departamento de orientación e o titor sobre o contexto do alumno/a dentro do seu grupo-clase.

b.3) progresión tomando como referencia a avaliación inicial (evolución do alumno)

Na taboa do apartado 4 están indicados os instrumentos de avaliación de cada estándar:

A nota de xuño obterase calculando a media da 3ª avaliación coa da 2ª e da 1ª, e a 2ª avaliación obterase calculando a media desta coa da 1ª, sendo o aprobado sempre a partires do 5.

Recuperación durante o curso:
Os/as alumnos/as que non superen a avaliación, deberán realizar dúas probas de recuperación, que engloban todos os estándares impartidos durante o trimestre avaliado negativamente. Estas dúas probas están divididas en parte teóricas e partes prácticas.

En caso de que non se recupere, no último trimestre, volverase a realizar unha proba de recuperación dos estándares que non se recuperasen, ao longo do curso.

Para aprobar en Xuño, é necesario ter a última avaliación aprobada.

A avaliación de Xuño constará de 3 partes:

A 1ª parte supoñerá un 20% da nota. Será do resultado dos traballos e actividades que o alumno presente, indicados polo profesor.

A 2ª parte supoñerá un 20% da nota. Consistirá nunha proba práctica de lectura musical e interpretación instrumental dun nivel axeitado ao traballado durante o curso.

A 3º parte supoñerá un 60% da nota. Consistirá nunha proba escrita baseada nos contidos teóricos desenvolvidos ao longo do curso.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

O carácter cooperativo da maioría dos traballos de música fai que na avaliación do proceso de aprendizaxe funcionen con especial eficacia dous instrumentos de avaliación: a observación sistemática do profesor e a elaboración do caderno de clase por parte do alumno.

* A observación:

Indicadores para observar o desenvolvemento persoal das capacidades dos alumnos
que, na maior parte das situacións, ten lugar no seo de traballos grupales:
- As capacidades do ámbito expresivo poden observarse a través de actividades onde a música funcione en grupo.

- As capacidades auditivas, a través das mesmas actividades de expresión (moitos fallos de execución vocal ou instrumental proveñen dun erro na escoita); nas actividades de audición, a través do grao de aceptación do silencio.
- No ámbito da linguaxe musical pódese observar a capacidade de expresar conceptos musicais a través do uso apropiado da terminoloxía, ben sexa en debates, en resumos ou en probas por escrito.
- No ámbito dos traballos en grupo pode observarse a colaboración, o respecto ao traballo dos demais, etc.

* O caderno de clase.
O alumno contará cun caderno de clase, no cal se recollerán distintas informacións, así como diferentes actividades que se poidan realizar.
Tamén contará cun caderno pautado para aquelas actividades que así o requiran. Estes cadernos revisaranse coa asiduidade que o profesor crea conveniente, e que como mínimo será unha vez ao trimestre.

* O seguimento de traballos, o diálogo persoal ou con grupos de traballo, as probas específicas, etc

8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O artigo 21 do Decreto 86/2015 prescribe a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente, así o recolle tamén o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos				

e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.PLANS DE SEGUEMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas:

- Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en xunio.
- As probas escritas de ambas convocatorias, maio e xunio, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2021/2022, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas que se levan a cabo son:

- Ordinarias:
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

  - Apoio en inglés.
  - Emprego das TIC.
  - Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
  - Titoría entre iguais.
  - Aprendizaxe por proxectos.
  - Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

- Extraordinarias:
  - Adaptacións curriculares significativas.
  - Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

O principio de continuidade na avaliación permite prestar unha atención ás diferenzas que os alumnos van mostrando nas actividades que aplican e concretan os conceptos, procedementos e actitudes seleccionados. Iso fai posible organizar actividades de apoio, para os alumnos que mostren algunha dificultade, e actividades de desenvolvemento, para quen mostren un maior interese e/ou capacidade.
A variedade de procedementos metodológicos e de actividades de aprendizaxe que se presenten deberán de ter en conta o necesario para atender á diversidad. O profesor, no contexto da súa clase e en relación co seu grupo, poderá determinar con maior precisión o momento no que tratar

determinados contidos e a atención e profundidade que deberá darlles.

12.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais que se traballarán ao longo deste curso son os seguintes:
-A comprensión lectora (CL)
-A expresión oral e escrita (EOE)
-A comunicación audiovisual (CA)
-As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
-O emprendemento (E)
-A educación cívica e constitucional (ECC)

Reflectidos na táboa do apartado 4.

13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O longo do curso asistirase algún concerto didáctico, ben en Santiago, Vigo ou Pontevedra.
O obxectivo desta actividade favorece a que os alumnos escoiten e participen na música dunha maneira máis directa.
Actuacións musicais no centro: realizaranse na medida do posible si o desenvolvemento da programación permíteo, en datas sinaladas, como Nadal, día da paz,etc.
Actividades complementarias de reforzo dos contidos impartidos na aula: charlas, actividades.

14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2019/2020 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:
- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:
- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				

20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.

UNIDADES DIDÁCTICAS MÚSICA 2º ESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
UD 1 O ARTE DO SONIDO	MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais
UD 2 A VOZ E O CANTO	MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musica. MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
UD 3 OS INSTRUMENTOS E A SUA CLASIFICACIÓN	MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. MUB2.1.1. DiferenciMUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galega as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
UD 4 FACER MÚSICA EN CONXUNTO	MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
UD 5 A FORMA MUSICAL	MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
UD 6 CLASIFICAMOS A MÚSICA	MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
UD 7 REPRESENTACIÓN GRÁFICA DA MÚSICA	MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. UB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.
UD 8 MÚSICA PARA A ESCENA	MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.
UD 9 PARTITURAS	MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

16. ANEXO RÚBRICAS.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA CCL

Subcompetencia EXPRESIÓN ORAL

Subcompetencia EXPRESIÓN ORAL	4	3	2	1
Volume 10%	O volume é o suficientemente alto para ser escoitado por todos os membros da audiencia a través de toda a presentación.	O volume é o suficientemente alto para ser escoitado por todos os membros da audiencia ao menos o 90% do tiempo.	O volume é o suficientemente alto para ser escoitado por todos os membros da audiencia ao menos o 80% do tiempo.	O volume con frecuencia é moi débil para ser escoitado por todos os membros da audiencia.
Fala 10%	Fala despacio e con gran claridade.	A maioría do tempo, fala despacio e con claridade.	Unhas veces fala despacio e con claridade, pero outras acelerase e enténdeselle mal.	Fala rápido ou detense demasiado. Ademais a súa pronuncia non é boa.
Postura do Corpo e Contacto Visual 10%	Á hora de falar a postura e o xesto son moi axeitados. Mira a todos os compañeiros con total naturalidade.	A maioría do tempo a postura e o xesto son axeitados e case sempre mira aos compañeiros mentras fala.	Algunhas veces, mantén a postura e o xesto axeitados, e outras non. En ocasións mira aos seus compañeiros.	Non mantén a postura nin o xesto propios dunha exposición oral e, la maioría das veces, non mira aos seus compañeiros.
Contido 30%	Demostra ter moi ben preparado o tema porque hai detrás un traballo serio de investigación	Demostra ter ben preparado o tema aínda que non haxa demasiada investigación.	Demostra ter preparado partes do tema haxa ou non haxa investigación.	No parece ter preparado o tema, improvisa, fai demasiadas paradas e repítese.
Vocabulario 16.67%	Utiliza un vocabulario rico e variado e é quen de cambiar de rexistro a dependiendo da situación	Exprésase cun vocabulario algo limitado e coloquial pero preciso.	Exprésase cun vocabulario limitado e coloquial pero é impreciso.	Emprega un vocabulario impreciso e xenérico con presenza de vulgarismos.
Intención comunicativa 16.67%	O discurso segue unha estrutura lóxica e coherente coa intención comunicativa.	Odiscurso é coherente coa intención comunicativa	Discurso é coherente, pero non se adapta á intención comunicativa	O discurso non corresponde á intención comunicativa

Subcompetencia COMPRENSIÓN ESCRITA/ lectora

Subcompetencia…ESCRITA/ lectora	4	3	2	1
Fluidez Lectora Velocidade, entonación e corrección 20%	Le con boa entonación e velocidade, respectando os signos ortográficos para facilitar e mellorar a comprensión lectora, sen cometer erros	Le cunha adecuada entonación e velocidade, sen cometer erros	Le cunha velocidade media e entonación aceptable, cometendo algúns erros	Le a unha velocidade inadecuada, de maneira non fluida e cometendo moitos erros
Coñecer, localizar, seleccionar, identificar (comprensión literal e reproductiva) 20%	Le en voz alta e en silencio, captando o sentido global dos textos escritos, recoñeciendo as ideas principais e secundarias, e recuperando la información explícita de manera ordenada.	Le en voz alta e en silencio, captando o sentido global dos textos escritos, recoñecendo as ideas principais e secundarias, recuperando a información explícita.	Le en voz alta e en silencio recoñecendo as ideas principais, recuperando a información explícita	Le en voz alta e en silencio identificando algunhas ideas coa axuda do docente ou do alumnado.
Reflexionar, razoar, valorar, crear (comprensión crítica e valorativa) 20%	Le e realiza de maneira precisa e eficiente valoracións, reflexións, xuizos propios e/ou creacións a partires da información, integrando ideas propias	Le e realiza valoracións, reflexiones, xuizos propios e/ou creacións a partires da información, integrando ideas propias	Le e realiza algunhas valoracións, reflexións, xuizos propios e/ou creacións a partires da información	Le e realiza algunha valoración, reflexión, xuicio propio e/ou creación con algún tipo de axuda do docente ou do alumnado
Tipo de texto/ documento 20%	Le e comprende correctamente calquera tipo de texto/documento atendendo á súa finalidade (narrativo, descritivo, expositivo…) e ao seu formato	Le e comprende aceptablemente calquera tipo de texto/documento atendiendo á súa finalidade (narrativo, descritivo, expositivo…) e ao seu formato	Le e comprende con certa dificultade algúns tipos de textos /documentos atendiendo á súa finalidade (narrativo, descriptivo, expositivo…) e ao seu formato	Le e comprende con moita dificultade e con axuda os textos/ documentos.

Competencia SOCIAL E CIDADÁ

Competencia SOCIAL E CIDADÁ	4	3	2	1
TOLERANCIA E RESPECTO AOS DEMAIS 25%	Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos respectando as diferenzas con tolerancia e espírito aberto e flexible.	Normalmente mantén unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos respectando as diferenzas con espírito bastante aberto flexible.	Normalmente respecta aos demais, aínda que ás veces amosa certa intolerancia ante as diferenzas.	Respecta pouco aos demais. Xulga e acusa.
ASERTIVIDADE 25%	Comunica as súas opinión, ideas e sentimentos de maneira clara e directa, sen perxudicar aos demais, con autocontrol.	Normalmente comunica as súas opinión, ideas e sentimientos de maneira clara e directa, sen perxudicar aos demais, con bastante autocontrol.	Amosa unha actitude algo pasiva á hora de expresar as súas opinión, ideas ou sentimentos.	Amosa unha actitud moi pasiva ou con pouco autocontrol á hora de expresar as súas opinión, ideas ou sentimentos
RESPONSABILIDADES / PARTICIPACIÓN nas tarefas asignadas 25%	Asume as súa responsabilidade individual así coma dentro do grupo colaborando nas tarefas asignadas.	Asume as súa responsabilidade individuais pero non tanto dentro do grupo sobre as tarefas asignadas.	Non asume as súas responsabilidade individual e tende a facela recaer sobre os demais membros do equipo aínda que colabora algo no grupo.	Non asume ninguna responsabilidade nin colabora con grupo.
ACTITUDE DENTRO DO GRUPO 25%	Respecta, anima a todos para mellorar o ambiente do equipo, facendo propostas para mellorar os resultados.	Traballa con respecto mutuo pero non soe animar para mellorar o ambiente educativo.	Traballa de forma pouco respectuosa.	Non traballa de forma respectuosa e provoca enfrontamentos co grupo.

Competencia SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRIO EMPRENDEDOR

Competencia SE…EMPRENDEDOR	4	3	2	1
Responsabilidade nos prazos de entrega 25%	Sempre cumpre os prazos de entrega das tarefas plantexadas (exercicios traballos, exposicións...)	Case sempre cumpre os prazos de entrega das tarefas plantexadas (exercicios traballos, exposicións...)	Poucas veces cumpre os prazos de entrega das tarefas plantexadas (exercicios traballos, exposicións...)	Case nunca cumpre os prazos de entrega das tarefas plantexadas (exercicios traballos, exposicións...)
Reflexión e autoavaliación 25%	Ten una predisposición para aprender dos erros e extraer conclusións . A súa autoavaliación é moi produtiva.	Fai case sempre reflexión dos erros cometidos. A súa autoavaliación é bastante produtiva	Fai reflexión dos erros cometidos de xeito moi puntual. A súa autoavaliación non é demasiado produtiva.	Non fai case nunca ningún tipo de autoavaliación nin reflexión sobre os seus erros.
Aportación de ideas (iniciativas) 25%	As súas aportacións son creativas e coherentes no contexto correspondente	As súas ideas son ben recibidas e coherentes pero pouco innovadoras	As súas aportacións son escasas e as poucas que plantexa non son lóxicas	Non aporta case ningunha idea
Implicación e participación 25%	Implícase tanto que incluso lidera a execución e organización das tarefas	Participa activamente pero non leva o peso da execución e organización das tarefas	Implícase e participa pouco na execución e organización das tarefas	Non se implica apenas execución e organización das tarefas

Competencia DIXITAL

Competencia DIXITAL	4	3	2	1
Elaboración ,produción e presentación de traballos empregando as TICs 25%	Elabora, produce e presenta traballos en distintos formatos: presentacións on line, procesador de textos, maquetacións e follas de cálculo repectando as autorías.	Elabora, produce e presenta traballos en distintos formatos: Presentacións, procesador de textos	Emprega un procesador de textos para elaborar os seus traballos.	Emprega con axuda o procesador de textos para elaborar un traballo.
Uso das TIC para obter, avaliar e almacenar información 25%	Emprega os buscadores con seguridade, usa ferramentas para facilitar as buscas e que sexan efectivas e almacena a información na nube.	Emprega os buscadores e páxinas colaborativas respectando as autorías e almacena información na nube	Busca na rede empregando palabras clave e almacena a información en pen drive e cartafoles.	Busca de forma guiada en google e selcciona a información e a almacena en cartafoles.
Comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet. 25%	Emprega contornos de colaboración para a elaboración de traballos e usa internet como vía de comunicación	Comunícase a través de correos electrónicos e emprega caixas de correos.	Participa nos blogues do colexio comentando entradas. Redacta un mail con axuda	Publica -con axuda- nos blogues do colexio e valora a posibilidade de comunicarse por correo electrónico.
Emprego das TIC como alternativa de ocio de forma responsable 25%	Elabora vídeos e fotomontaxes, consume música respectando os dereitos de autor e usa as plataformas de vídeo e videoxogos con responsabilidade.	Elabora vídeos e fotomontaxes con algo de axuda, consume música respectando os dereitos de autor e usa as plataformas de vídeo e videoxogos con responsabilidade.	Elabora vídeos e fotomontaxes con axuda, consume música respectando os dereitos de autor e usa as plataformas de vídeo e videoxogos de forma dirixida.	Xoga en plataformas elixidas polo mestre.e busca con axuda vídeos e música

Competencia CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Competencia C...IÓNS CULTURAIS	4	3	2	1
Coñecemento de obras e manifestacións artísticas 20%	Recoñece todas as obras artísticas locais nacionais ou europeas traballadas na aula e o seu lugar no mundo	Recoñece moitas das obras artísticas locais nacionais ou europeas traballadas na aula.	Recoñece poucas obras artísticas locais nacionais ou europeas traballadas na aula.	Non recoñece apenas ningunha das obras artísticas locais nacionais ou europeas traballadas na aula.
Valoración das diversas expresións culturais 20%	Amosa moito interese e aprezo pola arte e as diversas manifestacións de creatividad en xeral.	Apreza a arte e a diversidade de expresións culturais	A súa actitude non é sempre positiva ante as diversas manifetacións culturais.	Non valora a arte nin ningún tipo de expresión cultural.
Expresión a través da cultura 20%	É quen de expresar ideas, sentimentos ou emocións a través de varias disciplinas artísticas.	É quen de expresar ideas, sentimentos ou emocións a través dalgunhas disciplinas artísticas.	Cóstalle expresar ideas, sentimentos ou emocións a través das disciplinas artísticas.	Non é quen de expresar ideas, sentimentos ou emocións a través de case ningunha disciplina artística.
Participación e disfrute a través da cultura 20%	Participa sempre na vida cultural plantexada dende o centro e ademais goza da mesma.	Participa normalmente na vida cultural plantexada dende o centro.	Normalmente non participa na vida cultural plantexada dende o centro.	Case nunca participa na vida cultural plantexada dende o centro.
Comprensión do que é a cultura e a arte 20%	Ten moi claro que a cultura e a arte fan referencia tanto a disciplinas artísticas (pintura, escultura, música, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza) así como ás outras manifestacións da vida social (gastronomía, folclore, festas, moda...)	Ás veces non ten moi claro pero comprende que a cultura e a arte fan referencia tanto a disciplinas artísticas coma a outras manifestacións da vida social.	Cóstalle comprender que a cultura e a arte fan referencia tanto a disciplinas artísticas coma a outras manifestacións da vida social.	Non comprende que a cultura e a arte fan referencia tanto a disciplinas artísticas coma a outras manifestacións da vida social.

Competencia APRENDER A APRENDER

Competencia APRENDER A APRENDER	4	3	2	1
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo ou individualmente 16.67%	Planifica moi ben os traballos empregando os recursos necesarios, así coma o seu tempo e realiza unha revisión correcta dos mesmos	Planifica bastante ben os traballos empregando algúns dos recursos necesarios, realizando unha revisión correcta dos mesmos e programando o tempo para realizalo.	Non é que de planificar correctamente os traballos , nin realiza unha revisión correcta dos mesmos.	Non organiza o traballo nin o seu tempo por falta de interese.
Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades. 16.67%	Utiliza as distintas estratexias para estudar de forma eficaz (Suliñado, resumo, esquemas...)	Interpreta a información recibida e fai un resumo dela, sendo capaz de esquematizala separando as ideas principais das secundarias	Emprega técnicas de reestructuración cognitiva con axuda.	Non emprega técnicas de reestructuración cognitiva nin con axuda
Buscar orientacións e facer uso delas 16.67%	Emprega todos os recursos que ten ao seu redor (biblioteca de aula, dicionario, biblioteca escolar, internet) de forma eficaz para obter a información necesaria	Emprega algúns dos recursos que ten ao seu redor de forma máis ou menos eficaz para obter a información necesaria.	Non emprega os recursos que ten ao seu redor de forma eficaz para obter a información necesaria.	Non é quen de obter a información que debe procurar porque non sabe empregar os diferentes soportes.
Ten motivación e confianza nas propias posibilidades 16.67%	Expresa opinións argumentadas sobre os temas traballados.	Expresa opinións suficientemente argumentadas sobre os temas traballados.	Non expresa opinións suficientemente argumentadas sobre os temas traballados.	Non é que de expresar opinións argumentadas sobre os temas traballados.
Reflexión e autoavaliación 16.67%	Ten una predisposición para aprender dos erros e extraer conclusións para poder evitalos	Fai case sempre reflexión dos erros cometidos para progresivamente poder evitalos	Fai reflexión dos erros cometidos de xeito moi puntual.	Non fai case nunca ningún tipo de reflexión sobre os seus erros.
Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplícaos en situacións novas 16.67%	Utiliza razoamentos comparativos de situacións novas e vivencias anteriores	Utiliza normalmente razoamentos comparativos de situacións novas e vivencias anteriores	Non emprega de forma habitual para as novas aprendizaxes as súas experiencias vitais anteriores	Case nunca emprega para as novas aprendizaxes as súas experiencias vitais anteriores

CMCCT

CMCCT	4	3	2	1
Utiliza procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas. 20%	Razoa e utiliza unha estratexia clara e ben definida na resolución do problema.	Razoa e utiliza unha estratexia mellorable na resolución do problema	Razoa con dificultade e non segue unha estratexia na resolución do problema.	Nin utiliza proceso de razoamento nin segue ningunha estratexia na resolución do problema.
Afonda en problemas resoltos e procura outras formas de resolución 20%	Revisa a resolución e identifica os aspectos importantes e procura outras formas de resolución.	Revisa a resolución e identifica os aspectos importantes pero non procura outras formas de resolución.	Revisa a resolución pero identifica os aspectos importantes con dificultade.	Non revisa e non afonda nos problemas resoltos.
Usa, elabora ou construe modelos matemáticos para resolución de problemas. 20%	Utiliza modelos matemáticos con soltura que permiten a reolución dos problemas.	Utiliza modelos matemáticos sinxelos acordes a resolución dos problemas.	Utiliza modelos matemáticos sinxelos con dificultade.	Non utiliza modelos matemáticos para a resolución de problemas.
Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 20%	Interpreta con facilidade a solución dun problema no contexto da realidade.	Interpreta a solución dun problema no contexto da realidade.	Interpreta con dificultade a solución dun problema.	Non interpreta a solución dun problema.
Realiza representacions gráficas de funcions e extrae información sobre elas. 20%	Realiza representación gráfica de funcions con soltura e extrae a información máis importante delas.	Realiza a representación gráfica de funcións e extrae certa información sobre elas	Realiza a representación gráfica de funcions pero non extrae información sobre elas.	Non realiza a representación gráfica de funcions.